No traballo diario estableceranse unha serie de medidas de carácter xeral, que lle permitirán aos docentes adaptar á diversidade do grupo.

Realizarase unha avaliación inicial para coñecer o punto de partida de cada neno/a; tanto na programación como nas unidades didácticas traballarase dende un nivel básico ata un avanzado, establecendo uns obxectivos mínimos que deben alcanzar todos/as e outros máis amplos en relación a diversidade de capacidades; as actividades son adaptadas e van do coñecido ao descoñecido, do fácil ao difícil, do concreto ao abstracto e do particular ao xeral; organizaranse grupos de traballo flexibles, o que permite ao alumnado realizar actividades de ampliación e reforzo e adaptar o ritmo de introdución dos novos contidos; buscarase que o alumnado realice as tarefas de forma autónoma, cobrando especial importancia o ordenador e a biblioteca de aula.

**ALUMNADO CON NEAE (Necesidades Específicas de Apoio Educativo).** \_\_\_\_\_

A lexislación vixente define o Alumnado con Necesidades Específicas de Apoio Educativo (NEAE) como requiren una atención educativa diferente a la ordinaria, por presentar necesidades educativas especiais, por retraso madurativo, por trastornos do desenvolvemento da linguaxe e da comunicación, por trastornos de atención ou de aprendizaxe, por descoñecemento grave da lingua de aprendizaxe, por estar en situación de vulnerabilidade socioeducativa, polas súas altas capacidades intelectuais, por terse incorporado tarde ao sistema educativo ou por condicións persoais ou de historia escolar. A atención a este tipo de alumnado levarase a cabo coordinando aos especialistas que imparten docencia no grupo, ás familias e ao Departamento de Orientación.

Algúns alumnos/as presentan desvantaxes ou incapacidades que lles dificultan a aprendizaxe a través dos recursos máis xerais e ordinarios dos que dispoñen os centros educativos. A complexidade radica en que cada alumno/a con NEAE ten un problema particular e concreto e que todo o profesorado, incluídos nós, teremos que adaptar o currículo e a programacións ás súas necesidades e posibilidades.

Pódense contemplar distintas situacións:

- Alumnos/as con diferentes ritmos de aprendizaxe. Hai algúns nenos/as que levan un ritmo de aprendizaxe máis lento na aula pero non lles afecta á práctica de actividade física. Tamén hai algúns/algunhas que presentan distinto ritmo de aprendizaxe na nosa área polo que lles ofreceremos o reforzo educativo necesario cando o precisen.
- Alumnos/as de incorporación tardía ao sistema educativo español.
- Alumnos/as con altas capacidades intelectuais, con necesidades continuas de ampliación e dedicación especial.
- Alumnos/as con NEE motivadas por algunha deficiencia.

**SITUACIÓN ACTUAL DO GRUPO - AULA DE 1º NIVEL DO 2º CICLO DE EDUCACIÓN PRIMARIA.** \_\_\_\_\_

No grupo ao que está dirixida esta programación atopamos alumnado que recibe apoios das mestras especialista de AL e PT

**7.1. Concreción dos elementos transversais**

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.1 - Comprensión Lectora	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.2 - Expresión Oral e Escrita	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.3 - Educación emocional e en Valores	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.4 - Igualdade entre Homes e Mulleres	X	X	X	X	X	X	X	X

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.5 - Educación Vial	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.6 - Educación Ambiental	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.7 - Educación Para a Saúde	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.8 - Aptitudes como a creatividade, a autonomía, a iniciativa, o traballo en equipo, a confianza nun mesmo e o sentido crítico	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.9 - Aprendizaxe da prevención e resolución pacífica de conflitos en todos os ámbitos da vida persoal, familiar e social, así como dos valores que sustentan a liberdade, a xustiza, a igualdade, o pluralismo político, a paz, a democracia, o respecto polos dereitos humanos e o rexeitamento da violencia terrorista, a pluralidade, o respecto polo Estado de dereito... e de calquera tipo de violencia.	X	X	X	X	X	X	X	X

	UD 9
ET.1 - Comprensión Lectora	X
ET.2 - Expresión Oral e Escrita	X
ET.3 - Educación emocional e en Valores	X
ET.4 - Igualdade entre Homes e Mulleres	X
ET.5 - Educación Vial	X
ET.6 - Educación Ambiental	X
ET.7 - Educación Para a Saúde	X
ET.8 - Aptitudes como a creatividade, a autonomía, a iniciativa, o traballo en equipo, a confianza nun mesmo e o sentido crítico	X

	UD 9
ET.9 - Aprendizaxe da prevención e resolución pacífica de conflitos en todos os ámbitos da vida persoal, familiar e social, así como dos valores que sustentan a liberdade, a xustiza, a igualdade, o pluralismo político, a paz, a democracia, o respecto polos dereitos humanos e o rexeitamento da violencia terrorista, a pluralidade, o respecto polo Estado de dereito... e de calquera tipo de violencia.	X

**Observacións:**

A Educación Primaria, pretende proporcionar ao alumnado unha educación que lle permita afianzar o seu desenvolvemento persoal e o seu propio benestar; desenvolver as habilidades sociais, a creatividade e a afectividade; lograr que adquiran os elementos básicos da cultura, e formalo para o exercicio dos seus dereitos e das súas obrigacións na vida como cidadáns.

Desta forma, tanto en Educación Infantil como en Educación Primaria, a actuación do profesor e a relación que se establece entre el e o alumno reviste unha gran relevancia; por iso, os principios nos que se fundamentan os temas transversais deben inspirar en toda a actividade docente e, do mesmo xeito deben ser traballados conxuntamente coas familias para que os nenos e nenas non vivan actuacións contraditorias entre o ámbito escolar e familiar. Para conseguir o anteriormente exposto, faise necesaria a presenza dos temas transversais no currículo.

Hai que sinalar, que os temas transversais impregnan gran parte dos contidos das áreas. Son prescritivos e non aparecen no currículo como disciplinas separadas senón impregnado todo o labor educativo na que todo o profesorado de todos os niveis e etapas educativos está involucrado.

Ditos temas poden definirse como contidos basicamente actitudinais, que exercen influencia no comportamento conductual do noso alumnado. Son valores importantes tanto para o desenvolvemento integral e persoal dos alumnos, como para o desenvolvemento dunha sociedade democrática, respectuosa co medio e tolerante.

Baseándonos na lei educativa actual e na concreción no Decreto de Currículo de Ed. Primaria traballaremos os elementos transversais presentados a continuación:

**7.2. Actividades complementarias**

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
O Magosto/Samaín	Coa escusa de celebrar a conmemoración do magosto realizaremos unha xornada de xogos populares e tradicionais e unha carreira de orientación terrorífica.	X		
Día Universal da Infancia	Faremos unha carreira solidaria, 1 entre 100.000	X		
Día da Paz	Intentaremos levar a cabo unha carreira pola Paz		X	



Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Entroido	Faremos uns bailes de diferentes estilos musicais, relacionados co Pdi do centro.		X	
Día das Letras Galegas	Todo o alumnado participa no baile dunha muñeira no patio do centro			X
Xincana natural	Saída a un parque cercano para realizar a primeira das sesións da última Unidade Didáctica "Xogos na natureza". Dita sesión incluírá unha xincana de xogos aproveitando o medio natural no que estamos, e engadíndolle material que levamos do centro. Tamén faremos unha pequena carreira de orientación.			X

### Observacións:

Entendemos como actividades complementarias aquelas actividades didácticas que se realizan co alumnado en horario lectivo e que, formando parte da programación, teñen carácter diferenciado polo momento, espazo ou recursos que se utilizan.

Dende a Educación Física temos múltiples exemplos de actividades complementarias: visitas, traballos de campo, viaxes de estudos, conmemoracións e outras semellantes.

Ao longo do curso levaranse a cabo as actividades complementarias aprobadas na PXA e quedando abertas a posibles actividades complementarias e extraescolares que xurdan ao longo do curso. Estas novas actividades serán aprobadas seguindo a normativa vixente.

## 8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
Planificación: axeitada en número e duración das actividades, nivel de dificultade, interese para o alumnado, significatividade no proceso de ensino-aprendizaxe, obxectivos ben definidos,...
Contidos: secuenciación, estruturación e organización dando unha visión xeral de cada tema (que teñen que aprender, que é importante, etc.).
Metodoloxía empregada
Metodoloxía: aberta e flexible; agrupamentos; métodos e estilos de aprendizaxe, adaptarda ás características do alumnado e as circunstancias que xordan durante a práctica educativa.
Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos
Materiais: foron atractivos, suficientes, accesibles para todo o alumnado,...
Medidas de atención á diversidade
Atención á diversidade: pártese do nivel de desenvolvemento do alumnado e respéctanse as súas características individuais.

Clima de traballo na aula
Alumnado: conseguíuse motivalo, espertar a súa curiosidade, participación activa,...
Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais
Interdisciplinabilidade: Planificación da propia área de forma coordinada co resto do profesorado (xa sexa por nivel, ciclo, equipos educativos e profesorado de apoio).
Outros
Elementos Transversais: as sesións traballan implicitamente temas transversais ( comprensión lectora; resolución de problemas; igualdade; educación ambiental, para a saúde, para a paz, cívica e moral,...)

### Descrición:

Farase unha valoración do proceso para ir realizando axustes, se fose preciso. Trimestralmente usaranse indicadores de logro, para comprobar se o noso proceso docente está a seguir as directrices programadas e se é necesario facer modificacións no mesmo para mellorar a nosa actuación e conseguir unha maior coherencia co contexto educativo concreto no que a levamos a cabo, atendendo ás necesidades e intereses do alumnado.

Para a valoración dos indicadores de logro empregaremos instrumentos de avaliación como as escalas de observación.

## 8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

As programacións didácticas deben incluír mecanismos de revisión, avaliación e modificación en relación cos resultados académicos e procesos de mellora. O/A mestre/a de Educación Física, polo tanto, aó remate do curso e unha vez revisados os resultados académicos, a avaliación docente, e a avaliación do proceso de ensino/aprendizaxe, tomará as posibles medidas conducentes á mellora deses resultados realizando unha análise en profundidade da programación didáctica.

Estas propostas de mellora tamén serán recollidas na memoria final, así como os contidos que foi preciso engadir, eliminar ou modificar con respecto á programación prevista. A programación é un documento co que guiarse día a día na realidade da aula polo que continuamente hay que reflexionar sobre a súa adecuación a cada grupo-clase ou a cada alumno ou alumna e se é necesario modificala en función dos feed-back recibidos e dos resultados obtidos. Será revisada trimestralmente xunto ca avaliación do alumno, avaliación do docente e avaliación do ensino/aprendizaxe.

Aspectos susceptibles de analizar como parte da revisión, avaliación e modificación da programación didáctica.

Adecuación do deseño das unidades didácticas a partir dos elementos do currículo.

Adecuación da secuenciación e temporalización das unidades didácticas.

O desenvolvemento da programación respondeu a secuenciación e temporalización previstas.

Aplicación metodoloxía didáctica acordada.

Adecuación da secuencia de traballo na aula.

Adecuación dos materiais didácticos utilizados.

Adecuación do plan de avaliación inicial deseñado.

Adecuación das pautas xerais establecidas para a avaliación continua.

Adecuación dos programas de apoio, recuperación...

Adecuación das medidas específicas de atención ao alumnado con NEAE.

Grao de desenvolvemento das actividades extraescolares e complementarias previstas.

Adecuación dos mecanismos para informar as familias sobre criterios de avaliación.

Adecuación do seguimento e da revisión da programación ao longo do curso.

Contribución desde a materia ao plan de lectura do centro.

Grao de integración das TICs no desenvolvemento da materia.

## 9. Outros apartados

# PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

## Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
15023508	CEIP Plurilingüe Virxe do Mar	Narón	2024/2025

## Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación primaria	Educación plástica e visual	3º Pri.	1	35

## Réxime

Réxime xeral-ordinario

<b>Contido</b>	<b>Páxina</b>
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	3
3.1. Relación de unidades didácticas	4
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	4
4.1. Concrecións metodolóxicas	13
4.2. Materiais e recursos didácticos	14
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	15
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	15
6. Medidas de atención á diversidade	16
7.1. Concreción dos elementos transversais	16
7.2. Actividades complementarias	17
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	17
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	18
9. Outros apartados	18

## 1. Introducción

Esta programación serve como documento de referencia para o desenvolvemento do traballo docente na materia de Educación Plástica e Visual para os cursos de 3º de Educación Primaria do Centro de Educación Infantil e Primaria (en adiante CEIP) Plurilingüe Virxe do Mar. Sendo este un centro plurilingüe, a materia ten como lingua vehicular o inglés. O CEIP Plurilingüe Virxe do Mar está localizado na zona urbana de Narón (provincia de A Coruña). Os lazos e arraigo do colexio respecto ao barrio, á cidade e á bisbarra constitúen un obxectivo preferente coa fin de conseguir a inserción do alumnado no contorno social no que vive. O contexto socioeconómico e cultural do barrio onde se localiza é moi diverso, dándose a circunstancia de que moitas familias proceden doutras autonomías e tamén do estranxeiro que nalgúns casos precisa tamén de apoio educativo específico, ben sexa para a adquisición do idioma ou para acadar un nivel académico semellante ao dos rapaces e rapazas escolarizados no centro. Por todo isto, existe unha grande diversidade lingüística e, sobre todo, cultural. Ademais, a sobrecarga de matrícula doutros centros escolares do Concello, fai que o noso centro acolla a nenos e nenas que non residen no entorno máis próximo. O centro conta con 3 unidades de Educación Infantil e 9 de Educación Primaria. Este curso temos 3ªA, con 14 alumnos/as e 3ªB, con 14 alumnos e alumnas.

## 2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Descubrir propostas artísticas plásticas e visuais de diferentes xéneros, estilos, épocas e culturas, a través da recepción activa, para desenvolver a curiosidade, a sensibilidade, o pensamento crítico e o respecto pola diversidade.		3	1	1	3	1	2	1-2
OBX2 - Investigar acerca de diferentes manifestacións culturais e artísticas plásticas e visuais e os seus contextos, empregando diversas canles, medios e técnicas, para gozar delas, entender o seu valor, así como desenvolver o pensamento e unha sensibilidade artística propia.	3	3	2	1		3		1-2
OBX3 - Expresar e comunicar de maneira creativa ideas, sentimentos e emocións, experimentando coas posibilidades do son, da imaxe e dos medios dixitais, para producir obras propias.	1	1		2	5	2	1	3-4
OBX4 - Participar do deseño, elaboración e difusión de producións culturais e artísticas plásticas e visuais, tanto individuais coma colaborativas, poñendo en valor o proceso e asumindo diferentes roles na consecución dun resultado final, para desenvolver a creatividade, a noción de autoría e o sentido de pertenza.	1	3	3			2	1-3	3-4

### Descrición:

### 3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	As cores	Esta UD inicia as bases para este curso, a dinámica, a rutina de traballo, a responsabilidade e coidado do material. Traballarase a recepción activa e a vivencia na ampliación dos elementos básicos da expresión plástica e audiovisual. As conmemoracións do Magosto, Samaín, 25 de novembro e Nadal cobrarán especial relevancia.	33	14	X		
2	A liña	Esta UD2 prosegue o traballo da UD1, reforzando e ampliando paulatinamente os elementos plásticos e audiovisuais relacionados coas liñas. O Día da Paz, o Entroido e o Día Internacional da Muller traballaranse de xeito máis destacado.	33	11		X	
3	Combinando técnicas	A UD3 desenvolve os elementos dos contidos das UD1 e UD2, mais o seu propósito será, fundamentalmente, afianzar os xa traballados e aplicarlos nos deseños e composicións. As Letras Galegas serán de especial relevancia.	34	10			X

### 3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	As cores	14

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Recoñecer propostas artísticas plásticas e visuais de diferentes xéneros, estilos, épocas e culturas, a través da recepción activa e mostrando curiosidade por elas.	Identifica a posición dos elementos plásticos tendo en conta as técnicas espaciais.	TI	100
CA1.4 - Identificar os elementos característicos básicos das distintas manifestacións culturais e artísticas plásticas e visuais que forman parte do patrimonio de diversas contornas, indicando as canles, medios e técnicas utilizados, analizando as súas diferenzas e similitudes e reflexionando sobre as sensacións producidas.	Identifica cores primarias e secundarias.		
CA1.5 - Manifestar respecto na recepción de propostas artísticas plásticas e visuais, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva.	Respecta as producións propias e alleas.		

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA2.1 - Producir obras propias básicas utilizando as posibilidades expresivas do corpo, a imaxe e os medios dixitais básicos e mostrando confianza nas capacidades propias.	Colorea unha mandala distribuindo as cores cálidas e frías.		
CA2.2 - Expresar con creatividade ideas, sentimentos e emocións a través de manifestacións artísticas plásticas e visuais básicas, experimentando coas diferentes linguaxes e instrumentos ao seu alcance.	Elabora un cartel cunha mensaxe para o 25 N		
CA2.4 - Participar no proceso cooperativo de producións culturais e artísticas, de forma creativa, utilizando elementos básicos da linguaxe plástica e visual e diferentes técnicas artísticas.	Participa na elaboración dun mural colaborativo.		
CA2.6 - Manifestar respecto na realización de actividades, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva e empática cara á expresión de ideas, sentimentos e emocións dos demais.	Coida e emprega axeitadamente os recursos de traballo.		
CA3.1 - Recoñecer propostas artísticas audiovisuais de diferentes xéneros, estilos, épocas e culturas, a través da recepción activa e mostrando curiosidade por elas.	Recoñece tres tipos de técnicas artísticas.		
CA3.2 - Describir características elementais de manifestacións culturais e artísticas audiovisuais, explorando as súas características con interese, establecendo relacións básicas entre elas, así como as principais profesións vinculadas á creación e interpretación audiovisual, e empregando o vocabulario específico básico destas.	Coiñece o nome das cores e dos materiais en inglés.		
CA3.5 - Manifestar respecto na recepción de propostas artísticas audiovisuais, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva.	Non interrompe cando a mestra expón unha explicación ou proxecta unha peza audiovisual.		
CA4.1 - Producir obras propias básicas utilizando as posibilidades expresivas do corpo, a imaxe, o son e os medios dixitais básicos e mostrando confianza nas capacidades propias.	Crea unha cabaza a partir de diferentes materiais.		
CA4.2 - Expresar con creatividade ideas, sentimentos e emocións a través de manifestacións artísticas audiovisuais básicas, experimentando coas diferentes linguaxes e instrumentos ao seu alcance.	Elabora unha postal de Nadal.		
CA4.3 - Participar de maneira guiada no deseño de producións culturais e artísticas audiovisuais, traballando de forma cooperativa na consecución dun resultado final, planificado e asumindo diferentes roles desde a igualdade e o respecto á diversidade.	Elabora un collage de outono.		
CA4.5 - Compartir as experiencias creativas audiovisuais, empregando estratexias comunicativas básicas e explicando o proceso e o resultado final obtido.	É quen de explicar o que quere transmitir coas súas creacións.		



<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA4.6 - Manifestar respecto na creación e interpretación de propostas artísticas audiovisuais, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva e empática cara á expresión de ideas, sentimentos e emocións dos demais.	Coñece e valora o resultado da utilización correcta dos instrumentos de debuxo e valora a precisión dos resultados.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Estratexias de recepción activa.</li> <li>- Cultura visual. A imaxe no mundo actual: técnicas e estratexias básicas de lectura e interpretación.</li> <li>- Elementos configurativos básicos da linguaxe visual e as súas posibilidades expresivas: punto; liña grosa, fina, continua e descontinua; plano; textura; cor.</li> <li>- Materiais, instrumentos, soportes e técnicas de uso común utilizados na expresión plástica e visual.</li> <li>- Vocabulario específico de uso común nas artes plásticas e visuais.</li> <li>- Propostas artísticas de diferentes correntes estéticas, procedencias e épocas producidas por creadoras e creadores locais, rexionais e nacionais.</li> <li>- Estratexias básicas de análises de propostas artísticas desde unha perspectiva de xénero.</li> <li>- Normas básicas de comportamento e actitude positiva na recepción de propostas plásticas e visuais en diferentes espazos culturais e artísticos. O silencio como elemento e condición indispensable para manter a atención durante a recepción.</li> <li>- Representación de ideas, accións e situacións valéndose dos elementos que configuran a linguaxe visual.</li> <li>- Experimentación e expresión a través de diversos medios, soportes e materiais de expresión plástica, incluídos os formatos artísticos contemporáneos. Exploración de diferentes técnicas bidimensionais e tridimensionais básicas en debuxos, modelados sinxelo</li> <li>- Fases do proceso creativo: planificación, interpretación e experimentación.</li> <li>- Normas elementais de comportamento e actitude positiva na creación e interpretación de propostas culturais e artísticas plásticas e visuais.</li> <li>- Estratexias de recepción activa.</li> <li>- Propostas audiovisuais básicas. O cinema como forma de narración. Imaxes fixas e en movemento en contextos culturais: análise e interpretación para a elaboración posterior de imaxes novas a partir do observado.</li> <li>- Normas básicas de comportamento e actitude positiva na recepción de propostas cinematográficas e audiovisuais en diferentes espazos culturais e artísticos. O silencio como elemento e condición indispensable para manter a atención durante a recepción.</li> <li>- Mensaxes audiovisuais elementais: experimentación e difusión.</li> <li>- Fases do proceso creativo: planificación, interpretación e experimentación.</li> <li>- Valoración e interese, tanto do proceso coma do produto final, en producións audiovisuais.</li> <li>- Normas elementais de comportamento e actitude positiva na creación e interpretación de propostas culturais e artísticas audiovisuais.</li> </ul>

UD	Título da UD	Duración
2	A liña	11

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Recoñecer propostas artísticas plásticas e visuais de diferentes xéneros, estilos, épocas e culturas, a través da recepción activa e mostrando curiosidade por elas.	Aproxímase á lectura dunha imaxe identificando os elementos fundamentais.	TI	100
CA1.2 - Describir características elementais de manifestacións culturais e artísticas plásticas e visuais, explorándoas con interese, establecendo relacións básicas entre elas, así como as principais profesións vinculadas á creación e interpretación plástica e visual, empregando o vocabulario específico básico destas.	Identifica os conceptos de horizontalidade e verticalidade e emprégaos nas súas composicións.		
CA1.3 - Seleccionar e aplicar estratexias básicas para a procura guiada de información sobre manifestacións culturais e artísticas plásticas e visuais, a través de canles e medios de acceso sinxelos, de forma individual e colaborativa.	Emprega as TIC para buscar información.		
CA1.4 - Identificar os elementos característicos básicos das distintas manifestacións culturais e artísticas plásticas e visuais que forman parte do patrimonio de diversas contornas, indicando as canles, medios e técnicas utilizados, analizando as súas diferenzas e similitudes e reflexionando sobre as sensacións producidas.	Recoñece diferentes tipos de liñas.		
CA1.5 - Manifestar respecto na recepción de propostas artísticas plásticas e visuais, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva.	Respecta o traballo dos demais.		
CA2.1 - Producir obras propias básicas utilizando as posibilidades expresivas do corpo, a imaxe e os medios dixitais básicos e mostrando confianza nas capacidades propias.	Traza, empregando a regra, esuadro e cartabón, rectas paralelas e perpendiculares.		
CA2.2 - Expresar con creatividade ideas, sentimentos e emocións a través de manifestacións artísticas plásticas e visuais básicas, experimentando coas diferentes linguaxes e instrumentos ao seu alcance.	Elabora unha peza artística empregando diferentes tipos de liñas e puntos.		
CA2.3 - Participar de maneira guiada no deseño de producións culturais e artísticas plásticas e visuais, traballando de forma cooperativa na consecución dun resultado final planificado e asumindo diferentes roles, desde a igualdade e o respecto á diversidade.	Participa na elaboración dun mural para a conmemoración do 8 de marzo.		
CA2.4 - Participar no proceso cooperativo de producións culturais e artísticas, de forma creativa, utilizando elementos básicos da linguaxe plástica e visual e diferentes técnicas artísticas.	Participa na decoración da aula para o día da Non Violencia e a Paz con materiais de refugallo.		

<b>Craterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA2.5 - Compartir as experiencias creativas plásticas e visuais, empregando estratexias comunicativas básicas e explicando o proceso e o resultado final obtido.	É quen de explicar o proceso de elaboración dunha das actividades.		
CA2.6 - Manifestar respecto na realización de actividades, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva e empática cara á expresión de ideas, sentimentos e emocións dos demais.	Respecta as aportacións das e dos compañeiros.		
CA3.1 - Recoñecer propostas artísticas audiovisuais de diferentes xéneros, estilos, épocas e culturas, a través da recepción activa e mostrando curiosidade por elas.	Recoñece dous tipos diferentes de xéneros audiovisuais.		
CA3.2 - Describir características elementais de manifestacións culturais e artísticas audiovisuais, explorando as súas características con interese, establecendo relacións básicas entre elas, así como as principais profesións vinculadas á creación e interpretación audiovisual, e empregando o vocabulario específico básico destas.	Coñece o nome das cores, materiais e liñas en inglés.		
CA3.3 - Seleccionar e aplicar estratexias básicas para a procura guiada de información sobre manifestacións culturais e artísticas audiovisuais, a través de canles e medios de acceso sinxelos, de forma individual e colaborativa.	Emprega o aprendido nas súas composicións, planificando o seu traballo.		
CA3.4 - Identificar os elementos característicos básicos das distintas manifestacións culturais e artísticas audiovisuais que forman parte do patrimonio de diversas contornas, indicando as canles, medios e técnicas utilizados, analizando as súas diferenzas e similitudes e reflexionando sobre as sensacións producidas.	Identifica diferentes sensacións que poden transmitir as liñas e puntos.		
CA3.5 - Manifestar respecto na recepción de propostas artísticas audiovisuais, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva.	Non interrompe cando a mestra expón unha explicación ou proxecta unha peza audiovisual.		
CA4.1 - Producir obras propias básicas utilizando as posibilidades expresivas do corpo, a imaxe, o son e os medios dixitais básicos e mostrando confianza nas capacidades propias.	Crea unha peza tridimensional empregando diferentes materiais e liñas.		
CA4.2 - Expresar con creatividade ideas, sentimentos e emocións a través de manifestacións artísticas audiovisuais básicas, experimentando coas diferentes linguaxes e instrumentos ao seu alcance.	Elabora un cartel relacionado coa figura de Rosalía de Castro		
CA4.3 - Participar de maneira guiada no deseño de producións culturais e artísticas audiovisuais, traballando de forma cooperativa na consecución dun resultado final, planificado e asumindo diferentes roles desde a igualdade e o respecto á diversidade.	Segue as instrucións das tarefas e respecta aos compañeiros do grupo.		

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA4.4 - Participar no proceso cooperativo de producións culturais e artísticas audiovisuais, de forma creativa, utilizando elementos básicos da linguaxe audiovisual e diferentes técnicas artísticas.	Procura imaxes dixitais na Internet, seleccionando, copiando e pegando ditas imaxes noutro documento.		
CA4.5 - Compartir as experiencias creativas audiovisuais, empregando estratexias comunicativas básicas e explicando o proceso e o resultado final obtido.	Presenta o traballo realizado oralmente.		
CA4.6 - Manifestar respecto na creación e interpretación de propostas artísticas audiovisuais, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva e empática cara á expresión de ideas, sentimentos e emocións dos demais.	Respecta o material audiovisual.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Estratexias de recepción activa.</li> <li>- Cultura visual. A imaxe no mundo actual: técnicas e estratexias básicas de lectura e interpretación.</li> <li>- Principais profesións vinculadas cos ámbitos artísticos plástico e visual.</li> <li>- Elementos configurativos básicos da linguaxe visual e as súas posibilidades expresivas: punto; liña grosa, fina, continua e descontinua; plano; textura; cor.</li> <li>- Iniciación no ensino técnico do debuxo. Posibilidades expresivas.</li> <li>- Materiais, instrumentos, soportes e técnicas de uso común utilizados na expresión plástica e visual.</li> <li>- Vocabulario específico de uso común nas artes plásticas e visuais.</li> <li>- Recursos dixitais de uso común para as artes plásticas e visuais.</li> <li>- Propostas artísticas de diferentes correntes estéticas, procedencias e épocas producidas por creadoras e creadores locais, rexionais e nacionais.</li> <li>- Estratexias básicas de análises de propostas artísticas desde unha perspectiva de xénero.</li> <li>- Normas básicas de comportamento e actitude positiva na recepción de propostas plásticas e visuais en diferentes espazos culturais e artísticos. O silencio como elemento e condición indispensable para manter a atención durante a recepción.</li> <li>- Representación de ideas, accións e situacións valéndose dos elementos que configuran a linguaxe visual.</li> <li>- Experimentación e expresión a través de diversos medios, soportes e materiais de expresión plástica, incluídos os formatos artísticos contemporáneos. Exploración de diferentes técnicas bidimensionais e tridimensionais básicas en debuxos, modelados sinxelo</li> <li>- Fases do proceso creativo: planificación, interpretación e experimentación.</li> <li>- Técnicas, materiais e recursos informáticos e tecnolóxicos básicos: utilización para a captura e a manipulación de producións plásticas e visuais.</li> <li>- Normas elementais de comportamento e actitude positiva na creación e interpretación de propostas culturais e artísticas plásticas e visuais.</li> <li>- Estratexias de recepción activa.</li> </ul>

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Propostas audiovisuais básicas. O cinema como forma de narración. Imaxes fixas e en movemento en contextos culturais: análise e interpretación para a elaboración posterior de imaxes novas a partir do observado.</li> <li>- Principais profesións vinculadas ao ámbito cinematográfico e audiovisual.</li> <li>- Estratexias e técnicas de uso común de composición de historias audiovisuais.</li> <li>- Normas básicas de comportamento e actitude positiva na recepción de propostas cinematográficas e audiovisuais en diferentes espazos culturais e artísticos. O silencio como elemento e condición indispensable para manter a atención durante a recepción.</li> <li>- Mensaxes audiovisuais elementais: experimentación e difusión.</li> <li>- Fases do proceso creativo: planificación, interpretación e experimentación.</li> <li>- Valoración e interese, tanto do proceso coma do produto final, en producións audiovisuais.</li> <li>- Normas elementais de comportamento e actitude positiva na creación e interpretación de propostas culturais e artísticas audiovisuais.</li> </ul>

<b>UD</b>	<b>Título da UD</b>	<b>Duración</b>
3	Combinando técnicas	10

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA1.1 - Recoñecer propostas artísticas plásticas e visuais de diferentes xéneros, estilos, épocas e culturas, a través da recepción activa e mostrando curiosidade por elas.	Recoñece a simboloxía das cores frías e cálidas aplicando ditos coñecementos nas súas composicións.	TI	100
CA1.2 - Describir características elementais de manifestacións culturais e artísticas plásticas e visuais, explorándoas con interese, establecendo relacións básicas entre elas, así como as principais profesións vinculadas á creación e interpretación plástica e visual, empregando o vocabulario específico básico destas.	Domina o vocabulario relacionado coas TIC.		
CA1.3 - Seleccionar e aplicar estratexias básicas para a procura guiada de información sobre manifestacións culturais e artísticas plásticas e visuais, a través de canles e medios de acceso sinxelos, de forma individual e colaborativa.	Emprega as TIC para buscar información		
CA1.4 - Identificar os elementos característicos básicos das distintas manifestacións culturais e artísticas plásticas e visuais que forman parte do patrimonio de diversas contornas, indicando as canles, medios e técnicas utilizados, analizando as súas diferenzas e similitudes e reflexionando sobre as sensacións producidas.	Identifica, e compara as texturas naturais, artificiais, visuais e táctiles.		
CA1.5 - Manifestar respecto na recepción de propostas artísticas plásticas e visuais, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva.	Respecta as producións propias e alleas.		

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA2.1 - Producir obras propias básicas utilizando as posibilidades expresivas do corpo, a imaxe e os medios dixitais básicos e mostrando confianza nas capacidades propias.	Crea unha maceta con materiais de refugallo.		
CA2.2 - Expresar con creatividade ideas, sentimentos e emocións a través de manifestacións artísticas plásticas e visuais básicas, experimentando coas diferentes linguaxes e instrumentos ao seu alcance.	Elabora unha peza artística empregando diferentes texturas.		
CA2.3 - Participar de maneira guiada no deseño de producións culturais e artísticas plásticas e visuais, traballando de forma cooperativa na consecución dun resultado final planificado e asumindo diferentes roles, desde a igualdade e o respecto á diversidade.	Participa na elaboración da decoración da aula con materiais de refugallo.		
CA2.4 - Participar no proceso cooperativo de producións culturais e artísticas, de forma creativa, utilizando elementos básicos da linguaxe plástica e visual e diferentes técnicas artísticas.	Participa na elaboración da campaña do Día das Letras Galegas.		
CA2.5 - Compartir as experiencias creativas plásticas e visuais, empregando estratexias comunicativas básicas e explicando o proceso e o resultado final obtido.	É quen de explicar o proceso para elaborar as súas creacións ou o que quere expresar con elas.		
CA2.6 - Manifestar respecto na realización de actividades, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva e empática cara á expresión de ideas, sentimentos e emocións dos demais.	Respecta as aportacións do resto de compañeiros e compañeiras.		
CA3.1 - Recoñecer propostas artísticas audiovisuais de diferentes xéneros, estilos, épocas e culturas, a través da recepción activa e mostrando curiosidade por elas.	Recoñece e interpreta a información que ofrecen as imaxes con diferentes técnicas artísticas e comunica as sensacións, elaborando informacións básicas.		
CA3.2 - Describir características elementais de manifestacións culturais e artísticas audiovisuais, explorando as súas características con interese, establecendo relacións básicas entre elas, así como as principais profesións vinculadas á creación e interpretación audiovisual, e empregando o vocabulario específico básico destas.	Coñece o nome das cores e dos materiais en inglés.		
CA3.3 - Seleccionar e aplicar estratexias básicas para a procura guiada de información sobre manifestacións culturais e artísticas audiovisuais, a través de canles e medios de acceso sinxelos, de forma individual e colaborativa.	Emprega o aprendido nas súas creacións.		
CA3.4 - Identificar os elementos característicos básicos das distintas manifestacións culturais e artísticas audiovisuais que forman parte do patrimonio de diversas contornas, indicando as canles, medios e técnicas utilizados, analizando as súas diferenzas e similitudes e reflexionando sobre as sensacións producidas.	Identifica dous tipos de medios publicitarios.		
CA3.5 - Manifestar respecto na recepción de propostas artísticas audiovisuais, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva.	Non interrompe ás intervencións da mestra nin dos compañeiros e compañeiras.		

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA4.1 - Producir obras propias básicas utilizando as posibilidades expresivas do corpo, a imaxe, o son e os medios dixitais básicos e mostrando confianza nas capacidades propias.	Emprega as TIC para elaborar un cartel de concienciación ambiental.		
CA4.2 - Expresar con creatividade ideas, sentimentos e emocións a través de manifestacións artísticas audiovisuais básicas, experimentando coas diferentes linguaxes e instrumentos ao seu alcance.	Crea un cartel de concienciación medioambiental.		
CA4.3 - Participar de maneira guiada no deseño de producións culturais e artísticas audiovisuais, traballando de forma cooperativa na consecución dun resultado final, planificado e asumindo diferentes roles desde a igualdade e o respecto á diversidade.	Participa activamente na realización dunha campaña de concienciación sobre o coidado do medio ambiente.		
CA4.4 - Participar no proceso cooperativo de producións culturais e artísticas audiovisuais, de forma creativa, utilizando elementos básicos da linguaxe audiovisual e diferentes técnicas artísticas.	Participa activamente en actividades e xogos co ordenador.		
CA4.5 - Compartir as experiencias creativas audiovisuais, empregando estratexias comunicativas básicas e explicando o proceso e o resultado final obtido.	Presenta o traballo realizado.		
CA4.6 - Manifestar respecto na creación e interpretación de propostas artísticas audiovisuais, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva e empática cara á expresión de ideas, sentimentos e emocións dos demais.	Trata o material con coidado e respecto.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Estratexias de recepción activa.</li> <li>- Cultura visual. A imaxe no mundo actual: técnicas e estratexias básicas de lectura e interpretación.</li> <li>- Materiais, instrumentos, soportes e técnicas de uso común utilizados na expresión plástica e visual.</li> <li>- Vocabulario específico de uso común nas artes plásticas e visuais.</li> <li>- Recursos dixitais de uso común para as artes plásticas e visuais.</li> <li>- Propostas artísticas de diferentes correntes estéticas, procedencias e épocas producidas por creadoras e creadores locais, rexionais e nacionais.</li> <li>- Estratexias básicas de análises de propostas artísticas desde unha perspectiva de xénero.</li> <li>- Normas básicas de comportamento e actitude positiva na recepción de propostas plásticas e visuais en diferentes espazos culturais e artísticos. O silencio como elemento e condición indispensable para manter a atención durante a recepción.</li> <li>- Representación de ideas, accións e situacións valéndose dos elementos que configuran a linguaxe visual.</li> <li>- Experimentación e expresión a través de diversos medios, soportes e materiais de expresión plástica, incluídos os formatos artísticos contemporáneos. Exploración de diferentes técnicas bidimensionais e tridimensionais básicas en debuxos, modelados sinxelo</li> </ul>



## Contidos

- Fases do proceso creativo: planificación, interpretación e experimentación.
- Valoración, avaliación e interese, tanto do proceso coma do produto final, en producións plásticas e visuais.
- Técnicas, materiais e recursos informáticos e tecnolóxicos básicos: utilización para a captura e a manipulación de producións plásticas e visuais.
- Normas elementais de comportamento e actitude positiva na creación e interpretación de propostas culturais e artísticas plásticas e visuais.
- Estratexias de recepción activa.
- Propostas audiovisuais básicas. O cinema como forma de narración. Imaxes fixas e en movemento en contextos culturais: análise e interpretación para a elaboración posterior de imaxes novas a partir do observado.
- Principais profesións vinculadas ao ámbito cinematográfico e audiovisual.
- Vocabulario específico de uso común nas artes audiovisuais.
- Estratexias básicas de análises de propostas artísticas desde a perspectiva de xénero.
- Estratexias e técnicas de uso común de composición de historias audiovisuais.
- Normas básicas de comportamento e actitude positiva na recepción de propostas cinematográficas e audiovisuais en diferentes espazos culturais e artísticos. O silencio como elemento e condición indispensable para manter a atención durante a recepción.
- Historias audiovisuais sinxelas: composición, de maneira individual e grupal, con intención comunicativa e expresiva, para ser recreadas e narradas.
- Mensaxes audiovisuais elementais: experimentación e difusión.
- Fases do proceso creativo: planificación, interpretación e experimentación.
- Valoración e interese, tanto do proceso coma do produto final, en producións audiovisuais.
- Normas elementais de comportamento e actitude positiva na creación e interpretación de propostas culturais e artísticas audiovisuais.

### 4.1. Concrecións metodolóxicas

A metodoloxía é o conxunto de estratexias, procedementos e accións organizadas de maneira reflexiva e concienciada e planeadas polo mestre ou mestra, que permiten ao alumnado aprender e acadar os obxectivos establecidos. A presente PD remítese en primeira instancia ás liñas de actuación reflectidas no currículo, as cales se levarán ao longo das diferentes sesións da materia. A metodoloxía utilizada en Educación Artística, como non pode ser doutro modo, debe ser asumida desde a perspectiva de saber facer, é dicir, os procesos de aprendizaxe deben realizarse a partir da propia experiencia, actuar con autonomía, poñer en marcha iniciativas, barallar posibilidades e solucións diversas; sendo o protagonista activo no proceso de sensibilización, apreciación e creación artística. É dicir, o alumnado terá que adoptar un rol activo. No tocante as tarefas, estas estarán relacionadas cos intereses e a contorna do alumnado. Ademais, vencellarase, sempre que sexa posible, con aquilo que se esté dando en outras materias para promover así unha aprendizaxe significativa.

Sobre todo, tendo en conta que se inicia unha nova etapa para o alumnado. As características fundamentais da metodoloxía son:

- Funcionalidade: as aprendizaxes están dirixidas a unha aplicación práctica do aprendido.
- Ambiente cooperativo: traballo cooperativo en grande grupo, pequeno grupo e por parellas, traballando man con man.
- Uso de tecnoloxías de comunicación e información como recurso de aprendizaxe (CDs, vídeos, webs...) xa que ofrecen máis variedade e posibilidades de acceder a contidos reais.
- Potenciación das aprendizaxes significativas partindo sempre da realidade e do que se coñece para facilitar a súa



comprensión.

- Ambiente de traballo cómodo para evitar a inhibición.
- Atención á diversidade do alumnado á hora de seleccionar contidos e respectar o ritmo de aprendizaxe.
- Metodoloxía baseada no descubrimento guiado e na participación e implicación activa do alumnado.
- Os erros serán considerados como parte do proceso de aprendizaxe e fonte de coñecemento.
- Continuación de traballo con rutinas e repeticións de actividades básicas para que o alumnado se sinta máis seguro.

Doutra banda, esta materia está baseada tamén nas teorías comunicativas de aprendizaxe de idiomas, entre eles o AICLE ou CLIL. Mentres se adquiren os coñecementos específicos da materia, emprégase a lingua inglesa como idioma vehicular, o cal permite o desenvolvemento da competencia comunicativa do alumnado. Esta está composta a súa vez de cinco subcompetencias: a competencia gramatical (a capacidade de usar as regras da lingua), a competencia sociolingüística (a capacidade de adaptar a linguaxe a unha situación determinada), a competencia estratéxica (a capacidade de corrixir, definir ou facer axustes no discurso), a competencia discursiva (a capacidade de usar diferentes tipos de discurso), e a competencia sociocultural (a familiaridade co contexto social da lingua).

O rol do mestre/a é en esencia o de facilitar as tarefas de comunicación proporcionando oportunidades para que o alumnado use e practique a lingua inglesa, e promover a autoavaliación. Ademais, o mestre/a procurará crear un clima de aula relaxado e axeitado para favorecer a aprendizaxe, rebaixando así o filtro afectivo e promovendo a motivación intrínseca, fortalecendo a autoestima e reducindo a ansiedade.

As diferentes UD permitirán, no seu conxunto, o traballo da totalidade dos contidos do currículo, así como dos elementos transversais, dos obxectivos da etapa e están pensadas para a consecución do logro de cada un dos criterios de avaliación (CA) establecidos, ou, alomenos, os mínimos de consecución correspondentes, así como para a progresiva adquisición das competencias clave correspondentes de cara ao perfil de saída do alumnado ao remate da educación primaria.

## 4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Pantalla dixital
Ordenador e altosfalantes.
Pinceis e témperas
Ceras e rotuladores
Tesoiras, pegamento e regras
Imaxes e fichas proporcionadas pola mestra
Folios e cartolinas
Regra, escuadra e cartabón.

A aula usada para a impartición de Educación Plástica e Visual neste centro é a aula base. É unha aula con ventanais que permiten a entrada de luz natural e tamén é unha aula ampla que facilita a posibilidade de diferentes agrupamentos para realizar distintas actividades.

Conta cun ordenador conectada á pantalla dixital que favorece o traballo coas novas tecnoloxías.

Agás o material individual de cada alumno e alumna (lapis, rotuladores, tesoiras...) e aqueles materiais reciclados que se pida que traian de casa, o centro proporcionará o resto de materiais.

Ha unha pequena zona situada na planta baixa que serve de almacén de material para todo o edificio e do que se fai inventario de xeito regular.

O alumnado deberá ter, traer e facerse responsable do seu material e a limpeza deste.

## 5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Revisados os informes individualizados do noso alumnado; de especial interese é a información deste ampliada por parte das persoas titoras do curso anterior ao ser posible unha reunión presencial con estas dado que continúan no equipo docente do centro.

Nas primeiras sesións obterase mediante as producións dos alumnos datos e informacións concretas que servirán para establecer os criterios do nivel de partida de cada alumno/a. Esta consistirá na avaliación do coñecemento básico das cores e as súas mesturas, así como o nivel de coñecemento da lingua vehicular.

CA1.4 - Escribir palabras e frases moi breves e sinxelas, con adecuación á situación comunicativa proposta, a partir de modelos e a través de ferramentas analóxicas e dixitais, usando estruturas e léxico elementais, sobre asuntos cotiáns e de relevancia persoal para o alumnado.	Escribir palabras e frases moi breves e sinxelas, a partir de modelos, sobre asuntos cotiáns e de relevancia persoal para o alumnado.		

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA1.5 - Seleccionar e aplicar de forma guiada estratexias para producir mensaxes breves, útiles e sinxelas, adecuadas ás intencións comunicativas, usando, con axuda, recursos e apoios físicos ou dixitais en función das necesidades de cada momento.	Aplicar de forma guiada estratexias para producir mensaxes breves, útiles e sinxelas, adecuadas ás intencións comunicativas.		
CA1.6 - Participar en situacións interactivas e sinxelas de intercambios breves de información sobre temas cotiáns, de relevancia persoal e próximos á súa experiencia, preparadas previamente, apoiándose en recursos tales coma a repetición, o ritmo pausado ou a linguaxe non verbal, e mostrando empatía e respecto pola cortesía lingüística.	Participar en situacións interactivas e sinxelas de intercambios breves de información sobre temas cotiáns, de relevancia persoal e próximos á súa experiencia, preparadas previamente.		
CA1.7 - Seleccionar e utilizar, de forma guiada e en situacións cotiáns, estratexias elementais para saudar, despedirse e presentarse; expresar mensaxes breves; e formular e contestar preguntas sinxelas.	Utilizar estratexias elementais para saudar, despedirse e presentarse; expresar mensaxes breves; e formular e contestar preguntas sinxelas.		
CA1.8 - Interpretar e explicar información básica de forma guiada, axudando en dificultades de comprensión, con empatía e interese polas interlocutoras e interlocutores, apoiándose en diversos recursos e soportes.	Interpretar información básica, de forma guiada, con interese polas interlocutoras e interlocutores.		
CA2.1 - Comparar e contrastar as similitudes e diferenzas entre distintas linguas reflexionando, de forma guiada, sobre aspectos básicos do seu funcionamento.	Comparar as similitudes e diferenzas entre distintas linguas de forma guiada.		
CA2.2 - Utilizar e diferenciar os coñecementos e estratexias de mellora da súa propia capacidade de comunicar e de aprender a lingua estranxeira, de forma guiada e con apoio doutros participantes e de soportes analóxicos e dixitais.	Utilizar os coñecementos e estratexias de mellora da súa propia capacidade de comunicar e de aprender a lingua estranxeira, de forma guiada .		
CA2.3 - Rexistrar e aplicar, de xeito guiado, os progresos e dificultades elementais no proceso de aprendizaxe da lingua estranxeira, participando en actividades de autoavaliación e coavaliación, como as propostas no portfolio europeo das linguas (PEL).	Rexistrar, de xeito guiado, os progresos e dificultades elementais no proceso de aprendizaxe da lingua estranxeira, participando en actividades de autoavaliación .		
CA3.1 - Actuar con respecto en situacións interculturais, identificando e comparando semellanzas e diferenzas elementais entre linguas e culturas, e amosando rexeitamento fronte a discriminacións, prexuízos e estereotipos de calquera tipo en contextos comunicativos cotiáns e habituais.	Actuar con respecto en situacións interculturais, amosando rexeitamento fronte a discriminacións, prexuízos e estereotipos de calquera tipo en contextos comunicativos cotiáns e habituais.		
CA3.2 - Recoñecer e apreciar a diversidade lingüística, cultural e artística propia de países onde se fala a lingua estranxeira como fonte de enriquecemento persoal, mostrando interese por comprender elementos culturais e lingüísticos elementais e habituais que fomenten a convivencia pacífica e o respecto polos demais.	Apreciar a diversidade lingüística, cultural e artística propia de países onde se fala a lingua estranxeira mostrando interese e fomentando a convivencia pacífica e o respecto polos demais.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Estratexias para a adquisición da autoconfianza no uso da lingua estranxeira.</li> <li>- Técnicas de aprendizaxe.</li> <li>- O tratamento do erro como parte integrante do proceso de aprendizaxe e a súa aceptación como oportunidade de mellora.</li> <li>- Funcións comunicativas básicas de uso común adecuadas ao ámbito e ao contexto: saudar, despedirse, presentar e presentarse; describir de xeito pautado persoas, obxectos e lugares; pedir e intercambiar información sobre cuestións cotiás; expresar rutinas de xeito guiado; dar indicacións e instrucións elementais; expresar o tempo, a cantidade e o espazo.</li> <li>- Modelos contextuais e xéneros discursivos básicos de uso común na comprensión, produción e coprodución de textos orais, escritos e multimodais, breves e sinxelos, literarios e non literarios de tipoloxía variada, tales como folletos, instrucións, normas, avisos ou conversacións reguladoras da convivencia (agradecer, desculparse, pedir permiso).</li> <li>- Unidades lingüísticas elementais e significados asociados a elas, tales como expresión da entidade e as súas propiedades, cantidade e número; espazo e as relacións espaciais; afirmación, exclamación, negación, interrogación.</li> <li>- Patróns sonoros, acentuais e de entoación básicos de uso común, e funcións comunicativas xerais asociadas aos devanditos patróns.</li> <li>- Estratexias e ferramentas básicas de autoavaliación e coavaliación, analóxicas e dixitais, individuais e colectivas.</li> <li>- Comunicación e relación con persoas doutros países a través da lingua estranxeira: culturas e modos de vida diferentes.</li> <li>- Estratexias básicas de uso común para entender e apreciar a diversidade lingüística, cultural e artística, atendendo a valores ecosociais e democráticos.</li> <li>- Iniciación nas estratexias básicas de detección de usos discriminatorios da linguaxe verbal e non verbal.</li> </ul>

UD	Título da UD	Duración
10	I'm on a bike ride.	10

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Recoñecer e interpretar o sentido global e tamén palabras e frases previamente presentadas en textos de tipoloxía variada, orais, escritos e multimodais breves e sinxelos, sobre temas frecuentes, cotiás, de relevancia persoal e próximos á experiencia do alumnado, adecuados ao nivel de desenvolvemento e expresados de forma comprensible, clara e en lingua estándar a través de distintos soportes.	Interpretar o sentido global en textos , orais, eescritos breves e sinxelos, sobre temas de relevancia persoal expresados de forma comprensible, clara e en lingua estándar.	TI	100
CA1.2 - Seleccionar e aplicar de forma guiada estratexias axeitadas en situacións comunicativas cotiás e de relevancia para o alumnado, para captar o sentido global e procesar informacións explícitas en textos breves e sinxelos sobre temas familiares.	Aplicar de forma guiada estratexias axeitadas en situacións comunicativas cotiás e de relevancia para o alumnado, para captar o sentido global en textos breves e sinxelos sobre temas familiares.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.3 - Expresar oralmente frases curtas con información básica sobre asuntos cotiáns e de relevancia para o alumnado, seguindo modelos e utilizando recursos verbais e non verbais de forma guiada, prestando atención ao ritmo, a acentuación e a entoación.	Expresar oralmente frases curtas sobre asuntos cotiáns e de relevancia para o alumnado.		
CA1.4 - Escribir palabras e frases moi breves e sinxelas, con adecuación á situación comunicativa proposta, a partir de modelos e a través de ferramentas analóxicas e dixitais, usando estruturas e léxico elementais, sobre asuntos cotiáns e de relevancia persoal para o alumnado.	Escribir palabras e frases moi breves e sinxelas, a partir de modelos, sobre asuntos cotiáns e de relevancia persoal para o alumnado.		
CA1.5 - Seleccionar e aplicar de forma guiada estratexias para producir mensaxes breves, útiles e sinxelas, adecuadas ás intencións comunicativas, usando, con axuda, recursos e apoios físicos ou dixitais en función das necesidades de cada momento.	Aplicar de forma guiada estratexias para producir mensaxes breves, útiles e sinxelas, adecuadas ás intencións comunicativas.		
CA1.6 - Participar en situacións interactivas e sinxelas de intercambios breves de información sobre temas cotiáns, de relevancia persoal e próximos á súa experiencia, preparadas previamente, apoiándose en recursos tales coma a repetición, o ritmo pausado ou a linguaxe non verbal, e mostrando empatía e respecto pola cortesía lingüística.	Participar en situacións interactivas e sinxelas de intercambios breves de información sobre temas cotiáns, de relevancia persoal e próximos á súa experiencia, preparadas previamente.		
CA1.7 - Seleccionar e utilizar, de forma guiada e en situacións cotiáns, estratexias elementais para saudar, despedirse e presentarse; expresar mensaxes breves; e formular e contestar preguntas sinxelas.	Utilizar estratexias elementais para saudar, despedirse e presentarse; expresar mensaxes breves; e formular e contestar preguntas sinxelas.		
CA1.8 - Interpretar e explicar información básica de forma guiada, axudando en dificultades de comprensión, con empatía e interese polas interlocutoras e interlocutores, apoiándose en diversos recursos e soportes.	Interpretar información básica, de forma guiada, con interese polas interlocutoras e interlocutores.		
CA2.3 - Rexistrar e aplicar, de xeito guiado, os progresos e dificultades elementais no proceso de aprendizaxe da lingua estranxeira, participando en actividades de autoavaliación e coavaliación, como as propostas no portfolio europeo das linguas (PEL).	Rexistrar, de xeito guiado, os progresos e dificultades elementais no proceso de aprendizaxe da lingua estranxeira, participando en actividades de autoavaliación .		
CA3.1 - Actuar con respecto en situacións interculturais, identificando e comparando semellanzas e diferenzas elementais entre linguas e culturas, e amosando rexeitamento fronte a discriminacións, prexuízos e estereotipos de calquera tipo en contextos comunicativos cotiáns e habituais.	Actuar con respecto en situacións interculturais, amosando rexeitamento fronte a discriminacións, prexuízos e estereotipos de calquera tipo en contextos comunicativos cotiáns e habituais.		

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA3.2 - Recoñecer e apreciar a diversidade lingüística, cultural e artística propia de países onde se fala a lingua estranxeira como fonte de enriquecemento persoal, mostrando interese por comprender elementos culturais e lingüísticos elementais e habituais que fomenten a convivencia pacífica e o respecto polos demais.	Apreciar a diversidade lingüística, cultural e artística propia de países onde se fala a lingua estranxeira mostrando interese e fomentando a convivencia pacífica e o respecto polos demais.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Estratexias para a adquisición da autoconfianza no uso da lingua estranxeira.</li> <li>- Técnicas de aprendizaxe.</li> <li>- O tratamento do erro como parte integrante do proceso de aprendizaxe e a súa aceptación como oportunidade de mellora.</li> <li>- Estratexias básicas de uso común para a comprensión e a produción de textos orais; textos escritos e multimodais, breves, sinxelos e contextualizados.</li> <li>- Funcións comunicativas básicas de uso común adecuadas ao ámbito e ao contexto: saudar, despedirse, presentar e presentarse; describir de xeito pautado persoas, obxectos e lugares; pedir e intercambiar información sobre cuestións cotiás; expresar rutinas de xeito guiado; dar indicacións e instrucións elementais; expresar o tempo, a cantidade e o espazo.</li> <li>- Modelos contextuais e xéneros discursivos básicos de uso común na comprensión, produción e coprodución de textos orais, escritos e multimodais, breves e sinxelos, literarios e non literarios de tipoloxía variada, tales como folletos, instrucións, normas, avisos ou conversacións reguladoras da convivencia (agradecer, desculparse, pedir permiso).</li> <li>- Unidades lingüísticas elementais e significados asociados a elas, tales como expresión da entidade e as súas propiedades, cantidade e número; espazo e as relacións espaciais; afirmación, exclamación, negación, interrogación.</li> <li>- Léxico elemental relativo a relacións persoais próximas, vivenda, lugares e contornas de interese.</li> <li>- Patróns sonoros, acentuais e de entoación básicos de uso común, e funcións comunicativas xerais asociadas aos devanditos patróns.</li> <li>- Convencións ortográficas básicas de uso común e significados asociados aos formatos e elementos gráficos (signos de puntuación, siglas, símbolos).</li> <li>- Recursos, destrezas, actitudes e situacións elementais que permiten iniciarse en actividades de mediación lingüística en situacións cotiás básicas.</li> <li>- Estratexias básicas de uso común para identificar, reter, recuperar e utilizar unidades lingüísticas (léxico, fonemas similares, morfosintaxe, patróns sonoros, posición dos signos de interrogación e exclamación) a partir da comparación das linguas que conforman o repertorio lingüístico persoal.</li> <li>- Estratexias e técnicas de compensación das carencias comunicativas para responder a unha necesidade elemental, a pesar das limitacións derivadas do nivel de competencia na lingua estranxeira e nas demais linguas do repertorio lingüístico propio.</li> <li>- Estratexias e ferramentas básicas de autoavaliación e coavaliación, analóxicas e dixitais, individuais e colectivas.</li> <li>- Comunicación e relación con persoas doutros países a través da lingua estranxeira: culturas e modos de vida diferentes.</li> <li>- Participación en intercambios comunicativos planificados, con estudantes da lingua estranxeira, a través de diferentes medios.</li> <li>- Estratexias básicas de uso común para entender e apreciar a diversidade lingüística, cultural e artística, atendendo a valores ecosociais e democráticos.</li> </ul>

## Contidos

- Iniciación nas estratexias básicas de detección de usos discriminatorios da linguaxe verbal e non verbal.

### 4.1. Concrecións metodolóxicas

A metodoloxía é activa e baseada nas teorías comunicativas de ensino de idiomas, e polo tanto, na teoría do Construtivismo. De acordo con esta teoría, a aprendizaxe é interactiva e o alumnado participa de maneira activa aplicando os seus coñecementos previos e experiencia propia. Por outra banda, ofrece unha ligazón entre o mundo do alumnado e a lingua inglesa, promovendo a aprendizaxe significativa.

O desenvolvemento da competencia comunicativa require desenrolar as seguintes subcompetencias: a competencia gramatical (a capacidade de usar as regras da lingua), a competencia sociolingüística (a capacidade de adaptar a linguaxe a unha situación determinada), a competencia estratéxica (a capacidade de corrixir, definir ou facer axustes), a competencia discursiva (a capacidade de usar diferentes tipos de discurso), e a competencia sociocultural (a familiaridade co contexto social da lingua).

O rol do mestre/a é en esencia o de facilitar as tarefas de comunicación proporcionando oportunidades para que o alumnado use e practique a lingua inglesa, e promover a auto-avaliación. Ademais, o mestre/a procurará crear un clima de aula relaxado e axeitado para favorecer a aprendizaxe, rebaixando así o filtro afectivo e promovendo a motivación intrínseca, fortalecendo a autoestima e reducindo a ansiedade.

#### ACTIVIDADES DE ENSINO-APRENDIZAXE

As diferentes actividades levadas a cabo promoven a práctica das catro destrezas lingüísticas (falar, escoitar, ler e escribir) de maneira integrada, esencial para acadar a competencia comunicativa, involucrando todos os sentidos posibles e facendo uso de materiais auténticos e tecnolóxicos cando sexa apropiado.

Tamén se levarán a cabo actividades e proxectos que impliquen distintos ámbitos, tales como o centro educativo ou o contexto familiar, por exemplo.

Contémplanse actividades de inicio, desenrolo e de reforzo e ampliación, as cales se levan a cabo de xeito individual, en parellas, en gran grupo ou en grupos pequenos, de maneira flexible:

- Actividades de inicio:

Axudan a activar os coñecementos previos do alumnado nos temas novos que se van traballar ou de repasar os xa traballados. Isto adóitase facer a través de actividades de brainstorming ou actividades de repaso, mediante xogos, intercambios comunicativos con soporte de flashcards, pósters, cancións, etc.

- Actividades de desenvolvemento:

Inclúen diferentes tipos de actividades que apelan ás intelixencias múltiples e que están destinadas a facilitar a adquisición, fixación, evolución e mellora das diversas destrezas que conforman a maior parte de competencia da lingua inglesa. Estas actividades son:

- Cancións (songs) e xogos (games).

- Actividades de lecto-escritura.

- Historias.

- Cut-outs.

- Actividades de pronunciación.

- Actividades intercurriculares.

- Etc.

- Actividades de reforzo e ampliación:

No grupo clase hai alumnado con diferentes estilos e ritmos de aprendizaxe e diferentes niveis de motivación, capacidade e intereses. Algunhas destas actividades actúan como unha extensión para aqueles alumnos sen dificultades, e outras ofrecen un reforzo para aqueles que necesitan máis apoio.

- Actividades complementarias:

Entre este tipo de actividades inclúese a conmemoración de festividades características da sociedade anglosaxona, celebracións, festivais, etc.

- Competencias clave

Por último, tamén se levan a cabo actividades que contribúen máis especificamente ó desenrolo dunha ou varias competencias básicas, entre as que se inclúen:

- Brainstorming

- Role-plays

- Actividades de investigación e busca de información (entrevistas, enquisas, etc.).

- Actividades en grupo.



- Textos culturais, cancións, rimas, etc.
- Actividades nas que se traballan as emocións.
- Total physical response.
- Diálogos e simulacións.
- Dramatizacións.
- Resolución de problemas.
- Actividades de information-gap.
- Presentacións.
- Murais.
- etc.

## 4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
1-Páxinas web de xogos online: British council: <a href="https://learnenglishkids.britishcouncil.org/fun-games.">https://learnenglishkids.britishcouncil.org/fun-games.</a> ; <a href="https://www.eslgamesplus.com/farm-domestic-animals-vocabulary-esl-memory-game/">https://www.eslgamesplus.com/farm-domestic-animals-vocabulary-esl-memory-game/</a>
2- Historias e contos publicados na rede: The gruffallo, Julia Donaldson; Room on the broom, Julia Donaldson,...
3-Xogos de mesa: Snakes and ladders, Memory cards, Bingo and Word domino, etc.
4-Libro de texto: " All about us now 3, Class book e Activity book", editorial Oxford.
5-Libros de lectura.: "The very hungry caterpillar" Eric Carle; The gruffallo son, Julia Donaldson; "The rainbow fish" Marcus Pfister; "Go away big green monster" Ed Emberley,...
6-Películas en Lingua Inglesa: How to train your dragon, Red,....
7-Ferramentas de elaboración de materiais: Genially: <a href="https://genial.ly/why-genially">https://genial.ly/why-genially</a>
8- Pizarra interactiva.
8- Murais e posters.
9-Revistas infantís na lingua estranxeira.

Empréganse unha variedade de materiais e recursos entre os cales se inclúen worksheets, o ordenador, o proxector, materiais auténticos, materiais dixitais, biblioteca de aula, dicionarios, flashcards, pósters, xogos de mesa, contos, CDs, DVDs, etc.

O libro de texto utilizado é ALL ABOUT US NOW 3 de Oxford University Press. O alumnado dispón do Class Book, cunha unidade introdutoria na que se presentan os personaxes que van acompañar aos alumnos ao longo do curso, seis unidades con oito leccións cada unha nas que se presenta o contido clave, tres historias de repaso, dúas unidades sobre festividades e un CD con todas as cancións do curso.

Tamén dispón do Activity Book, con sete páxinas de actividades para cada unidade principal nas que se inclúen actividades por parellas, actividades características dun club de lectura, actividades de seguimento sobre as leccións intercurriculares, de fonética ou culturais; repaso da unidade e auto-avaliación. Dispón tamén do Progress Booklet para cada rapaz/a.

O mestre/a dispón da Guía didáctica (Teacher's Book), con anotacións didácticas concisas para cada lección, suxestións para actividades extra, anotacións culturais, a versión solucionada das actividades do alumno, transcripcións das audicións, wordcards, referencias ás worksheets, notas para as lessons do DVD e un banco de ideas con suxestións para xogos e actividades.

Os CDs de audio do profesor conteñen todas as cancións, historias e audicións.

O Teacher's Resource CD-ROM ofrece material para a avaliación, os tests das unidades e Worksheets para a práctica adicional sobre as historias, vocabulario, gramática, competencias básicas, material intercurricular, festividades, etc. O profesor conta ademais con flashcards e wordcards para cada unidade, posters de repaso e de presentación dos temas a historias intercurriculares. Ademais, inclúe unha selección das actividades para traballar o desenvolvemento



das competencias básicas a través dunha tarefa final significativa e divertida. As actividades promoven a planificación, a colaboración, o pensamento e a resolución de problemas, a autoavaliación e a reflexión. Inclúe material fotocopiado, notas do profesor e directrices para avaliar as competencias básicas empregadas.

Dispón ademais dun DVD con episodios vinculados ás lessons principais, episodios intercurriculares que amplían o tema intercurricular e presentacións do vocabulario de cada unidade.

A pizarra interactiva é un recurso moi empregado nas sesións de lingua inglesa, xa que nos ofrece a posibilidade de acceder a innumerables recursos na rede ( Vídeos; cancións, xogos, contos ,....)

Finalmente, o propio alumnado considérase un recurso moi valioso para aprendizaxe e para desenvolver relacións positivas na aula.

### 5.1. Procedemento para a avaliación inicial

O comezo do curso fíxose unha avaliación de diagnose centrada para coñecer o nivel competencial do alumnado: pronuncianción , escoita e comprensión oral e fluidez na expresión oral (adaptada ao seu nivel) que nos permitiu valorar o punto de partida de cada alumno para este curso escolar.

Esta avaliación fíxose mediante a observación directa na aula, con actividades de grupo e gran grupo, tales como cancións, xogos e presentación de cada alumno e alumna de forma individual.

Esta información gardarase e terase presente ao longo do curso para ir valorando o avance de cada neno e nena.

### 5.2. Criterios de cualificación e recuperación

#### Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8	UD 9	UD 10
<b>Peso UD/ Tipo Ins.</b>	<b>10</b>	<b>10</b>	<b>10</b>	<b>10</b>	<b>10</b>	<b>10</b>	<b>10</b>	<b>10</b>	<b>10</b>	<b>10</b>
<b>Táboa de indicadores</b>	100	100	100	100	100	100	100	100	100	100

Unidade didáctica	Total
<b>Peso UD/ Tipo Ins.</b>	<b>100</b>
<b>Táboa de indicadores</b>	<b>100</b>

#### Criterios de cualificación:

A avaliación do proceso de ensinanza- aprendizaxe é fundamental para valorar o progreso do alumnado e a súa evolución competencial, e debe ser :

- Inicial.
- Sumativa.
- Continua.
- Final.

Os criterios de cualificación permiten establecer unha nota de 1 ao 10 nas distintas avaliacións (1ª, 2ª, 3ª e ordinaria) , segundo o procedemento e, o seu correspondente instrumento de avaliación e a porcentaxe dentro da materia dese proceso-instrumento de avaliación.

Todos estes elementos resultarán nunha cualificación trimestral e final do alumnado que determinará a súa promoción.

Procedemento Instrumento de avaliación Porcentaxe

Análise das producións dos alumnos. Producións e comprensións orais 40%

Intercambios orais cos alumnos 10%

Participación, actitude, orde e limpeza 10%

Análise das producións dos alumnos (workbook, fichas) 40%

### Criterios de recuperación:

Dada a característica progresiva da materia, o alumnado irá recuperando aqueles aspectos non superados no seu momento coas novas tarefas do curso.

## 6. Medidas de atención á diversidade

Unha mesma acción educativa exercida sobre un grupo de alumnos/as ten uns resultados diferentes según o coñecemento e experiencia previa de cada un deles, as súas capacidades intelectuais e os seus intereses e motivacións no ensino. Por esta razón debemos atender á diversidade da aula ofrecendo actividades e recursos de ampliación, reforzo, extensión, ou modificando a metodoloxía e presentación dos distintos contidos.

Asimesmo os criterios e procedementos previstos para realizar as adaptacións curriculares para os alumnos con necesidades educativas especiais contemplan:

- Tempo e ritmo de aprendizaxe
- Metodoloxía máis personalizada
- Reforzar as técnicas de aprendizaxe
- Mellorar os procedementos, hábitos e actitudes
- Aumentar a atención orientadora
- Enriquecemento curricular
- Avaliacións adaptadas para as necesidades destes alumnos

### 7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.1 - Igualdade entre homes e mulleres.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.2 - Os dereitos da infancia.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.3 - A resolución pacífica de conflitos.	X	X	X	X	X	X	X	X

	UD 9	UD 10
ET.1 - Igualdade entre homes e mulleres.	X	X
ET.2 - Os dereitos da infancia.	X	X
ET.3 - A resolución pacífica de conflitos.	X	X

## 7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Saídas didácticas.	Aproveitaremos dende a área de LE aquelas ofertadas polo concello que se den no idioma.	X	X	X
Commemoracións da escola.	Samaín.magosto, nadal, entroido, 25 N, 8-M, dereitos da infancia....	X	X	X
Commemoracións específicas relacionadas coa lingua extranxeira.	Halloween, Christmas, San Patrick, Easter.	X	X	X

## 8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
Foi axeitada a temporalización programada nas distintas unidades didácticas.
Metodoloxía empregada
Incorporouse o uso das TIC ao proceso de ensino.
Deseñáronse actividades DUA, variadas e adaptadas ás distintas características do alumnado.
Medidas de atención á diversidade
Conseguíuse a participación activa de todo o alumnado nas diversas actividades propostas a través de situacións de interacción e agrupamentos variados.
Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais
Implementouse a coordinación entre o profesorado do grupo de alumnado: de todo o profesorado do nivel, do profesorado de LE co de CLIL.

### Descrición:

A programación será revisada e mellorada ó longo do curso (en cada UDI, por trimestres e ao final do curso escolar) segundo as necesidades e evolución da vida na aula, adaptando a mesma as diferentes necesidades individuais ou colectivas, e reflectindo ditos cambios na programación didáctica do nivel. Do mesmo xeito as programacións de aula, ó estaren fundamentadas no exposto na presente programación de nivel, reflectirán os mesmos cambios e melloras.

A nivel de centro temos un documento de auto-avaliación docente que cubrimos ao remate do curso escolar e que contén moita información para sucesivas programacións.

## **8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora**

A avaliación é unha parte fundamental do proceso de ensino-aprendizaxe que permitirá valorar o grao de adquisición dos obxectivos de nivel e de etapa, e o grao de desenvolvemento das competencias clave. Os resultados de avaliar cada unidade didáctica proporcionarán información esencial para a toma de decisións co fin de modificar, de ser o caso, aqueles aspectos do proceso de ensino e aprendizaxe que son susceptibles de mellora (metodoloxía, recursos, tarefas...) e de detectar as dificultades de aprendizaxe, coa consecuente posta en marcha de mecanismos para paliarlas, sempre coa finalidade de que o alumnado acade os obxectivos e desenvolva as competencias.

## **9. Outros apartados**

# PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

## Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
15023508	CEIP Plurilingüe Virxe do Mar	Narón	2024/2025

## Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación primaria	Lingua galega e literatura	3º Pri.	4	140

## Réxime

Réxime xeral-ordinario

<b>Contido</b>	<b>Páxina</b>
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	3
3.1. Relación de unidades didácticas	5
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	6
4.1. Concrecións metodolóxicas	28
4.2. Materiais e recursos didácticos	29
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	30
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	30
6. Medidas de atención á diversidade	31
7.1. Concreción dos elementos transversais	32
7.2. Actividades complementarias	32
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	33
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	34
9. Outros apartados	34

## 1. Introducción

A lingua é un instrumento empregado constante e necesariamente na vida diaria tanto para entender como para producir mensaxes, nos intercambios comunicativos orais e escritos. Interactúase coa familia, coas amizades e con outras persoas (ámbito profesional) nas conversas diarias ou a través de cartas, correos electrónicos, mensaxes curtas, blogs...

Polo tanto, ter unha alta competencia lingüística e comunicativa permite que as persoas desenvolvan unha vida normal, que poidan interactuar con aquelas outras que pertencen ao seu contorno e que están próximas e tamén coas que están moi lonxe.

Ademais, a lingua está presente en calquera proceso de ensino-aprendizaxe. O alumnado emprega a lingua en calquera das súas clases no propio centro educativo, tanto para entender as instrucións e explicacións do profesorado e poder ser partícipe con el no proceso de descubrimento, como para poder xustificar e exemplificar a interiorización dos contidos.

A área de Lingua Galega e Literatura artícuase en seis bloques:

- A lingua e os seus falantes.

-Comunicación oral.

-Comunicación escrita.

- Alfabetización mediática e informacional.

-Educación literaria.

-Reflexión sobre a lingua e os seus usos no marco de propostas de produción e comprensión de textos orais, escritos ou multimodais.

En cada unha das unidades deseñadas para esta programación inclúense contidos relativos a cada un destes bloques, que serán avaliados cos correspondentes criterios de avaliación. Preténdese así dar cobertura en todas as unidades aos aspectos fundamentais na aprendizaxe da lingua galega.

## 2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Recoñecer a diversidade lingüística do mundo a partir da identificación das linguas do alumnado e a realidade lingüística de Galicia e plurilingüe e multicultural de España para favorecer a reflexión interlingüística, para identificar e rexeitar estereotipos e prexuízos lingüísticos, e para valorar esa diversidade como fonte de riqueza cultural.	1-5	2-3				1-2		1-3
OBX2 - Comprender e interpretar textos orais e multimodais identificando o sentido xeral e a información máis relevante, e valorando con axuda aspectos formais e de contido básicos para construír coñecemento e responder a diferentes necesidades comunicativas.	2	2	1	3	3	3		
OBX3 - Producir textos orais e multimodais con coherencia, claridade e rexistro adecuados para expresar ideas, sentimentos e conceptos; construír coñecemento; establecer vínculos persoais; e participar con autonomía e unha actitude cooperativa e empática en interaccións orais variadas.	1-3-5	2	1	2-3		2	1	

<b>Obxectivos</b>	<b>CCL</b>	<b>CP</b>	<b>STEM</b>	<b>CD</b>	<b>CPSAA</b>	<b>CC</b>	<b>CE</b>	<b>CCEC</b>
OBX4 - Comprender e interpretar textos escritos e multimodais, recoñecendo o sentido global, as ideas principais e a información explícita e implícita, e realizando con axuda reflexións elementais sobre aspectos formais e de contido, para adquirir e construír coñecemento e para responder a necesidades e intereses comunicativos diversos.	2-3-5	2	1	1	4-5			
OBX5 - Producir textos escritos e multimodais, con corrección gramatical e ortográfica básicas, seriando correctamente os contidos e aplicando estratexias elementais de planificación, textualización, redacción, revisión e edición para construír coñecemento e para dar resposta a demandas comunicativas concretas.	1-3-5		1	2-3	5	2		
OBX6 - Buscar, seleccionar e contrastar información procedente de dúas ou máis fontes, de forma planificada e co debido acompañamento, avaliando a súa fiabilidade e recoñecendo algúns riscos de manipulación e desinformación, para transformala en coñecemento e para comunicala de maneira creativa, adoptando un punto de vista persoal e respectuoso coa propiedade intelectual.	3			1-2-3-4	5	2	3	
OBX7 - Ler de maneira autónoma obras diversas seleccionadas atendendo aos seus gustos e intereses, compartindo as experiencias de lectura, para iniciar a construción da identidade lectora, para fomentar o gusto pola lectura como fonte de pracer e para gozar da súa dimensión social.	1-4			3	1			1-2-3
OBX8 - Ler, interpretar e analizar, de maneira acompañada, obras ou fragmentos literarios adecuados ao seu desenvolvemento, establecendo relacións entre eles e identificando o xénero literario e as súas convencións fundamentais, para iniciarse no recoñecemento da literatura como manifestación artística e fonte de pracer, coñecemento e inspiración para crear textos de intención literaria.	1-2-4							1-2-3-4
OBX9 - Reflexionar de forma guiada sobre a linguaxe a partir de procesos de produción e comprensión de textos en contextos significativos, utilizando a terminoloxía elemental adecuada para iniciarse no desenvolvemento da conciencia lingüística e para mellorar as destrezas de produción e comprensión oral e escrita.	1-2	2	1-2		5			
OBX10 - Pór as propias prácticas comunicativas ao servizo da convivencia democrática utilizando unha linguaxe non discriminatoria e detectando e rexeitando os abusos de poder a través da palabra para favorecer un uso non só eficaz senón tamén ético da linguaxe.	1-5	3		3	3	1-2-3		



**Descrición:**
**3.1. Relación de unidades didácticas**

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	Que medo!	Nesta unidade didáctica estudaremos contidos gramaticais, de ortografía, de vocabulario e escribiremos un conto de medo con motivo da celebración do Samaín. A comunicación, a linguaxe e as linguas, a sílaba, tipos de palabras segundo o número de sílabas, sílabas tónicas e átonas; a partición de palabras, usos do c e do q, a polisemia, o uso do dicionario. Comprensión lectora: textos relacionados co Samaín Escritura: Oración, parágrafo e texto, estrutura do conto, adiviñas.	20	25	X		
2	Escribimos cartas.	Nesta unidade didáctica estudaremos: A oración: suxeito e predicado O grupo nominal como suxeito. O grupo nominal: compoñentes O punto Uso das maiúsculas Sínónimos e antónimos. Frases feitas. Escritura dunha postal ou dunha carta, relacionadas co Nadal.	20	25	X		
3	Unha clase con arte.	Nesta unidade didáctica estudaremos: Substantivos comúns e propios. Xénero e número. O adxectivo. Xénero e número e concordancia co substantivo. A coma. Os signos de interrogación e exclamación. Palabras derivadas: aumentativos e diminutivos. Escribimos: a descrición. En relación co PDI que se está a realizar no centro faremos actividades diversas relacionadas co tema da música e as artes escénicas:: busca de información na biblioteca do centro e na web, celebración do Entroido...	15	20		X	
4	Galicia bonita	Nesta unidade didáctica estudaremos: Determinantes: definición. Os artigos	15	25		X	

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
4	Galicia bonita	Vocabulario: Prefixos e sufixos, formación de palabras. Ortografía: O son z, o q, o g. A diérese. Lectura e escritura: Identificar, ler e elaborar textos expositivos Creacións de slogans a favor do coidado das paisaxes galegas.	15	25		X	
5	Plan de rescate	A través da lectura do libro " Plan de rescate", repasaremos contidos gramaticais, de ortografía e ampliaremos o noso vocabulario. O verbo: definición, identificación e función na oración. O verbo: tempo, número e conxugación Ortografía: palabras con h. Palabras compostas. Xéneros literarios: narrativa, o conto e a lenda.	15	25			X
6	O futuro do planeta	Nesta unidade didáctica estudaremos: Os pronomes persoais. A persoa dos verbos. Ortografía: usos do b e do v. Vocabulario: familia de palabras Xéneros literarios: a lírica e o teatro. Poemas sobre o medio ambiente.	15	20			X

### 3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	Que medo!	25

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.1 - Comprender o sentido de textos orais e multimodais sinxelos, recoñecendo as ideas principais, as mensaxes explícitas e as mensaxes implícitas máis sinxelas, e progresando, de maneira acompañada, na valoración crítica do contido.	Comprende o sentido xeral dun texto oral.	PE	50
CA3.1 - Ler de maneira silenciosa e en voz alta textos escritos e multimodais sinxelos en lingua galega, identificando o sentido global e a información relevante e integrando, de maneira acompañada, a información explícita.	Ler e extrae a idea principal dun texto escrito adecuado ao nivel.		

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA3.2 - Comprender distintos tipos de textos adaptados á súa idade, aplicando os coñecementos básicos sobre a estrutura da lingua, a gramática, o vocabulario, así como as regras de ortografía para favorecer unha comunicación máis eficaz.	Le e comprende un texto dado. Comprende o vocabulario traballado.		
CA3.6 - Producir textos escritos e multimodais sinxelos e coherentes en distintos soportes, en lingua galega, seleccionando o modelo discursivo que mellor responda a cada situación comunicativa e iniciándose, de maneira acompañada, na mobilización de estratexias sinxelas, de planificación, redacción e revisión, coidando a presentación.	Producir seguindo un modelo un conto de medo coidando a redacción e presentación.		
CA3.7 - Elaborar textos escritos e multimodais sinxelos e coherentes, individuais ou colectivos, integrando recursos gráficos ou paratextuais sinxelos que faciliten a comprensión do sentido global do texto.	Dadas catro ilustracións dun conto, escribe brevemente o que acontece en cada unha delas.		
CA5.5 - Reproducir, a partir de modelos dados, textos literarios sinxelos, en prosa ou en verso, con sentido estético e creatividade: contos e poemas.	Completa un conto dado con coherencia e cohesión.		
CA5.7 - Producir, de maneira acompañada, textos sinxelos individuais ou colectivos con intención literaria, recreando de maneira persoal os modelos dados.	Crea adiviñas a partir dun modelo dado cambiando palabras clave.		
CA6.2 - Producir en galego textos escritos e multimodais sinxelos e coherentes, seleccionando o modelo discursivo que mellor responda a cada situación comunicativa, iniciándose no uso de normas ortográficas sinxelas e adecuadas ao seu nivel, progresando, de maneira acompañada, na mobilización de estratexias sinxelas, de planificación, redacción e revisión, coidando a presentación.	Escribe un texto sinxelo e coherente expresando cada idea nunha oración.		
CA6.4 - Revisar os textos propios e alleos, de maneira acompañada, a partir da observación, comparación e manipulación de palabras nun proceso de mellora na produción e comprensión de textos e mediante o uso guiado de dicionarios físicos ou dixitais.	Recoñece a orde alfabética. Separa en sílabas.		
CA1.1 - Amosar interese e respecto polas distintas linguas e variedades dialectais de Galicia, incluída unha primeira aproximación ás linguaxes de signos, identificando as empregadas no seu ámbito familiar.	Mostrar respecto pola lingua que empregan os seus compañeiros/as. Identificar a lingua empregada.		
CA1.2 - Recoñecer a existencia de prexuízos e estereotipos lingüísticos frecuentes, ofrecendo alternativas e valorando a pluralidade lingüística da súa contorna e, particularmente, a dualidade lingüística xeral galego-castelán como unha fonte de riqueza cultural.	Emprega as dúas linguas oficiais.	TI	50
CA1.3 - Recoñecer as distintas linguas empregadas na súa contorna a través da interacción coas persoas próximas.	Identifica a lingua empregada polos compañeiros/as e mestres/as.		

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA2.3 - Identificar, de maneira acompañada, o contido de textos orais e multimodais diversos, valorando a información máis relevante.	Comprende o que escoita. Extrae a idea principal.		
CA2.5 - Participar en interaccións orais espontáneas ou reguladas, incorporando estratexias elementais de escoita activa e respectando as normas básicas da cortesía lingüística.	Escoitar de forma activa e respectar as normas básicas da cortesía lingüística.		
CA2.6 - Expresarse con coherencia de forma oral para satisfacer necesidades de comunicación en diferentes situacións.	Exprésase na lingua galega cun discurso ordenado e coherente, adaptado á súa idade.		
CA2.8 - Mobilizar, coa planificación e o acompañamento necesarios, estratexias básicas para a comunicación asertiva e o consenso, progresando na xestión dialogada de conflitos.	Resolve os conflitos de forma dialogada, sen empregar a violencia física ou verbal.		
CA3.5 - Adquirir a eficacia lectora mediante unha planificación de mellora e o gusto pola lectura.	Ler varios libros ao trimestre de forma espontánea.		
CA3.8 - Utilizar, de xeito acompañado, as bibliotecas de aula e de centro, respectando as súas normas básicas de organización e funcionamento e participando nas actividades organizadas e interesarse por formar unha pequena biblioteca propia con textos da literatura infantil galega.	Coñece as normas básicas de funcionamento da biblioteca do centro.		
CA4.3 - Utilizar a biblioteca de aula e de centro para localizar libros axeitados ao seu gusto persoal e intereses.	Busca contos na biblioteca.		
CA5.1 - Ler de maneira autónoma ou acompañada textos de diversos autores e autoras da literatura galega, axustados aos seus gustos e intereses, avanzando na construción da súa identidade lectora.	Le libros adaptados ao seu gusto no tempo da lectura.		
CA5.2 - Compartir a experiencia de lectura, en soportes diversos, mediante a realización de actividades literarias e participando na comunidade lectora escolar.	Participa nas actividades de lectura colectiva que se realicen no centro.		
CA5.4 - Identificar a biblioteca da aula ou do centro como escenario de actividades literarias compartidas.	Mantén ordenada a biblioteca de aula.		
CA6.1 - Comparar aspectos básicos das linguas do ámbito escolar e social para acadar unha competencia comunicativa integrada.	Compara e recoñece títulos do mesmo conto en galego e castelán.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Biografía lingüística persoal e do seu centro educativo.</li> <li>- Valoración da diversidade da lingua na contorna e na nosa comunidade autónoma.</li> <li>- Valoración social equilibrada das dúas linguas oficiais de Galicia.</li> <li>- Identificación de prexuízos e estereotipos lingüísticos.</li> <li>- Uso dunha linguaxe non discriminatória e respectuosa coas diferenzas, tendo unha perspectiva de xénero.</li> </ul>

**Contidos**

- Contexto
- Incidencia dos compoñentes (situación, participantes, propósito comunicativo, canle) no acto comunicativo.
- Xéneros discursivos
- Estratexias para a adquisición de destrezas básicas sobre xéneros discursivos propios do ámbito persoal, social e educativo (contido e forma).
- Intención comunicativa e claves da tipoloxía textual básica: narración, descrición, diálogo e exposición.
- Interese pola ampliación de vocabulario para unha mellor comunicación oral.
- Procesos: interacción oral
- Estratexias de interpretación de elementos básicos da comunicación non verbal.
- Interacción oral adecuada en situacións de aula, mobilizando estratexias básicas de cortesía lingüística e asertividade.
- Participación activa en situacións de comunicación, espontáneas e dirixidas, utilizando frases cunha secuencia lineal sinxela e coherente, construíndo o discurso de acordo coas necesidades comunicativas de cada situación.
- Estratexias de expresión e escoita empática de necesidades, vivencias e emocións propias e alleas para a resolución dialogada dos conflitos, tendo en conta a perspectiva de xénero.
- Procesos: comprensión oral
- Comprensión global e específica e identificación das ideas máis relevantes de textos orais de diversa tipoloxía e procedentes de diversas fontes (gravacións, medios de comunicación, escoita oral de contos infantís).
- Comprensión e expresión de mensaxes verbais e non verbais, especialmente xestos e ton de voz que incidan no significado da mensaxe que se quere transmitir.
- Estratexias para a utilización da linguaxe oral como instrumento de comunicación e aprendizaxe (escoitar e preguntar) e para a identificación e interpretación do sentido global de textos orais e multimodais sinxelos.
- Contexto
- Incidencia dos compoñentes (situación, participantes, propósito comunicativo, canle) no acto comunicativo.
- Xéneros discursivos
- Estratexias para a comprensión lectora de textos sinxelos, da literatura galega, de uso cotián.
- Elementos básicos de contido (tema, léxico) e forma (estrutura, título, imaxes).
- Estratexias para a coherencia e a cohesión na produción e reprodución de textos escritos, en lingua galega.
- Procesos: comprensión lectora.
- Lectura individual ou acompañada de distintos tipos de textos, con entoación e ritmo adecuados ao desenvolvemento cognitivo.
- Uso da biblioteca para a lectura dos libros propostos, na procura de información e utilización desta como fonte de información e lecer.
- Coñecemento da organización e funcionamento das bibliotecas da aula, do centro e das virtuais e participación nas actividades organizadas. Interese por manter a biblioteca propia e persoal, ampliando os seus fondos con textos propios da literatura galega.
- Procesos: produción escrita
- Aplicación das normas ortográficas básicas adecuadas ao seu desenvolvemento cognitivo e cohesión do texto: mantemento do tempo verbal, puntuación.

**Contidos**

- Modelos e estratexias elementais, individuais ou grupais, de planificación, redacción, revisión de textos escritos sinxelos, en diferentes soportes (incluídos os dixitais), con distintos propósitos comunicativos.
- Produción de textos escritos e multimodais sinxelos, coherentes e con presentación coidada, utilizando en cada situación o modelo discursivo que corresponda.
- Uso de elementos gráficos e paratextuais básicos que faciliten a organización e comprensión do texto.
- Valoración da propia produción escrita, así como a produción escrita das compañeiras e os compañeiros.
- Uso dunha linguaxe non discriminatoria e respectuosa coas diferenzas.
- Utilización da biblioteca e dos recursos dixitais da aula ou do centro como fonte de información, aprendizaxe e lecer.
- Lectura acompañada e comentada de diversos textos literarios en lingua galega, adecuados aos seus intereses e organizados en itinerarios lectores.
- Estratexias básicas para a interpretación acompañada e compartida de obras, a través de conversacións literarias, participando na comunidade lectora escolar.
- Funcionamento da biblioteca da aula ou do centro como escenario de actividades literarias compartidas.
- Os elementos constitutivos esenciais da obra literaria (tema, protagonista, personaxes secundarios).
- Elaboración de textos con intención literaria en galego, a partir de modelos dados ou recreando textos literarios.
- Creación de textos literarios sinxelos, en prosa ou en verso: contos, poemas, adiviñas, cancións e teatro.
- Identificación de xeito acompañado de recursos literarios básicos.
- Identificación das similitudes e diferenzas entre as linguas do seu ámbito escolar e social para acadar unha competencia comunicativa integrada e progresar na súa aprendizaxe.
- Os signos de puntuación elementais como mecanismos para organizar o texto escrito.
- Aproximación á lingua como sistema con distintos niveis: sons e letras, palabras, oracións e textos. Observación e comparación de unidades comunicativas básicas.
- Estratexias para a elaboración guiada de conclusións propias sobre o sistema lingüístico. Transformación de enunciados (substitución, cambio de orde, manipulación).
- Estratexias e técnicas elementais de recoñecemento da intención comunicativa e do uso guiado de dicionarios, en distintos soportes.

UD	Título da UD	Duración
2	Escribimos cartas.	25

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
-------------------------	------------------------	----	---

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA3.6 - Producir textos escritos e multimodais sinxelos e coherentes en distintos soportes, en lingua galega, seleccionando o modelo discursivo que mellor responda a cada situación comunicativa e iniciándose, de maneira acompañada, na mobilización de estratexias sinxelas, de planificación, redacción e revisión, coidando a presentación.	Producir textos sinxelos en galego seguindo un modelo dado.	PE	50
- Comprensión, memorización e recitado de poemas, valorando o ritmo e a entoación.
- Análise guiada dos recursos expresivos elementais e os seus efectos na recepción do texto.
- Identificación de xeito acompañado de recursos literarios básicos.
- Establecemento de xeneralizacións sobre aspectos lingüísticos elementais na estrutura do galego, prestando especial atención ás relacións (xénero e número) que se establecen entre substantivos, adxectivos e verbos.
- Recoñecemento das distintas clases de palabras (substantivo, verbo, adxectivo, pronomes, artigos). Características e uso de cada clase de palabra.
- Procedementos elementais de adquisición de vocabulario galego. Semellanzas e diferenzas de forma e significado entre palabras da mesma familia léxica ou semántica.

### 4.1. Concrecións metodolóxicas

Os alumnos han de iniciarse na utilización da linguaxe como instrumento de comunicación oral e escrita, de representación, interpretación e comprensión da realidade. Necesitamos dotar o alumnado de ferramentas para que poidan desenvolverse en múltiples contextos dominando a lingua oral e escrita de forma funcional. Centramos a orientación nesta área na adquisición de habilidades imprescindibles para o desenvolvemento da capacidade de comprensión dos alumnos e alumnas, sempre a través de apoios graduais e partindo da realidade máis inmediata do



nenos.

Todo o traballo se encamiña a proporcionarlle recursos de comunicación:

- A escritura: integramos o proceso de adquisición desta destreza a través do coñecemento previo dos sons, os cales se estudan en relación con un contexto de aprendizaxe motivadora e se abordan dunha maneira progresiva.

- A expresión oral: mediante a participación na clase favorecese a ampliación e utilización do vocabulario, a expresión de experiencias persoais, a formulación de conxecturas e hipóteses, etc. O profesor fomenta distintos tipos de situacións de comunicación oral condicionados a cada nivel e momento. Mediante o xogo e a simulación os alumnos e alumnas descubren as posibles actitudes comunicativas.

- A comprensión lectora: O alumnado chegará a distinguir os elementos estruturais das narracións e as ideas esenciais das exposicións e a discriminar os constituintes dos distintos tipos de lectura (títulos, portadas, capítulos, etc...). Así o alumno comprenderá o seu valor expresivo e observará os contidos e mensaxes connotativas.

- A expresión escrita: desenvolvemos a tipoloxía textual, co fin de que o alumno sexa capaz de producir composicións individuais de distinta índole; ademais aprenderá a facer esquemas e resumos, que lle axudarán a extraer as ideas principais dun texto.

Fomento da lectura.

Dentro das sesións diarias adicarase un tempo á lectura e comprensión de diferentes tipos de textos. Ademais ao longo de todo o curso leremos de forma colectiva o libro: "Plan de rescate".

A biblioteca, en colaboración cos titores, planifica e leva a cabo actividades de fomento da lectura atendendo aos criterios que considere o equipo e cos criterios xerais que se establezan na Programación Xeral Anual. A competencia lectora do alumnado precisa que os poñamos en contacto con toda a diversidade de textos ao longo da súa escolaridade e que lles ofrezamos os recursos para que poidan interpretalos satisfactoriamente. Os que traballaremos en terceiro son: descritivos, narrativos (conto, lenda, biografía, novelas de aventura e fantasía, adiviñas, noticias xornalísticas, ) instrutivos (receitas, normas) e poesía.

## 4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Vídeos didácticos.
Dicionarios de lingua galega e lingua castelá.
Ordenador de aula e pantalla interactiva
Caderno do alumno/a.
Lámina de vocabulario.
Recursos fotocopiáveis.
Recursos na rede.
Xogos didácticos físicos e en liña dentro da Aula Virtual.
Biblioteca escolar da aula e de centro.
Xornais e revistas.
Material funxible.
Aula virtual do curso.
Caderno de lecturas comprensivas.
Libro de lectura: Plan de rescate.

Neste apartado vaise a expoñer principalmente a selección dos materiais e recursos didácticos empregados. Os criterios de selección dos materiais curriculares que sexan adoptados polos equipos docentes, seguen un conxunto de criterios homoxéneos que proporcionan resposta efectiva ás formulacións xerais de intervención educativa.

Establécense oito criterios ou directrices xerais que perfilan a análise:

- Adecuación ao contexto educativo do centro.
  - Correpondencia dos obxectivos promovidos cos enunciados no Proxecto educativo do centro.
  - Coherencia dos contidos propostos cos obxectivos.
  - A acertada progresión dos contidos e obxectivos, a súa correspondencia co nivel e a fidelidade á lóxica interna de cada área.
  - A adecuación aos criterios de avaliación do centro.
  - A variedade das actividades, diferente tipoloxía e a súa potencialidade para a atención ás diferenzas individuais.
  - A claridade e amenidade gráfica e expositiva.
  - A existencia doutros recursos que facilitan a actividade educativa.
- Atendendo a todos eles, establecemos unha serie de pautas concretas que dirixirán a nosa selección.

### 5.1. Procedemento para a avaliación inicial

En 3º de Primaria contemplamos a necesidade de realizar probas específicas de avaliación inicial destinadas a realizar unha valoración da situación de partida dos alumnos ao inicio do curso.

A partir dos resultados, levaranse a cabo as decisións e actuacións comúns adoptadas polo equipo docente.

Esta tarefa realizarase mediante técnicas e procedementos como:

- 1.- Intercambio de información do equipo educativo:
  - Repeticións e materias pendentes doutros cursos.
  - Atención á diversidade: discapacidades psíquicas, motóricas, sensoriais, trastornos grave de conducta.
  - Dificultades de aprendizaxe: intelixencia límite, déficit de atención, hiperactividade, dislexia, dificultades específicas.
  - Altas capacidades: talento, superdotado,
  - Compensación educativa: medio social desfavorecido, escolarización irregular, absentismo, risco de abandono escolar, medidas xudiciais ou de protección.
  - Incorporación tardía ao sistema educativo: inmigrante, desescolarizado.
  - Outros aspectos: intereses, enfermidades, aspectos familiares.
- 2.- Observación directa e sistemática dos alumnos (individual e grupal) e guiada coa axuda de documentos específicos para tal fin.
- 3.- Probas escritas e orais.
- 4.- Autoavaliación de alumnos e alumnas (reflexións e toma de conciencia das carencias ou fortalezas en canto as aprendizaxes).
- 5.- Entrevistas individuais aos alumnos (formais e informais mediante preguntas na clase) e as familias.
- 6.- Simulación de situacións, debates.
- 7.- Resultados das probas iniciais.
- 8.- Proposta de medidas.

### 5.2. Criterios de cualificación e recuperación

**Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:**

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	Total
<b>Peso UD/ Tipo Ins.</b>	<b>20</b>	<b>20</b>	<b>15</b>	<b>15</b>	<b>15</b>	<b>15</b>	<b>100</b>
<b>Proba escrita</b>	50	50	50	50	50	50	<b>50</b>
<b>Táboa de indicadores</b>	50	50	50	50	50	50	<b>50</b>

### **Criterios de cualificación:**

A avaliación da aprendizaxe do alumnado levarase a cabo tomando como referentes o grao de adquisición das competencias, o logro dos obxectivos da etapa e os criterios de avaliación. No caso de alumnado con adaptación curricular, os referentes serán os incluídos na devandita adaptación.

Esta avaliación será tanto cuantitativa coma cualitativa e efectuarase nos seguintes termos:

Insuficiente (IN): 1, 2, 3 ou 4; Suficiente (SU): 5; Ben (BE): 6; Notable (NT): 7 ou 8; Sobresaliente (SB): 9 ou 10.

En cada avaliación terase en conta aspectos actitudinais, o traballo diario de clase ( cadernos, fichas, traballos, exposicións...) e exames ou probas de contidos tanto orais como escritas. Para valorar o traballo de clase e os aspectos actitudinais utilizaranse como instrumentos as táboas de indicadores que poderán ser rúbricas ou escalas de valoración.

A importancia de cada un destes aspectos no cálculo final da cualificación ven dado pola seguinte porcentaxe:

#### **ASPECTO AVALIABLE PORCENTAXE NA CUALIFICACIÓN**

Aspectos actitudinais 20%

Traballo de clase 30%

Probas escritas 50%

TOTAL 100%

A cualificación final do curso na materia calcularase tendo en conta os resultados acadados en cada unha das avaliacións e o traballo global do curso:

#### **TRIMESTRES PORCENTAXE NA CUALIFICACIÓN**

1º trimestre 30%

2º trimestre 30%

3º trimestre 40%

### **Criterios de recuperación:**

De acordo co artigo 20 da Lei Orgánica 3/2020, de 29 de decembro, pola que se modifica a Lei Orgánica 2/2006, de 3 de maio, de Educación, así como a orde de 25 de xaneiro de 2022, a avaliación durante a etapa de Educación Primaria será continua e global, tendo en conta o proceso de aprendizaxe. Feito polo cal, aprobando avaliacións posteriores recupéranse avaliacións anteriores, de ser o caso.

Por outra banda, se nalgún momento se obtén unha cualificación negativa, poñerase en marcha un programa de reforzo individualizado para ese alumno en cuestión, como medida ordinaria de atención á diversidade.

## **6. Medidas de atención á diversidade**

Na etapa da educación primaria poñerase especial énfase na atención á diversidade do alumnado, na detección precoz das súas necesidades específicas e no establecemento de mecanismos de apoio e reforzo tan pronto como se detecten dificultades de aprendizaxe co obxecto de reforzar a inclusión e asegurar o dereito a unha educación de calidade.

Neste sentido, cobra especial relevancia o tratamento do Alumnado con Necesidade Específica de Apoio Educativo (ACNEAE), entendidos como os alumnos e alumnas que requiran unha atención educativa diferente á ordinaria, por presentar necesidades educativas especiais, por atraso madurativo, por trastornos do desenvolvemento da linguaxe e a comunicación, por trastornos de atención ou de aprendizaxe, por descoñecemento grave da lingua de aprendizaxe, por atoparse en situación de vulnerabilidade socioeducativa, polas súas altas capacidades intelectuais, por incorporarse tarde ao sistema educativo ou por condicións persoais ou de historia escolar.

O traballo coordinado xunto co Departamento de Orientación, o equipo docente, o persoal sanitario e a familia do alumnado será fundamental para a abordaxe das dificultades que poidan xurdir no proceso de ensino-aprendizaxe.

O documento de referencia será o Plan Xeral de Atención á Diversidade, no que figurarán as posibles medidas tanto ordinarias como extraordinarias de atención á diversidade. Neste sentido, a información obtida na avaliación inicial axudará a escoller a/as medida/as de atención á diversidade, como poden ser o reforzo educativo, o apoio de profesorado con dispoñibilidade horaria ou o apoio de profesorado especialista en Audición e Linguaxe e/ou Pedagogía Terapéutica. Será importante tamén a planificación de actividades de reforzo e ampliación para individualizar o ensino e atender á totalidade do alumnado.

Compre lembrar que nos cursos impares non se pode permanecer un ano máis no curso correspondente.

## 7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6
ET.1 - Comprensión lectora	X	X	X	X	X	X
ET.2 - Expresión oral e escrita	X	X	X	X	X	X
ET.3 - Comunicación audiovisual	X	X	X	X	X	X
ET.4 - Fomento da creatividade, do espírito científico e do emprendemento	X	X	X	X	X	X
ET.5 - Igualdade entre homes e mulleres					X	
ET.6 - Educación para a paz			X			
ET.7 - Educación para o consumo responsable e o desenvolvemento sostible.				X		X
ET.8 - Educación para a saúde.		X				

### Observacións:

Aínda que todos os elementos trasnsversais poderían relacionarse con todas as unidades, marcamos solo aquelas unidades nas que o elemento transversal está presente dun xeito moi claro. Traballaranse segundo a programación de aula aínda que a un ritmo acorde coas capacidades e destrezas do alumnado.

Sen prexuízo do seu tratamento específico nalgúns áreas, a comprensión lectora, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual, as tecnoloxías da información e a comunicación, o emprendemento e a educación cívica e constitucional traballaranse en todas as disciplinas.

Na programación de aula non están programados como contidos a ensinar, senón que se traballarán en todas as áreas e serán tidos en conta ao longo de toda a actuación educativa: á hora de organizar a aula, de facer agrupamentos de alumnos, de seleccionar lecturas e materiais, de poñer en marcha estratexias que permitan a colaboración e o protagonismo dos alumnos máis desfavorecidos e establecendo plans que permitan superar as dificultades, así como a desenvolver e potenciar as habilidades.

## 7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Actividades propostas polo equipo de biblioteca do centro.	Contacontos, animación á lectura, actividades relacionadas co Samaín, co Magosto e co Entroido.	X	X	X
Actividades propostas polo equipo de Normalización e Dinamización Lingüística.	Participación en Intercentros, actividades relacionadas co Día da Paz, co Día de Rosalía, co Día do Libro... Participación na elaboración da revista escolar co gallo das Letras Galegas.	X	X	X

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Asistir a unha representación teatral.	Selección dunha das obras para escolares ofertadas polo Concello de Narón e representadas no Pazo da Cultura.	X		

**Observacións:**

As actividades complementarias plantexadas buscan proporcionar ao alumnado unhas aprendizaxes vivenciadas, empregando recursos non tan habituais.

Resulta fundamental a planificación de actividades complementarias para consolidar os contidos traballados ao longo do curso.

Ademais destas actividades complementarias planificadas a principio de curso faranse aquelas outras ofertadas ao longo do curso e que resulten de interese para o noso alumnado ou teñan relación coa súa aprendizaxe. O feito de realizar actividades fora do entorno habitual de aprendizaxe ou mesmo con outras persoas implicadas, resulta moi motivante para o alumnado e serve de catalizador para a consolidación destas aprendizaxes.

**8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro**

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
O nivel de dificultade foi adecuado ás características do alumnado.
Metodoloxía empregada
A motivación foi a adecuada.
Conseguíuse a participación activa de todo o alumnado.
Valórase o traballo na aula de forma adecuada.
Valórase a actitude do alumnado de cara á materia de forma adecuada.
Valórase adecuadamente o traballo cooperativo de cada alumno/a dentro do grupo.
Medidas de atención á diversidade
Adoptáronse as medidas curriculares necesarias para atender ao alumnado de NEAE.
Adoptáronse as medidas organizativas necesarias para atender ao alumnado de NEAE.
Atendeuse adecuadamente á diversidade do alumnado.
Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais
Mantívose un contacto periódico coa familia por parte do profesorado.

**Descrición:**

Neste apartado preténdese promover a reflexión da práctica docente e a autoavaliación da realización e o desenvolvemento da programación didáctica.

Para iso, ao finalizar cada unidade didáctica propónse unha secuencia de preguntas que permitan avaliar o funcionamento do programado na aula e establecer estratexias de mellora para a propia unidade.

Os ítems relacionados preséntanse en táboas que conteñen unhas casañas numeradas do 1 ao 5 para valorar o grao de consecución de cada un deles.

A continuación analizaranse nunha posta en común do profesorado do nivel ao remate de cada avaliación . Este proceso permitirá unha reflexión sobre a nosa práctica docente e posibilitará a introdución das medidas correctoras necesarias para a mellora do proceso de ensino.

## 8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

Trimestralmente farase un seguimento do desenvolvemento da programación na propia aplicación PROENS, previa reunión do profesorado do nivel. A programación debe ser flexible, permitíndonos corrixir e modificar aqueles aspectos que non resultasen idóneos na posta en práctica.

Ao remate de cada avaliación, utilizando a información recollida na posta en común sobre o labor docente , as respostas ás seguintes cuestións (que se valoran entre 1 e 5) e os resultados académicos existentes, reuniremonos para a toma de decisións acordada sobre os posibles cambios que precise a nosa programación. As conclusións quedarán recollidas na acta da reunión de ciclo.

Cuestións:

1. Adecuación do deseño das unidades didácticas, temas ou proxectos a partir dos elementos do currículo.
2. Adecuación da secuenciación e da temporalización das unidades didácticas / temas / proxectos.
3. O desenvolvemento da programación respondeu á secuenciación e a temporalización previstas.
4. Adecuación da secuenciación dos estándares para cada unha das unidades, temas ou proxectos.
5. Adecuación do grao mínimo de consecución fixado para cada estándar.
6. Asignación a cada estándar do peso correspondente na cualificación.
7. Vinculación de cada estándar a un ou varios instrumentos para a súa avaliación
8. Asociación de cada estándar cos elementos transversais a desenvolver.
9. Adecuación da secuencia de traballo na aula
10. Adecuación dos materiais didácticos utilizados.
11. Adecuación do plan de avaliación inicial deseñado, incluídas as consecuencias da proba.
12. Adecuación da proba de avaliación inicial, elaborada a partir dos estándares.
13. Adecuación das pautas xerais establecidas para a avaliación continua: probas, traballos, etc
14. Adecuación dos criterios establecidos para a recuperación dun exame e dunha avaliación.
15. Adecuación dos exames, tendo en conta o valor de cada estándar.
16. Adecuación dos programas de apoio, recuperación, etc. vinculados aos estándares.
17. Adecuación das medidas específicas de atención ao alumnado con NEAE.
18. Grao de desenvolvemento das actividades complementarias e extraescolares previstas
19. Adecuación dos mecanismos para informar ás familias sobre criterios de avaliación, estándares e instrumentos.
20. Adecuación dos mecanismos para informar ás familias sobre os criterios de promoción.
21. Adecuación do seguimento e da revisión da programación ao longo do curso.
22. Contribución ao plan de lectura do centro.
23. Grao de integración das TIC no desenvolvemento da materia.

## 9. Outros apartados

# PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

## Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
15023508	CEIP Plurilingüe Virxe do Mar	Narón	2024/2025

## Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación primaria	Matemáticas	3º Pri.	4	140

## Réxime

Réxime xeral-ordinario

<b>Contido</b>	<b>Páxina</b>
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	3
3.1. Relación de unidades didácticas	4
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	5
4.1. Concrecións metodolóxicas	19
4.2. Materiais e recursos didácticos	20
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	20
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	21
6. Medidas de atención á diversidade	22
7.1. Concreción dos elementos transversais	22
7.2. Actividades complementarias	23
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	24
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	24
9. Outros apartados	25



## 1. Introducción

As matemáticas están presentes en todas as áreas da nosa vida, xogan un papel esencial no desenvolvemento de habilidades que capacitarán ao noso alumnado para afrontar problemas futuros, tanto no ámbito persoal como no ámbito de traballo; promoven o razoamento, a argumentación, a comunicación, a perseveranza, a toma de decisións ou a creatividade.

A través desta programación na área de matemáticas preténdese conseguir que as alumnas/os coñezan a vinculación da área coas outras áreas do coñecemento, que adquirían destrezas para a resolución de problemas, que aprendan a seleccionar as ferramentas máis adecuadas para a súa resolución, a interpretar as posibles solucións e a adoptar as decisións máis adecuadas a cada caso. En definitiva, preténdese que todo o alumnado desenvolva ao máximo as súas potencialidades e adquira un interese pola investigación e a perseveranza na búsqueda das solucións a calquera situación problemática que se lle presente.

### CONTEXTO DO CENTRO:

O CEIP Plurilingüe Virxe do Mar está localizado na zona urbana de Narón (provincia de A Coruña). O contexto socioeconómico e cultural do barrio onde se ubica é moi diverso, dándose a circunstancia de que moitas familias proceden doutras autonomías e tamén do estranxeiro. Por todo isto, existe unha grande diversidade lingüística e, sobre todo, cultural. No nivel de 3º de Educación Primaria hai matriculados 28 alumnos/as distribuídos en dous grupos de 14 alumnos/as cada un: 3º A e 3º B.

Este grupo está iniciado na aprendizaxe das matemáticas baseado na metodoloxía ABN, metodoloxía coa que se continuará no presente curso.

## 2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Interpretar situacións da vida cotiá proporcionando unha representación matemática destas mediante conceptos, ferramentas e estratexias, para analizar a información máis relevante.			1-2-4	2	5		1-3	4
OBX2 - Resolver situacións problematizadas, aplicando diferentes técnicas, estratexias e formas de razoamento, para explorar distintas maneiras de proceder, obter solucións e asegurar a súa validez desde un punto de vista formal e en relación co contexto exposto.			1-2		4-5		3	
OBX3 - Explorar, formular e comprobar conxecturas sinxelas ou formular problemas de tipo matemático en situacións baseadas na vida cotiá, de forma guiada, recoñecendo o valor do razoamento e a argumentación, para contrastar a súa validez, adquirir e integrar novo coñecemento.	1		1-2	1-3-5			3	
OBX4 - Utilizar o pensamento computacional, organizando datos, descompoñendo en partes, recoñecendo patróns, xeneralizando e interpretando, modificando e creando algoritmos de forma guiada, para modelizar e automatizar situacións da vida cotiá.			1-2-3	1-3-5			3	

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX5 - Recoñecer e utilizar conexións entre as diferentes ideas matemáticas, así como identificar as matemáticas noutras áreas ou na vida cotiá, interrelacionando conceptos e procedementos, para interpretar situacións e contextos diversos.			1-3	3-5		4		1
OBX6 - Comunicar e representar, de forma individual e colectiva, conceptos, procedementos e resultados matemáticos, utilizando a linguaxe oral, escrita, gráfica, multimodal e a terminoloxía matemática apropiadas, para dar significado e permanencia ás ideas matemáticas	1-3		2-4	1-5			3	4
OBX7 - Desenvolver destrezas persoais que axuden a identificar e xestionar emocións ao enfrontarse a retos matemáticos, fomentando a confianza nas propias posibilidades, aceptando o erro como parte do proceso de aprendizaxe e adaptándose ás situacións de incerteza, para mellorar a perseveranza e gozar na aprendizaxe das matemáticas.			5		1-4-5		2-3	
OBX8 - Desenvolver destrezas sociais, recoñecendo e respectando as emocións, as experiencias das e dos demais e o valor da diversidade, participando activamente en equipos de traballo heteroxéneos, mixtos e diversos con roles asignados, para construír unha identidade positiva como estudante de matemáticas, fomentar o benestar persoal e crear relacións saudables.	5	3	3		1-3	2-3		

**Descrición:**

**3.1. Relación de unidades didácticas**

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	Xogamos cos números	Nesta primeira unidade didáctica traballarase a numeración con números de tres e catro cifras atendendo ao valor posicional das cifras e á súa descomposición, paso fundamental para seguir avanzando máis adiante no cálculo. Traballaremos cantidades, dobres e metades, escaleiras ascendentes e descendentes, sumas e restas con números de tres cifras, significado e escritura dos números ordinais ata o 20º.	15	25	X		

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	Xogamos cos números	Abordaremos a resolución de problemas de suma e resta desde unha perspectiva práctica e realista. Como proxecto propónse un torneo de xogo da escoba, como ferramenta para axilizar o cálculo mental e introducir a estatística a través do reconto dos puntos obtidos en táboas comparativas.	15	25	X		
2	Aprendemos a medir	Nesta unidade didáctica estudaremos as unidades de medida do sistema métrico decimal e a medida do tempo, así como as súas equivalencias.	15	25	X		
3	Cantamos coas matemáticas	Nesta unidade didáctica propónse a aprendizaxe das táboas de multiplicar a través do recitado de poemas ou cancións que faciliten a súa memorización. Seguiremos traballando problemas nos que interveña a multiplicación por unha e dúas cifras.	20	25		X	
4	A merenda	Nesta unidade didáctica introduciremos o concepto de fracción a través dunha proposta de merenda saudable na clase na que participe todo o alumnado. Tamén iniciaremos a división como reparto a través da relación desta coas fraccións.	20	25		X	
5	Cantos cartos tes?	Nesta unidade didáctica iniciaremos as operacións con números decimais traballando coas moedas e billetes, as equivalencias entre elas e as conversións. Tamén se plantexarán problemas nos que se simulen compras de distintos produtos para introducir ao alumnado o concepto de consumo responsable.	15	20			X
6	A xeometría do mundo	Nesta unidade didáctica estudaremos elementos xeométricos da nosa contorna presentes tanto na natureza como no espazo urbano: buscaremos figuras xeométricas planas e corpos xeométricos, relacións de paralelismo, perpendicularidade, simetrías...	15	20			X

### 3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	Xogamos cos números	25

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA1.2 - Interpretar, de forma verbal ou gráfica, problemas da vida cotiá, comprendendo as preguntas formuladas a través de diferentes estratexias ou ferramentas, incluídas as tecnolóxicas.	Comprender as preguntas formuladas a través de diferentes estratexias ou ferramentas, recoñecendo a información contida en problemas da vida cotiá.	PE	50
CA1.3 - Producir representacións matemáticas a través de esquemas ou diagramas que axuden na resolución dunha situación problematizada.	Producir exemplos de representacións de situacións problematizadas sinxelas con recursos manipulativos e gráficos que axuden na resolución dun problema da vida cotiá.		
CA1.4 - Comparar entre diferentes estratexias para resolver un problema de forma pautada.	Empregar algunhas estratexias adecuadas na resolución de problemas.		
CA1.5 - Obter posibles solucións dun problema seguindo algunha estratexia coñecida.	Obter posibles solucións a problemas, de forma guiada, aplicando estratexias básicas de resolución.		
CA1.6 - Analizar conxecturas matemáticas sinxelas investigando patróns, propiedades e relacións de forma pautada.	Realizar conxecturas matemáticas sinxelas investigando patróns, propiedades e relacións de forma guiada.		
CA1.9 - Explicar os procesos e ideas matemáticas, os pasos seguidos na resolución dun problema ou os resultados obtidos utilizando unha linguaxe matemática sinxela en diferentes formatos.	Explicar ideas e procesos matemáticos sinxelos, os pasos seguidos na resolución dun problema ou os resultados matemáticos de forma verbal ou gráfica.		
CA4.8 - Realizar conexións entre os diferentes elementos matemáticos aplicando coñecementos e experiencias propios.	Recoñecer conexións entre os diferentes elementos matemáticos aplicando coñecementos e experiencias propios.	TI	50
CA1.1 - Mostrar actitudes positivas ante retos matemáticos tales como o esforzo e a flexibilidade, valorando o erro como unha oportunidade de aprendizaxe.	Expresar actitudes positivas ante novos retos matemáticos, valorando o erro como unha oportunidade de aprendizaxe.		
CA1.7 - Empregar ferramentas tecnolóxicas adecuadas no proceso de resolución de problemas.	Empregar ferramentas tecnolóxicas adecuadas, de forma guiada, no proceso de resolución de problemas.		
CA5.6 - Interpretar situacións en contextos diversos recoñecendo as conexións entre as matemáticas e a vida cotiá.	Recoñecer as matemáticas presentes na vida cotiá e noutras áreas, establecendo conexións sinxelas entre elas.		
CA6.1 - Identificar as emocións propias ao abordar novos retos matemáticos, pedindo axuda só cando sexa necesario e desenvolvendo a autoconfianza.	Recoñecer as emocións básicas propias ao abordar novos retos matemáticos, pedindo axuda só cando sexa necesario.		
CA6.2 - Mostrar actitudes positivas ante novos retos matemáticos tales como o esforzo e a flexibilidade, valorando o erro como unha oportunidade de aprendizaxe.	Expresar actitudes positivas ante novos retos matemáticos, valorando o erro como unha oportunidade de aprendizaxe.		
CA6.3 - Traballar en equipo activa e respectuosamente comunicándose adecuadamente, respectando a diversidade do grupo e establecendo relacións saudables baseadas no respecto, a igualdade e a resolución pacífica de conflitos.	Participar respectuosamente no traballo en equipo, establecendo relacións saudables baseadas no respecto, a igualdade e a resolución pacífica de conflitos.		
CA6.4 - Participar na repartición de tarefas, asumindo e respectando as responsabilidades individuais asignadas e empregando estratexias cooperativas sinxelas de traballo en equipo dirixidas á consecución de obxectivos compartidos.	Aceptar a tarefa e rol asignado no traballo en equipo, cumprindo coas responsabilidades individuais e contribuíndo á consecución dos obxectivos do grupo.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Contaxe                             <ul style="list-style-type: none"> <li>- Estratexias para contar e recontar sistematicamente e a súa adaptación do cálculo ao tamaño dos números a partir da manipulación e representación en situacións variadas e cotiás con cantidades ata o 9.999 con explicación, comparación e reflexión sobre as estratexias e os procesos seguidos.</li> <li>- Realización de series ascendentes e descendentes de números de forma manipulativa, simbólica e tecnolóxica (calculadora) a partir dun número dado como introdución ao cálculo mental e a outras operacións, con valoración do erro como unha oportunidade de aprendizaxe.</li> </ul> </li> <li>- Cantidade                             <ul style="list-style-type: none"> <li>- Identificación, lectura e escritura de números naturais ata o 9.999 en textos e contextos familiares e habituais.</li> <li>- Composición, descomposición e recomposición manipulativa, gráfica e simbólica de números naturais ata 9.999 con investigación de propiedades e relacións, explicación do proceso e interpretación do valor posicional das cifras (unidades, decenas, centenas e milleiros)</li> <li>- Estimación razoada de cantidades ata o 9.999 e redondeo en problemas cotiás mediante estratexias diversificadas, descrición da idoneidade das solucións e aceptación do erro como parte do proceso de mellora.</li> </ul> </li> <li>- Sentido das operacións                             <ul style="list-style-type: none"> <li>- Estratexias de cálculo mental para resolver operacións de suma, resta, multiplicación (dobre, tripla) e división (metade, terzo) en situacións habituais e significativas, con explicación dos procesos seguidos, aceptación dos erros como unha oportunidade de aprendizaxe e como recurso para evitar a frustración.</li> <li>- Resolución de problemas da vida cotiá que impliquen a comprensión da utilidade das sumas, restas e multiplicacións, seguindo os procesos adecuados.</li> <li>- Procesos na resolución de problemas: interpretación e representación da situación, determinación de datos útiles, formulación de hipótese de resolución e proposta de plan, contraste de puntos de vista, simbolización, elaboración e expresión da solución, verificación e interpretación en contexto dos resultados obtidos, expresión de forma ordenada e nas unidades correctas con explicitación do proceso seguido.</li> <li>- Formulación de problemas que se resolvan con sumas, restas ou multiplicacións baseados en situacións familiares e cotiás.</li> <li>- Estratexias e ferramentas de resolución de sumas, restas e multiplicacións de números naturais con flexibilidade e sentido en situacións contextualizadas: propiedades das operacións.</li> <li>- Uso de calculadora como recurso para verificar os resultados de operacións realizadas en problemas, unha vez establecida a idoneidade do proceso.</li> </ul> </li> <li>- Relacións                             <ul style="list-style-type: none"> <li>- Sistema de numeración de base dez para a comprensión do valor posicional das cifras dos números ata o 9.999, as súas equivalencias e a súa aplicación nas relacións que xera nas operacións.</li> <li>- Resolución de problemas cotiás que impliquen a comparación e ordenación de números cardinais ata o 9.999 e ordinais ata o 20º cun uso adecuado da simboloxía das relacións.</li> <li>- Estratexias manipulativas e gráficas para establecer relacións entre a suma e a resta, e entre a suma e a multiplicación: aplicación en contextos cotiás.</li> </ul> </li> <li>- Patróns                             <ul style="list-style-type: none"> <li>- Estratexias para a identificación, descrición verbal, representación e predición razoada de termos a partir das regularidades nunha colección de números, figuras ou imaxes con anticipación ou extensión da secuencia.</li> </ul> </li> <li>- Organización e análise de datos                             <ul style="list-style-type: none"> <li>- Estratexias guiadas de recollida e reconto de datos cualitativos ou cuantitativos discretos da vida cotiá, análise, clasificación e organización destes, interpretación da frecuencia absoluta e representación con gráficas sinxelas</li> </ul> </li> </ul>

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- para comunicalos: pictogramas, gráficas de barras e histogramas.</li> <li>- Crenzas, actitudes e emocións</li> <li>- Recursos e estratexias para regular ou tolerar a frustración ante tarefas matemáticas: recoñecemento das emocións implicadas e a súa expresión, relaxación para rebaixar a intensidade desas emocións, fixación de metas e obxectivos realistas e conseguibles, autocontrol e adestramento positivo.</li> <li>- Desenvolvemento da autonomía e coñecemento de estratexias para a toma de decisións en situacións de resolución de problemas: ofrecendo alternativas, resolvendo retos, estimulando o razoamento e reforzando os logros.</li> <li>- Realización de investigacións matemáticas individuais e en equipo como estratexia para fomentar a curiosidade, o interese e a iniciativa na súa aprendizaxe.</li> <li>- Os xogos matemáticos individuais en formato dixital, impreso e manipulativo como adestramento da perseveranza, confianza nas propias posibilidades e a superación persoal.</li> <li>- Os enigmas, adiviñas, procuras de pistas, xeroglíficos, codificación, pasatempos e retos matemáticos para incrementar a creatividade, curiosidade e gusto polas matemáticas.</li> <li>- Presentación limpa, clara e ordenada do traballo matemático que permita revisar e compartir o realizado.</li> <li>- Traballo en equipos: inclusión, respecto e diversidade</li> <li>- Identificación de actitudes non inclusivas e discriminatorias durante a realización das tarefas matemáticas en equipo, cunha actitude crítica cara a estas, ademais de sensibilidade e respecto polas diferenzas.</li> <li>- Os equipos colaborativos e cooperativos para clarificar tarefas, debater propostas, chegar a acordos, contrastar opcións, revisar e analizar producións: escoita e participación activa, responsabilidade individual, interdependencia positiva, respecto polas contribucións de todas as persoas membros do equipo.</li> <li>- Estratexias guiadas de planificación, control e organización do traballo en equipos para xestionar o tempo, a realización das tarefas, a repartición equitativa e rotatorio de roles en interacción simultánea.</li> <li>- Recoñecemento e comprensión das emocións e experiencias das e dos demais ante as matemáticas.</li> </ul>

<b>UD</b>	<b>Título da UD</b>	<b>Duración</b>
2	Aprendemos a medir	25

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA2.2 - Comparar entre diferentes estratexias para resolver un problema de forma pautada.	Empregar algunhas estratexias adecuadas na resolución de problemas.	PE	50
CA2.3 - Obter posibles solucións dun problema seguindo algunha estratexia coñecida.	Obter posibles solucións dun problema, de forma guiada, aplicando estratexias básicas de resolución.		
CA2.5 - Realizar conexións entre os diferentes elementos matemáticos aplicando coñecementos e experiencias propios.	Recoñecer conexións entre os diferentes elementos matemáticos aplicando coñecementos e experiencias propios.		
CA2.6 - Interpretar situacións en contextos diversos recoñecendo as conexións entre as matemáticas e a vida cotiá.	Recoñecer as matemáticas presentes na vida cotiá e noutras áreas, establecendo conexións sinxelas entre elas.		

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA2.7 - Recoñecer a linguaxe matemática sinxela presente na vida cotiá en diferentes formatos, adquirindo vocabulario específico básico e mostrando a comprensión da mensaxe.	Recoñecer linguaxe matemática sinxela presente na vida cotiá, adquirindo un vocabulario específico básico.		
CA2.1 - Participar na repartición de tarefas, asumindo e respectando as responsabilidades individuais asignadas e empregando estratexias cooperativas sinxelas de traballo en equipo dirixidas á consecución de obxectivos compartidos.	Aceptar a tarefa e rol asignado no traballo en equipo, cumprindo coas responsabilidades individuais e contribuíndo á consecución dos obxectivos do grupo.	TI	50
CA2.4 - Demostrar a corrección matemática das solucións dun problema e a súa coherencia no contexto exposto.	Describir verbalmente a idoneidade das solucións dun problema a partir das preguntas previamente expostas.		
CA2.8 - Explicar os procesos e ideas matemáticas, os pasos seguidos na resolución dun problema ou os resultados obtidos utilizando unha linguaxe matemática sinxela en diferentes formatos.	Explicar ideas e procesos matemáticos sinxelos, os pasos seguidos na resolución dun problema ou os resultados matemáticos de forma verbal ou gráfica.		
CA6.1 - Identificar as emocións propias ao abordar novos retos matemáticos, pedindo axuda só cando sexa necesario e desenvolvendo a autoconfianza.	Recoñecer as emocións básicas propias ao abordar novos retos matemáticos, pedindo axuda só cando sexa necesario.		
CA6.2 - Mostrar actitudes positivas ante novos retos matemáticos tales como o esforzo e a flexibilidade, valorando o erro como unha oportunidade de aprendizaxe.	Expresar actitudes positivas ante novos retos matemáticos, valorando o erro como unha oportunidade de aprendizaxe.		
CA6.3 - Traballar en equipo activa e respectuosamente comunicándose adecuadamente, respectando a diversidade do grupo e establecendo relacións saudables baseadas no respecto, a igualdade e a resolución pacífica de conflitos.	Participar respectuosamente no traballo en equipo, establecendo relacións saudables baseadas no respecto, a igualdade e a resolución pacífica de conflitos.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Magnitude</li> <li>- Identificación e exemplificación de características mensurables dos elementos do medio (lonxitude, masa, capacidade, temperatura e tempo) mediante a observación da realidade próxima.</li> <li>- Recoñecemento de unidades non convencionais e convencionais (km, m, cm, mm; kg, g; l) para realizar medicións adecuadas en situacións cotiás.</li> <li>- Identificación, ordenación, clasificación e uso das unidades de medida do tempo (ano, estación, mes, semana, día, hora e minuto) en situacións cotiás e da contorna, con determinación da duración dos períodos de tempo e a medida máis adecuada.</li> <li>- Lectura da hora en reloxos analóxicos e dixitais de forma contextualizada para planificar, regular, coñecer a duración, inicio ou finalización dun suceso.</li> <li>- Medición</li> <li>- Estratexias para realizar medicións con instrumentos e unidades non convencionais (repetición dunha unidade, uso de cuadrículas e materiais manipulativos) e convencionais.</li> <li>- Resolución de problemas, de forma individual e en equipo, que impliquen a realización de medicións convencionais e non convencionais no contexto escolar: selección e uso do instrumento adecuado (regra, cinta métrica, balanzas, reloxo analóxico e dixital), elección das unidades máis apropiadas, medición con precisión, contraste dos resultados e expresión correcta das unidades, con control e explicación do proceso seguido.</li> </ul>



## Contidos

- Estimación e relacións
- Experimentación, comparación, ordenación, composición, descomposición e expresión das equivalencias entre quilo, medio quilo e cuarto quilo ou entre litro, medio litro e cuarto litro.
- Estratexias de comparación e ordenación de medidas da mesma magnitude (km, m, cm, mm; kg, g; l, mes, semana, día, hora, minuto) e aplicación de equivalencias entre unidades para resolver problemas da vida cotiá de maneira individual e en equipo que impliquen a conversión en unidades máis pequenas.
- Estratexias de estimación de medidas (de lonxitude, masa, capacidade, tempo e temperatura) por comparación con unidades de medida coñecidas convencionais e non convencionais para aplicar en contextos habituais, con contraste dos resultados e análises da desviación como parte do proceso de aprendizaxe.
- Utilización das medidas de tempo (minutos e segundos) na planificación do traballo, no relato das experiencias persoais e na xestión das emocións: tempo de espera, tempo de calma, quendas de intervención.
- Crenzas, actitudes e emocións
- Desenvolvemento da autonomía e coñecemento de estratexias para a toma de decisións en situacións de resolución de problemas: ofrecendo alternativas, resolvendo retos, estimulando o razoamento e reforzando os logros.
- Os xogos matemáticos individuais en formato dixital, impreso e manipulativo como adestramento da perseveranza, confianza nas propias posibilidades e a superación persoal.
- Os enigmas, adiviñas, procuras de pistas, xeroglíficos, codificación, pasatempos e retos matemáticos para incrementar a creatividade, curiosidade e gusto polas matemáticas.
- Presentación limpa, clara e ordenada do traballo matemático que permita revisar e compartir o realizado.
- Traballo en equipos: inclusión, respecto e diversidade
- Identificación de actitudes non inclusivas e discriminatorias durante a realización das tarefas matemáticas en equipo, cunha actitude crítica cara a estas, ademais de sensibilidade e respecto polas diferenzas.
- Os equipos colaborativos e cooperativos para clarificar tarefas, debater propostas, chegar a acordos, contrastar opcións, revisar e analizar producións: escoita e participación activa, responsabilidade individual, interdependencia positiva, respecto polas contribucións de todas as persoas membros do equipo.
- Estratexias guiadas de planificación, control e organización do traballo en equipos para xestionar o tempo, a realización das tarefas, a repartición equitativa e rotatorio de roles en interacción simultánea.
- Recoñecemento e comprensión das emocións e experiencias das e dos demais ante as matemáticas.

UD	Título da UD	Duración
3	Cantamos coas matemáticas	25

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.4 - Comparar entre diferentes estratexias para resolver un problema de forma pautada.	Empregar algunhas estratexias adecuadas na resolución de problemas.	PE	50
CA5.2 - Comprender as preguntas formuladas a través de diferentes estratexias ou ferramentas, recoñecendo a información contida en problemas da vida cotiá.	Comprender as preguntas formuladas a través de diferentes estratexias ou ferramentas, recoñecendo a información contida en problemas da vida cotiá.		



<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA5.4 - Obter posibles solucións dun problema seguindo algunha estratexia coñecida.	Obter posibles solucións dun problema, de forma guiada, aplicando estratexias básicas de resolución.		
CA6.7 - Interpretar situacións en contextos diversos recoñecendo as conexións entre as matemáticas e a vida cotiá.	Recoñecer as matemáticas presentes na vida cotiá e noutras áreas, establecendo conexións sinxelas entre elas.		
CA6.8 - Explicar os procesos e ideas matemáticas, os pasos seguidos na resolución dun problema ou os resultados obtidos utilizando unha linguaxe matemática sinxela en diferentes formatos.	Explicar ideas e procesos matemáticos sinxelos, os pasos seguidos na resolución dun problema ou os resultados matemáticos de forma verbal ou gráfica.		
CA1.7 - Empregar ferramentas tecnolóxicas adecuadas no proceso de resolución de problemas.	Empregar ferramentas tecnolóxicas adecuadas, de forma guiada, no proceso de resolución de problemas.		
CA6.1 - Identificar as emocións propias ao abordar novos retos matemáticos, pedindo axuda só cando sexa necesario e desenvolvendo a autoconfianza.	Recoñecer as emocións básicas propias ao abordar novos retos matemáticos, pedindo axuda só cando sexa necesario.	TI	50
CA6.2 - Mostrar actitudes positivas ante novos retos matemáticos tales como o esforzo e a flexibilidade, valorando o erro como unha oportunidade de aprendizaxe.	Expresar actitudes positivas ante novos retos matemáticos, valorando o erro como unha oportunidade de aprendizaxe.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Contaxe</li> <li>- Sentido das operacións</li> <li>- Estratexias de cálculo mental para resolver operacións de suma, resta, multiplicación (dobre, tripla) e división (metade, terzo) en situacións habituais e significativas, con explicación dos procesos seguidos, aceptación dos erros como unha oportunidade de aprendizaxe e como recurso para evitar a frustración.</li> <li>- Resolución de problemas da vida cotiá que impliquen a comprensión da utilidade das sumas, restas e multiplicacións, seguindo os procesos adecuados.</li> <li>- Procesos na resolución de problemas: interpretación e representación da situación, determinación de datos útiles, formulación de hipótese de resolución e proposta de plan, contraste de puntos de vista, simbolización, elaboración e expresión da solución, verificación e interpretación en contexto dos resultados obtidos, expresión de forma ordenada e nas unidades correctas con explicitación do proceso seguido.</li> <li>- Formulación de problemas que se resolvan con sumas, restas ou multiplicacións baseados en situacións familiares e cotiás.</li> <li>- Estratexias e ferramentas de resolución de sumas, restas e multiplicacións de números naturais con flexibilidade e sentido en situacións contextualizadas: propiedades das operacións.</li> <li>- Construción manipulativa, gráfica e simbólica das táboas de multiplicar con base no número de veces, suma repetida ou disposición en cuadrículas para facilitar o cálculo mental.</li> <li>- Uso de calculadora como recurso para verificar os resultados de operacións realizadas en problemas, unha vez establecida a idoneidade do proceso.</li> <li>- Relacións</li> <li>- Estratexias manipulativas e gráficas para establecer relacións entre a suma e a resta, e entre a suma e a multiplicación: aplicación en contextos cotiás.</li> <li>- Organización e análise de datos</li> </ul>

### Contidos

- Formulación en equipo, a partir de modelos, de problemas relacionados co contexto próximo nos que interveña a lectura, interpretación ou representación de gráficas e táboas de datos.
- Crenzas, actitudes e emocións
- Recursos e estratexias para regular ou tolerar a frustración ante tarefas matemáticas: recoñecemento das emocións implicadas e a súa expresión, relaxación para rebaixar a intensidade desas emocións, fixación de metas e obxectivos realistas e conseguibles, autocontrol e adestramento positivo.
- Desenvolvemento da autonomía e coñecemento de estratexias para a toma de decisións en situacións de resolución de problemas: ofrecendo alternativas, resolvendo retos, estimulando o razoamento e reforzando os logros.
- Realización de investigacións matemáticas individuais e en equipo como estratexia para fomentar a curiosidade, o interese e a iniciativa na súa aprendizaxe.
- Os xogos matemáticos individuais en formato dixital, impreso e manipulativo como adestramento da perseveranza, confianza nas propias posibilidades e a superación persoal.
- Os enigmas, adiviñas, procuras de pistas, xeroglíficos, codificación, pasatempos e retos matemáticos para incrementar a creatividade, curiosidade e gusto polas matemáticas.
- Presentación limpa, clara e ordenada do traballo matemático que permita revisar e compartir o realizado.
- Traballo en equipos: inclusión, respecto e diversidade
- Identificación de actitudes non inclusivas e discriminatorias durante a realización das tarefas matemáticas en equipo, cunha actitude crítica cara a estas, ademais de sensibilidade e respecto polas diferenzas.
- Os equipos colaborativos e cooperativos para clarificar tarefas, debater propostas, chegar a acordos, contrastar opcións, revisar e analizar producións: escoita e participación activa, responsabilidade individual, interdependencia positiva, respecto polas contribucións de todas as persoas membros do equipo.
- Recoñecemento e comprensión das emocións e experiencias das e dos demais ante as matemáticas.

UD	Título da UD	Duración
4	A merenda	25

Crterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.3 - Producir representacións matemáticas a través de esquemas ou diagramas que axuden na resolución dunha situación problematizada.	Producir exemplos de representacións de situacións problematizadas sinxelas con recursos manipulativos e gráficos que axuden na resolución dun problema da vida cotiá.	PE	50
CA1.5 - Obter posibles solucións dun problema seguindo algunha estratexia coñecida.	Obter posibles solucións dun problema, de forma guiada, aplicando estratexias básicas de resolución.		
CA1.8 - Interpretar situacións en contextos diversos recoñecendo as conexións entre as matemáticas e a vida cotiá.	Recoñecer as matemáticas presentes na vida cotiá e noutras áreas, establecendo conexións sinxelas entre elas.		
CA4.9 - Explicar os procesos e ideas matemáticas, os pasos seguidos na resolución dun problema ou os resultados obtidos utilizando unha linguaxe matemática sinxela en diferentes formatos.	Explicar ideas e procesos matemáticos sinxelos, os pasos seguidos na resolución dun problema ou os resultados matemáticos de forma verbal ou gráfica.		

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA5.3 - Comparar entre diferentes estratexias para resolver un problema de forma pautada.	Empregar algunhas estratexias adecuadas na resolución de problemas.		
CA1.7 - Empregar ferramentas tecnolóxicas adecuadas no proceso de resolución de problemas.	Empregar ferramentas tecnolóxicas adecuadas, de forma guiada, no proceso de resolución de problemas.	TI	50
CA5.1 - Traballar en equipo activa e respectuosamente comunicándose adecuadamente, respectando a diversidade do grupo e establecendo relacións saudables baseadas no respecto, a igualdade e a resolución pacífica de conflitos.	Participar respectuosamente no traballo en equipo, establecendo relacións saudables baseadas no respecto, a igualdade e a resolución pacífica de conflitos.		
CA6.1 - Identificar as emocións propias ao abordar novos retos matemáticos, pedindo axuda só cando sexa necesario e desenvolvendo a autoconfianza.	Recoñecer as emocións básicas propias ao abordar novos retos matemáticos, pedindo axuda só cando sexa necesario.		
CA6.2 - Mostrar actitudes positivas ante novos retos matemáticos tales como o esforzo e a flexibilidade, valorando o erro como unha oportunidade de aprendizaxe.	Expresar actitudes positivas ante novos retos matemáticos, valorando o erro como unha oportunidade de aprendizaxe.		
CA6.6 - Realizar conexións entre os diferentes elementos matemáticos aplicando coñecementos e experiencias propios.	Recoñecer conexións entre os diferentes elementos matemáticos aplicando coñecementos e experiencias propios.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Contaxe</li> <li>- Sentido das operacións</li> <li>- Estratexias de cálculo mental para resolver operacións de suma, resta, multiplicación (dobre, tripla) e división (metade, terzo) en situacións habituais e significativas, con explicación dos procesos seguidos, aceptación dos erros como unha oportunidade de aprendizaxe e como recurso para evitar a frustración.</li> <li>- Resolución de problemas da vida cotiá que impliquen a comprensión da utilidade das sumas, restas e multiplicacións, seguindo os procesos adecuados.</li> <li>- Procesos na resolución de problemas: interpretación e representación da situación, determinación de datos útiles, formulación de hipótese de resolución e proposta de plan, contraste de puntos de vista, simbolización, elaboración e expresión da solución, verificación e interpretación en contexto dos resultados obtidos, expresión de forma ordenada e nas unidades correctas con explicitación do proceso seguido.</li> <li>- Estratexias manipulativas e gráficas para a comprensión da división como repartición, agrupamentos ou fraccionamento en situacións de resolución de problemas en contextos reais, previas á utilización do algoritmo por comparación dos procedementos.</li> <li>- Uso de calculadora como recurso para verificar os resultados de operacións realizadas en problemas, unha vez establecida a idoneidade do proceso.</li> <li>- Modelo matemático</li> <li>- Resolución de problemas da vida cotiá a partir dun proceso pautado de modelización con debuxos, esquemas, diagramas, manipulables, dramatizacións, guión de preguntas para interpretar o enunciado, recoñecer os datos útiles, elaborar e contrastar hipóteses, buscar o plan de acción, perseverar na solución, simbolizar e realizar os cálculos, comprobar solucións e expresar clara e correctamente o resultado.</li> <li>- Organización e análise de datos</li> <li>- Extracción e interpretación de información relacionada co contexto familiar e próximo a través da lectura individual e en equipos de gráficos estatísticos (pictogramas, diagramas de barras, histogramas); uso desa información na</li> </ul>

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- resolución de problemas.</li> <li>- Formulación en equipo, a partir de modelos, de problemas relacionados co contexto próximo nos que interveña a lectura, interpretación ou representación de gráficas e táboas de datos.</li> <li>- Crenzas, actitudes e emocións</li> <li>- Recursos e estratexias para regular ou tolerar a frustración ante tarefas matemáticas: recoñecemento das emocións implicadas e a súa expresión, relaxación para rebaixar a intensidade desas emocións, fixación de metas e obxectivos realistas e conseguibles, autocontrol e adestramento positivo.</li> <li>- Desenvolvemento da autonomía e coñecemento de estratexias para a toma de decisións en situacións de resolución de problemas: ofrecendo alternativas, resolvendo retos, estimulando o razoamento e reforzando os logros.</li> <li>- Realización de investigacións matemáticas individuais e en equipo como estratexia para fomentar a curiosidade, o interese e a iniciativa na súa aprendizaxe.</li> <li>- Os xogos matemáticos individuais en formato dixital, impreso e manipulativo como adestramento da perseveranza, confianza nas propias posibilidades e a superación persoal.</li> <li>- Os enigmas, adiviñas, procuras de pistas, xeroglíficos, codificación, pasatempos e retos matemáticos para incrementar a creatividade, curiosidade e gusto polas matemáticas.</li> <li>- Presentación limpa, clara e ordenada do traballo matemático que permita revisar e compartir o realizado.</li> <li>- Traballo en equipos: inclusión, respecto e diversidade</li> <li>- Identificación de actitudes non inclusivas e discriminatorias durante a realización das tarefas matemáticas en equipo, cunha actitude crítica cara a estas, ademais de sensibilidade e respecto polas diferenzas.</li> <li>- Os equipos colaborativos e cooperativos para clarificar tarefas, debater propostas, chegar a acordos, contrastar opcións, revisar e analizar producións: escoita e participación activa, responsabilidade individual, interdependencia positiva, respecto polas contribucións de todas as persoas membros do equipo.</li> <li>- Recoñecemento e comprensión das emocións e experiencias das e dos demais ante as matemáticas.</li> <li>- Recoñecemento das contribucións de mulleres e homes en matemáticas e a súa achega a diversos ámbitos do saber como mecanismo de construción dunha identidade positiva propia.</li> </ul>

<b>UD</b>	<b>Título da UD</b>	<b>Duración</b>
5	Cantos cartos tes?	20

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA4.2 - Producir representacións matemáticas, a través de esquemas ou diagramas, que axuden na resolución dunha situación problematizada.	Producir exemplos de representacións de situacións problematizadas sinxelas con recursos manipulativos e gráficos que axuden na resolución dun problema da vida cotiá.	PE	50
CA4.3 - Comparar entre diferentes estratexias para resolver un problema de forma pautada.	Empregar algunhas estratexias adecuadas na resolución de problemas.		
CA4.4 - Obter posibles solucións dun problema seguindo algunha estratexia coñecida.	Obter posibles solucións dun problema, de forma guiada, aplicando estratexias básicas de resolución.		

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA4.5 - Analizar conxecturas matemáticas sinxelas investigando patróns, propiedades e relacións de forma pautada.	Realizar conxecturas matemáticas sinxelas investigando patróns, propiedades e relacións de forma guiada.		
CA4.6 - Automatizar situacións sinxelas da vida cotiá que se realicen paso a paso ou sigan unha rutina utilizando de forma pautada principios básicos do pensamento computacional.	Describir rutinas e actividades sinxelas da vida cotiá que se realicen paso a paso, utilizando principios básicos do pensamento computacional de forma guiada.		
CA5.8 - Explicar os procesos e ideas matemáticas, os pasos seguidos na resolución dun problema ou os resultados obtidos utilizando unha linguaxe matemática sinxela en diferentes formatos.	Explicar ideas e procesos matemáticos sinxelos, os pasos seguidos na resolución dun problema ou os resultados matemáticos de forma verbal ou gráfica.		
CA1.8 - Interpretar situacións en contextos diversos recoñecendo as conexións entre as matemáticas e a vida cotiá.	Recoñecer as matemáticas presentes na vida cotiá e noutras áreas, establecendo conexións sinxelas entre elas.		
CA4.1 - Identificar as emocións propias ao abordar novos retos matemáticos, pedindo axuda só cando sexa necesario e desenvolvendo así a autoconfianza.	Recoñecer as emocións básicas propias ao abordar novos retos matemáticos, pedindo axuda só cando sexa necesario.		
CA4.7 - Empregar ferramentas tecnolóxicas adecuadas no proceso de resolución de problemas.	Empregar ferramentas tecnolóxicas, de forma guiada, no proceso de resolución de problemas.		
CA5.7 - Recoñecer a linguaxe matemática sinxela presente na vida cotiá en diferentes formatos, adquirindo vocabulario específico básico e mostrando a comprensión da mensaxe.	Recoñecer linguaxe matemática sinxela presente na vida cotiá, adquirindo un vocabulario específico básico.	TI	50
CA6.1 - Identificar as emocións propias ao abordar novos retos matemáticos, pedindo axuda só cando sexa necesario e desenvolvendo a autoconfianza.	Recoñecer as emocións básicas propias ao abordar novos retos matemáticos, pedindo axuda só cando sexa necesario.		
CA6.2 - Mostrar actitudes positivas ante novos retos matemáticos tales como o esforzo e a flexibilidade, valorando o erro como unha oportunidade de aprendizaxe.	Expresar actitudes positivas ante novos retos matemáticos valorando o erro como unha oportunidade de aprendizaxe.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Contaxe</li> <li>- Educación financeira</li> <li>- Identificación e experimentación en problemas da vida cotiá que requiran administración do diñeiro, fomento do aforro e do consumo responsable en contextos de xogo.</li> <li>- Estimación do gasto que se vai realizar e das moedas e billetes necesarios para pagar en situacións de compra simulada, contraste das estimacións e rectificación en función deses contrastes.</li> <li>- Formulación e resolución de problemas, de maneira individual e en equipo, nos que sexa necesario o uso de moedas e billetes, con verificación do resultado e aceptación da necesidade de rectificar en función do erro.</li> <li>- Patróns</li> <li>- Estratexias para a identificación, descrición verbal, representación e predición razoada de termos a partir das regularidades nunha colección de números, figuras ou imaxes con anticipación ou extensión da secuencia.</li> <li>- Modelo matemático</li> </ul>

## Contidos

- Resolución de problemas da vida cotiá a partir dun proceso pautado de modelización con debuxos, esquemas, diagramas, manipulables, dramatizacións, guión de preguntas para interpretar o enunciado, recoñecer os datos útiles, elaborar e contrastar hipóteses, buscar o plan de acción, perseverar na solución, simbolizar e realizar os cálculos, comprobar solucións e expresar clara e correctamente o resultado.
- Relacións e funcións
- Comparación entre expresións que inclúan obxectos, números, operacións e as súas propiedades, con explicación das relacións de igualdade e desigualdade no contexto cotián e uso adecuado da simboloxía ( $=$ ,  $?$ ,  $>$ ,
- A igualdade como expresión dunha relación de equivalencia entre dous elementos, obtención de datos sinxelos descoñecidos (representados por medio dun símbolo) ou completión de datos en relacións de igualdade en xogos e retos matemáticos, con persistencia na obtención, contraste e comprobación de que o dato obtido é correcto.
- Pensamento computacional
- Interpretación de algoritmos sinxelos en situacións cotiás (rutinas diarias, instrucións por pasos ou fases ordenadas) mediante estratexias sinxelas persoais ou modeladas.
- Representación de situacións con secuencias de instrucións ou algoritmos sinxelos.
- Organización e análise de datos
- Estratexias guiadas de recollida e reconto de datos cualitativos ou cuantitativos discretos da vida cotiá, análise, clasificación e organización destes, interpretación da frecuencia absoluta e representación con gráficas sinxelas para comunicalos: pictogramas, gráficas de barras e histogramas.
- Crenzas, actitudes e emocións
- Recursos e estratexias para regular ou tolerar a frustración ante tarefas matemáticas: recoñecemento das emocións implicadas e a súa expresión, relaxación para rebaixar a intensidade desas emocións, fixación de metas e obxectivos realistas e conseguibles, autocontrol e adestramento positivo.
- Desenvolvemento da autonomía e coñecemento de estratexias para a toma de decisións en situacións de resolución de problemas: ofrecendo alternativas, resolvendo retos, estimulando o razoamento e reforzando os logros.
- Realización de investigacións matemáticas individuais e en equipo como estratexia para fomentar a curiosidade, o interese e a iniciativa na súa aprendizaxe.
- Os xogos matemáticos individuais en formato dixital, impreso e manipulativo como adestramento da perseveranza, confianza nas propias posibilidades e a superación persoal.
- Os enigmas, adiviñas, procuras de pistas, xeroglíficos, codificación, pasatempos e retos matemáticos para incrementar a creatividade, curiosidade e gusto polas matemáticas.
- Presentación limpa, clara e ordenada do traballo matemático que permita revisar e compartir o realizado.
- Traballo en equipos: inclusión, respecto e diversidade
- Identificación de actitudes non inclusivas e discriminatorias durante a realización das tarefas matemáticas en equipo, cunha actitude crítica cara a estas, ademais de sensibilidade e respecto polas diferenzas.
- Os equipos colaborativos e cooperativos para clarificar tarefas, debater propostas, chegar a acordos, contrastar opcións, revisar e analizar producións: escoita e participación activa, responsabilidade individual, interdependencia positiva, respecto polas contribucións de todas as persoas membros do equipo.
- Recoñecemento e comprensión das emocións e experiencias das e dos demais ante as matemáticas.

UD	Título da UD	Duración
6	A xeometría do mundo	20

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.2 - Producir representacións matemáticas, a través de esquemas ou diagramas, que axuden na resolución dunha situación problematizada.	Producir exemplos de representacións de situacións problematizadas sinxelas con recursos manipulativos e gráficos que axuden na resolución dun problema da vida cotiá.	PE	50
CA3.3 - Comparar entre diferentes estratexias para resolver un problema de forma pautada.	Empregar algunhas estratexias adecuadas na resolución de problemas.		
CA3.4 - Automatizar situacións sinxelas da vida cotiá que se realicen paso a paso ou sigan unha rutina utilizando de forma pautada principios básicos do pensamento computacional.	Describir rutinas e actividades sinxelas da vida cotiá que se realicen paso a paso, utilizando principios básicos do pensamento computacional de forma guiada.		
CA3.5 - Realizar conexións entre os diferentes elementos matemáticos aplicando coñecementos e experiencias propios.	Recoñecer conexións entre os diferentes elementos matemáticos aplicando coñecementos e experiencias propios.		
CA3.8 - Explicar os procesos e ideas matemáticas, os pasos seguidos na resolución dun problema ou os resultados obtidos utilizando unha linguaxe matemática sinxela en diferentes formatos.	Explicar ideas e procesos matemáticos sinxelos, os pasos seguidos na resolución dun problema ou os resultados matemáticos de forma verbal ou gráfica.		
CA6.5 - Analizar conxecturas matemáticas sinxelas investigando patróns, propiedades e relacións de forma pautada.	Realizar conxecturas matemáticas sinxelas investigando patróns, propiedades e relacións de forma guiada.		
CA3.1 - Participar na repartición de tarefas, asumindo e respectando as responsabilidades individuais asignadas e empregando estratexias cooperativas sinxelas de traballo en equipo dirixidas á consecución de obxectivos compartidos.	Aceptar a tarefa e rol asignado no traballo en equipo, cumprindo coas responsabilidades individuais e contribuíndo á consecución dos obxectivos do grupo.	TI	50
CA3.6 - Interpretar situacións en contextos diversos, recoñecendo as conexións entre as matemáticas e a vida cotiá.	Recoñecer as matemáticas presentes na vida cotiá e noutras áreas, establecendo conexións sinxelas entre elas.		
CA3.7 - Recoñecer a linguaxe matemática sinxela presente na vida cotiá en diferentes formatos, adquirindo un vocabulario específico básico e mostrando a comprensión da mensaxe	Recoñecer linguaxe matemática sinxela presente na vida cotiá, adquirindo un vocabulario específico básico.		
CA5.5 - Dar exemplos de problemas sobre situacións cotiás que se resolven matematicamente.	Dar exemplos de problemas a partir de situacións cotiás que se resolven matematicamente.		
CA6.1 - Identificar as emocións propias ao abordar novos retos matemáticos, pedindo axuda só cando sexa necesario e desenvolvendo a autoconfianza.	Recoñecer as emocións básicas propias ao abordar novos retos matemáticos, pedindo axuda só cando sexa necesario.		
CA6.2 - Mostrar actitudes positivas ante novos retos matemáticos tales como o esforzo e a flexibilidade, valorando o erro como unha oportunidade de aprendizaxe.	Expresar actitudes positivas ante novos retos matemáticos, valorando o erro como unha oportunidade de aprendizaxe.		



Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Figuras xeométricas de dúas e tres dimensións</li> <li>- Interpretación e elaboración de mensaxes e descrições que supoñan a identificación e clasificación de figuras xeométricas (triángulos, cuadriláteros, círculos), dos seus elementos (lados, vértices, ángulos) e propiedades en obxectos e imaxes da súa contorna.</li> <li>- Identificación e clasificación de corpos xeométricos (cubos, prismas e pirámides) en obxectos e imaxes da súa contorna, explicación do proceso seguido e demostrando curiosidade por descubrir relacións.</li> <li>- Exploración individual e en equipo de propiedades de figuras xeométricas de dúas e tres dimensións mediante materiais manipulables (cuadrículas, xeoplanos, polícubos, bloques xeométricos, organicubos, katamino, crebacabezas xeométricos, tangram) para buscar regularidades, comparalas e clasificalas con criterios sinxelos con explicación do proceso.</li> <li>- Estratexias e técnicas de construción de figuras xeométricas de dúas dimensións por composición e descomposición, mediante materiais manipulables e a regra, con explicación do proceso.</li> <li>- Localización e sistemas de representación.</li> <li>- Interpretación, descrición e representación da posición relativa de obxectos no espazo con vocabulario xeométrico adecuado (paralelo, perpendicular, oblicuo, dereita, esquerda).</li> <li>- Descrición verbal e interpretación de información sobre movementos de obxectos e outros elementos do contexto, con relación a un mesmo ou a outros puntos de referencia con vocabulario xeométrico adecuado.</li> <li>- Interpretación, descrición e elaboración de itinerarios en planos e maquetas sinxelas en soportes físicos a partir do espazo vivenciado e representación con estratexias persoais e contrastadas en equipo.</li> <li>- Movementos e transformacións</li> <li>- Identificación de figuras mediante simetrías en situacións da vida cotiá.</li> <li>- Xeración de figuras a partir de simetrías dun patrón inicial.</li> <li>- Visualización, razoamento e modelización xeométrica</li> <li>- Resolución e formulación de problemas da vida cotiá que impliquen o uso de estratexias variadas para o cálculo de perímetros de figuras planas, contraste de estratexias e resultados.</li> <li>- Recoñecemento de relacións xeométricas na linguaxe oral e escrita, contextos lúdicos, artísticos, científicos, técnicos e en calquera outro ámbito da vida cotiá.</li> <li>- Organización e análise de datos</li> <li>- Incerteza</li> <li>- Utilización de expresións como seguro, posible e imposible na valoración de resultados de experiencias lúdicas ou cotiás nas que intervéen o azar.</li> <li>- Crenzas, actitudes e emocións</li> <li>- Recursos e estratexias para regular ou tolerar a frustración ante tarefas matemáticas: recoñecemento das emocións implicadas e a súa expresión, relaxación para rebaixar a intensidade desas emocións, fixación de metas e obxectivos realistas e conseguibles, autocontrol e adestramento positivo.</li> <li>- Desenvolvemento da autonomía e coñecemento de estratexias para a toma de decisións en situacións de resolución de problemas: ofrecendo alternativas, resolvendo retos, estimulando o razoamento e reforzando os logros.</li> <li>- Realización de investigacións matemáticas individuais e en equipo como estratexia para fomentar a curiosidade, o interese e a iniciativa na súa aprendizaxe.</li> <li>- Presentación limpa, clara e ordenada do traballo matemático que permita revisar e compartir o realizado.</li> </ul>



## Contidos

- Traballo en equipos: inclusión, respecto e diversidade
- Identificación de actitudes non inclusivas e discriminatorias durante a realización das tarefas matemáticas en equipo, cunha actitude crítica cara a estas, ademais de sensibilidade e respecto polas diferenzas.
- Os equipos colaborativos e cooperativos para clarificar tarefas, debater propostas, chegar a acordos, contrastar opcións, revisar e analizar producións: escoita e participación activa, responsabilidade individual, interdependencia positiva, respecto polas contribucións de todas as persoas membros do equipo.
- Estratexias guiadas de planificación, control e organización do traballo en equipos para xestionar o tempo, a realización das tarefas, a repartición equitativa e rotatorio de roles en interacción simultánea.
- Recoñecemento e comprensión das emocións e experiencias das e dos demais ante as matemáticas.

### 4.1. Concrecións metodolóxicas

Potenciarase un enfoque globalizador e interdisciplinario que teña en conta a transversalidade da aprendizaxe fundamentada en competencias.

Plantexaranse tarefas ou situacións-problema que o alumnado debe resolver facendo uso axeitado dos distintos tipos de coñecementos matemáticos, destrezas, actitudes e valores e da metodoloxía abn. Así mesmo, mediante prácticas de traballo individual e cooperativo, terase en conta a atención á diversidade e o respecto polos distintos ritmos e estilos de aprendizaxe.

Tratarase de potenciar activamente a implicación das familias nos proceso de ensino- aprendizaxe, xa que a súa colaboración redundará positivamente no rendemento e nos resultados académicos do alumnado.

En cada unidade didáctica poñerase en práctica a lectura e comprensión de textos científico - matemáticos.

Finalmente, tratarase de levar a cabo unha axeitada coordinación entre o persoal docente sobre as estratexias metodolóxicas e didácticas que se utilicen.

#### 1.- Agrupamento do alumnado

Establecer diferentes agrupamentos facilita a aprendizaxe entre iguais, a cooperación e o traballo colaborativo, a cohesión do grupo, o traballo por proxectos, a atención á diversidade e a mediación de conflitos. Segundo as características e necesidades do alumnado e segundo a natureza disciplinar da actividade os tipos de agrupamentos máis empregados serán:

Gran grupo

Pequeno grupo

Equipos de traballo cooperativo

Grupos de actividade

Cando a realización de actividades requira agrupamentos específicos (pequeno grupo, equipos...), estes dispoñeranse dentro da aula.

#### 2.- Organización dos espazos

Poderanse organizar actividades en torno a varios espazos:

- Espazos propios do grupo aula: tendo en conta mobiliario, iluminación, temperatura, materiais existentes na aula, etc. Ao rematar a clase o material e os espazos deben quedar ordenados como estaban.

- Espazos compartidos polo alumnado: biblioteca, aula de informática. Neste caso respectarase as normas xerais de utilización de espazos compartidos.

#### 3.- Organización dos tempos

As previsións de traballo na aula deben axustarse realmente ao tempo dispoñible para cada sesión de traballo, sendo flexible na medida do posible. Dentro do horario do desenvolvemento da materia tamén se terán en conta as restantes actividades organizativas do centro propostas polo Equipo de Biblioteca e polo Equipo de Dinamización da Lingua Galega.

## 4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Material manipulativo convencional: tangram, bloques lóxicos, pezas de construción, corpos xeométricos, kataminos, contas de madeira...
Material manipulativo non convencional: tapóns, palillos,
Material de medidas convencionais: balanzas, básculas, pesas, metros, cintas métricas, recipientes de capacidade, reloxos analóxicos, dixitais e de area.
Material de refugallo: botellas, caixas, envases de produtos do supermercado, ...
Material de debuxo: regra, escuadra e cartabón.
Cartos: moedas e billetes.
Recursos tecnolóxicos e dixitais: calculadora, ordenador.
Xogos didácticos físicos e en liña dentro da Aula Virtual.
Material de xogos: baralla española.
Material de apoio visual: táboa do cen, táboa do mil, táboa de conversión de unidades, táboa de multiplicar...
Outros recursos: planos, folletos, publicidade...

O currículo da área de matemáticas fai numerosas referencias á manipulación e ao emprego de material para favorecer a comprensión dos distintos contidos que veñen reflectidos nel, polo tanto, o propio texto xa nos dá unha idea dos que deben ser empregados.

Nesta programación fórmulase a clasificación anterior que pretende organizar os distintos recursos e materiais que empregaremos, se ben non pode ser considerada unha lista pechada, xa que ao longo do curso poden ser incorporados outros recursos ou materiais que faciliten a aprendizaxe.

É preciso puntualizar que o emprego de material non é un fin en si mesmo e non garante a consecución dos obxectivos, esixe dunha planificación e secuenciación ás que xa se fixo referencia no apartado anterior.

O emprego do material require dunhas pautas para o seu uso e conservación, deberán ser asumidas e respectadas por todo o alumnado e o seu cumprimento será responsabilidade individual de cada persoa, se ben o reparto e recollida do mesmo estará incluído dentro dos roles dos equipos de traballo.

A distribución e colocación do material na aula favorecerá a accesibilidade para todo o alumnado, de tal xeito que lle resulte sinxelo collelo cando sexa necesario.

## 5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Durante o mes de setembro levarase a cabo a avaliación inicial dos alumnos/as e realizaranse tarefas de repaso do curso anterior, fundamentalmente relacionadas coas estratexias de cálculo numérico (cálculo mental, descomposicións en sumas e restas, dobres, metade...), a automatización de algoritmos das operacións básicas (suma e resta con números de dúas cifras) e os procedementos de resolución de problemas de números naturais. O resto do trimestre, unha vez afianzados os contidos de repaso, continuaremos abordando os contidos curriculares recollidos nesta programación.

### DESEÑO DA AVALIACIÓN INICIAL

A avaliación inicial facilita a valoración dos coñecementos previos, das capacidades e das actitudes do alumnado, co obxecto de adecuar o proceso de ensino-aprendizaxe á realidade das súas posibilidades.

Instrumentos para a realización da avaliación inicial:

A) PARA A RECOLLIDA DE INFORMACIÓN:

Informe final das capacidades do alumnado no 2º curso de primaria.  
 Informe de 2º curso de primaria das competencias acadadas polo alumnado.  
 Entrevista co profesorado do curso anterior (sempre que sexa posible).

Entrevista coas familias do alumnado

**B) PARA UNHA VALORACIÓN MÁIS CUALITATIVA DOS COÑECEMENTOS PREVIOS :**

Fichas individualizadas de avaliación inicial da materia.

**MEDIDAS A ADOPTAR EN FUNCIÓN DOS RESULTADOS**

Desenvolveranse axustes curriculares segundo as necesidades individuais do alumnado como consecuencia dos resultados da avaliación inicial. Tamén se terá en conta a situación emocional das nenas e nenos.

Adoptaranse medidas metodolóxicas e organizativas que favorezan o pleno desenvolvemento de todo o alumnado.

**A) MEDIDAS METODOLÓXICAS:**

Atención máis individualizada dos alumnos e alumnas.

Deseño de actividades adaptadas ás capacidades dos alumnos e alumnas.

Potenciar o traballo individual e a autonomía no desempeño das actividades.

**B) MEDIDAS ORGANIZATIVAS:**

Reforzos en pequeno grupo ( 2 ou 3 alumnos/as máximo) fóra da aula a cargo do/a especialista en PT .

Reforzos individuais dentro da aula a cargo dun mestre ou mestra de apoio en estreita colaboración co especialista da área.

## 5.2. Criterios de cualificación e recuperación

### Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	Total
<b>Peso UD/ Tipo Ins.</b>	<b>15</b>	<b>15</b>	<b>20</b>	<b>20</b>	<b>15</b>	<b>15</b>	<b>100</b>
<b>Proba escrita</b>	50	50	50	50	50	50	<b>50</b>
<b>Táboa de indicadores</b>	50	50	50	50	50	50	<b>50</b>

### Criterios de cualificación:

Esta avaliación será tanto cuantitativa coma cualitativa e efectuarase nos seguintes termos:

Insuficiente (IN): 1, 2, 3 ou 4; Suficiente (SU): 5; Ben (BE): 6; Notable (NT): 7 ou 8; Sobresaliente (SB): 9 ou 10.

En cada avaliación terase en conta aspectos actitudinais, o traballo diario de clase ( cadernos, fichas, traballos, exposicións...) e exames ou probas de contidos tanto orais como escritas. Para valorar o traballo de clase e os aspectos actitudinais utilizaranse como instrumentos as táboas de indicadores que poderán ser rúbricas ou escalas de valoración.

A importancia de cada un destes aspectos no cálculo final da cualificación vén dado pola seguinte porcentaxe:

**ASPECTO AVALIABLE PORCENTAXE NA CUALIFICACIÓN**

Aspectos actitudinais 20%

Traballo de clase 30%

Probas escritas 50%

**TOTAL 100%**

A cualificación final do curso na materia calcularase tendo en conta os resultados acadados en cada unha das avaliacións e o traballo global do curso:

**TRIMESTRES PORCENTAXE NA CUALIFICACIÓN**

1º trimestre 35%

2º trimestre 35%

3º trimestre 30%

### Criterios de recuperación:

Dado que se trata dun currículo competencial e tendo en conta que os obxectivos de área se traballan en todas as avaliacións parciais, a recuperación se integrará na avaliación seguinte. Os instrumentos de avaliación empregados para avaliar os obxectivos de área a través dos criterios de avaliación suporán o emprego de contidos traballados nas avaliacións previas.

Asemade, se a valoración dos criterios de cualificación se basea en determinados instrumentos, a recuperación dos obxectivos de área non acadados será avaliado a través do mesmo tipo de instrumentos de avaliación usados na avaliación suspensa. No caso de alumnado con medidas de atención á diversidade, os instrumentos adaptaranse ás súas características.

Actualizarase a cualificación no momento en que o alumnado recupere, dado que se trata dunha avaliación progresiva nun currículo en espiral.

## 6. Medidas de atención á diversidade

Para atender á diversidade optamos por un modelo inclusivo que permitirá a posibilidade de flexibilizar o currículo xeral e convertelo en real e adaptado ás características da aula (flexibilización que abrangue flexibilidade e variedade en obxectivos, métodos, materiais e avaliación). A pretensión é eliminar os atrancos físicos, sensoriais, afectivos e cognitivos para o acceso, aprendizaxe e participación que poida amosar o alumnado na área. Trátase de actuar sobre o contorno do alumnado para que non sexa discapacitante ou limitante (flexibilizar e variar tempos, espazos, materiais, linguaxes, niveis, organizacións, materiais, accesos e agrupamentos).

Como non todo o alumnado procesa a información de igual xeito optarase por unha presentación con formatos e soportes diferentes que se acomoden ás diferentes percepcións (visual, auditiva, táctil...), comprensións, niveis de abstracción, monitoreo do progreso, intereses e tipos de linguaxe.

Tamén, neste mesmo senso, favoreceranse diversas maneiras de expresar o aprendido, as diferente linguaxes, serán elementos fundamentais a ter en conta xunto con estratexias diversificadas para as funcións executivas.

Favorecerase a accesibilidade ao material, evitándose a sobreestimulación e as distraccións innecesarias.

Promoverase a aprendizaxe entre iguais e a aprendizaxe en equipos cooperativos.

Deseñaranse actividades multinivel que permitan o traballo conxunto de todo o alumnado compartindo unha experiencia común, mais adaptada ao seu nivel e á súa capacidade de abstracción. Estas actividades deben estar inseridas en situacións de aprendizaxe, proxectos ou propostas integradas que posibiliten a contextualización necesaria.

As avaliacións inicial, do proceso e final tamén atenderán á diversidade tanto nos instrumentos de recollida de datos (que deberán ter variedade), como nos tempos (que serán flexibles en función do alumnado e o seu ritmo) e nos procedementos e instrumentos de rexistro de datos. Deberase tamén ter presentes as necesarias autoavaliacións e coavaliacións.

Ademais convén utilizar procesos de aprendizaxe acordes coa grao de madurez, flexibilizar opcións algorítmicas para permitir que o alumnado poida facelo co seu propio sistema de procesamento, facilitar diferentes fórmulas de resolución, proporcionar fórmulas diversas para relacionar os diferentes aspectos matemáticos e unilos ao contexto real. Trátase de potenciar habilidades e destrezas que leven ao coñecemento de diferentes formas de abordar as solucións matemáticas potenciando a investigación.

### 7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6
ET.1 - Comunicación audiovisual.	X	X	X	X	X	X
ET.2 - Competencia dixital.	X	X	X	X	X	X
ET.3 - Fomento da creatividade.	X	X	X	X	X	X
ET.4 - Espírito científico.	X	X	X	X	X	X
ET.5 - Espírito do emprendemento.				X	X	

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6
ET.6 - Igualdade entre homes e mulleres.	X	X	X	X	X	X
ET.7 - Educación para a paz.			X	X		
ET.8 - Educación para o consumo responsable e o desenvolvemento sostible.				X	X	
ET.9 - Educación para a saúde ( incluída a afectivo-sexual).	X	X				

**Observacións:**

As unidades didácticas formuladas van máis aló dunha secuenciación de contidos matemáticos, recollen temas que contextualizan a área coa vida cotiá, o que facilita a abordaxe dos elementos transversais.

Por outro lado, moitos dos instrumentos de avaliación foron seleccionados para amosar a adquisición da competencia matemática, implicando directamente a outras competencias, como a lingüística.

Hai cinco temas transversais que están presentes en todas as unidades didácticas. O enfoque de xénero que se formula nesta programación, así como a proposta de traballo en equipos heteroxéneos, mixtos e diversos implica que a igualdade entre mulleres e homes estea presente no día a día da aula. Por outro lado, a resolución de problemas leva implícita o traballo da comprensión lectora, e a explicación do proceso de resolución dos mesmos, a expresión oral e escrita, polo que son tratados en todas as unidades.

Por último, empregaranse o fomento da creatividade para a creación e resolución de retos e problemas, e o espírito científico propio da área para evitar en todo momento a reprodución de fórmulas ou procesos memorizados sen comprensión previa.

O resto de temas transversais teñen presenza en, alo menos, dúas das unidades propostas.

**7.2. Actividades complementarias**

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Visita ás Fragas do Eume.	Visita ao entorno natural das Fragas do Eume para coñecer a flora e fauna do lugar e plantar problemas que poden ser solucionados con enfoque matemático.	X		
Visita ao Muncyt (A Coruña).	Visita ao Museo de Ciencia e Tecnoloxía de A Coruña.		X	

**Observacións:**

Todas as saídas, celebracións e conmemoracións reflectidas no calendario escolar poden e deben ser abordadas tamén dende o punto de vista das matemáticas.

Ademais destas visitas programadas ao principio de curso faranse todas aquelas ofertadas que teñan interese para o noso alumnado ou resulten significativas en relación coa aprendizaxe da área.

## 8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
Contextualización dos contidos matemáticos na vida cotiá.
Metodoloxía empregada
Utilización de recursos e estratexias multinivel adaptadas ao alumnado e á súa diversidade.
Fomento do emprego de linguaxe matemática axeitada.
Valoración e emprego das interrogantes formuladas polo alumnado para xerar aprendizaxe.
Emprego de instrumentos de avaliación adaptados á diversidade.
- Corrección sistemática do traballo realizado polos alumnos/as.
Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos
- Equilibrio entre as actividades individuais e os traballos en grupo.
Medidas de atención á diversidade
-Proposta de actividades de ampliación e reforzo en función do ritmo de aprendizaxe dos alumnos/as.
Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais
- Coordinación co resto do profesorado do nivel.
- Coordinación co D.O. para modificar e/ou adaptar contidos, actividades, metodoloxía, recursos aos diferentes ritmos e posibilidades de aprendizaxe.
- Comunicación coas familias.

### Descrición:

Cada indicador valorarase cunha escala de 1 ao 4 coa seguinte descrición:

- 1: insuficiente
- 2: mellorable
- 3: bo
- 4: óptimo

## 8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

Avaliaremos trimestralmente a temporalización prevista na programación. No caso de non cumprir esta temporalización, analizaremos as posibles causas e proporemos as medidas correctoras necesarias para acadar a temporalización prevista na seguinte avaliación ou, se estamos na última avaliación, para incluír as modificacións necesarias na programación do vindeiro curso.

Dentro das razóns reais que deberemos analizar para saber o porqué non somos capaces de manter a temporalización prevista, son, entre outros, os seguintes:

- Número e duración das actividades propostas.

- Nivel de dificultade das actividades propostas.
- Interese e motivación do alumnado
- Tipo de actividades propostas.
- Existencia de efemérides.
- Medidas de atención á diversidade previstas.
- Participación en programas externos.
- Metodoloxía que se aplica.

## **9. Outros apartados**

# PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

## Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
15023508	CEIP Plurilingüe Virxe do Mar	Narón	2024/2025

## Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación primaria	Música e danza	3º Pri.	1	35

## Réxime

Réxime xeral-ordinario



<b>Contido</b>	<b>Páxina</b>
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	3
3.1. Relación de unidades didácticas	4
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	5
4.1. Concrecións metodolóxicas	25
4.2. Materiais e recursos didácticos	26
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	26
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	27
6. Medidas de atención á diversidade	28
7.1. Concreción dos elementos transversais	28
7.2. Actividades complementarias	30
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	30
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	31
9. Outros apartados	32

## 1. Introducción

A presente Programación Didáctica (PD) está enmarcada no "Decreto 155/2022 polo que se establece a ordenación e o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia" e o seu obxectivo é desenvolver e adaptar á realidade do CEIP Virxe do Mar os preceptos neste recollidos.

Nese senso, neste apartado esta programación remítese en primeira instancia ao reflectido na propia Introducción do Decreto na área e materia de Música e Danza, a cal, como se pode comprobar organizase arredor de dous eixes respectivamente:

- percepción e análise.
- creación e interpretación.

Neste centro, dado o contexto do alto número de alumnado procedente doutras rexións e doutros países, tanto nun eixe coma no outro farase especial fincapé no traballo das diferentes manifestacións artísticas musicais e da danza do mundo como fonte de variedade e riqueza cultural, artística e social, con especial relevancia daquelas procedentes das rexións e/ou países do alumnado inmigrante, de sorte que esta materia exerza de axente solidario e cohesionador social. O CEIP Virxe do Mar é un centro situado na zona urbana de Narón. O centro consta de doce unidades, tres de Educación Infantil e nove de Educación Primaria. Neste curso terceiro terá dous grupos (A con 13 alumnos/as e B con 14 alumnos/as).

Ademais da transversalidade que caracteriza esta materia para todas e cada unha das áreas desta etapa, a presente PD está pensada para poder traballar conxuntamente xunto coa outra materia de ámbito artístico deste centro: Educación Plástica e Visual.

Cada unha das 8 Unidades Didácticas (UD) que conforman esta PD está concibida para inculcarlle o alumnado a importancia de que o relevante non é o bonito ou feo que sexa o traballo realizado ou o seu valor artístico, senón que este sexa quen de adquirir técnicas e procedementos acordes á súa idade. A tal fin, a capacidade perceptiva, a observación, a habilidade manual e motriz e a sensibilidade ante calquera manifestación musical ou da danza debe ser potenciada. Daremos especial importancia a dotar dunhas técnicas axeitadas para que o alumnado saiba expresarse mediante a música e o corpo como outros medios de expresión e comunicación.

Nesta PD, na súa estimación do cambio de etapa a experimentar polo alumnado de 3º primaria, contempla este nivel como esa transición, especialmente no 1º trimestre. Nese senso, outro dos obxectivos chave desta será o traballo e desenvolvemento psicomotor, con especial fincapé na motricidade fina.

Por último, tendo en conta o difícil contexto COVID, e en coordinación co Departamento de Orientación (DO) deste centro no seu Plan de Benestar Emocional esta PD pretende, ademais, facilitar ao alumnado ferramentas para a súa resiliencia; e que mellor que facelo a través do dito: "quen canta os seus males espanta". a vertebradora a vida diaria de todos os seres humanos. Temos música asociada a casi cada acto vital. Reconocela, saber apreciála e poder implicarse nela, debe de ser inherente ó ser humano. É por elo, que debemos ensinala na Educación Primaria. Alén desta condición vertebradora, a música terá un papel fundamental para o desenvolvemento integral dos nenos e nenas. É por iso, que nos axudará como elemento de cohesión do currículo entre as diferentes materias e favorecerá a presenza de elementos transversais.

A PD preséntase como un proceso de reflexión individual do docente ante un proceso de ensino e aprendizaxe entorno a tres puntos: o que se planea (programación), o que se realiza (accións) e o que se avalía. Non obstante avalíanse os dous primeiros puntos deste esquema tripartito, tentando corrixir as posibles carencias do sistema, que tende así a retroalimentarse co fin último de conseguir un efectivo proceso de aprendizaxe.

## 2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Descubrir propostas artísticas musicais e dancísticas de diferentes xéneros, estilos, épocas e culturas, a través da recepción activa, para desenvolver a curiosidade, a sensibilidade, o pensamento crítico e o respecto pola diversidade.	1-5	3	1-2	1-3	3	1	2	1-2-3
OBX2 - Recoñecer os elementos básicos específicos da linguaxe musical, a través da percepción e da análise de diferentes fragmentos e obras, para chegar á comprensión das diferentes manifestacións culturais e artísticas.	1	1	4	3			3	2-4
OBX3 - Investigar sobre de diferentes manifestacións culturais e artísticas musicais e dancísticas e os seus contextos, empregando diversas canles, medios e técnicas, para gozar delas, entender o seu valor, así como desenvolver o pensamento e unha sensibilidade artística propia	3	3	2	1	4	1-3	1	1-2
OBX4 - Expresar e comunicar de maneira creativa ideas, sentimentos e emocións, experimentando coas posibilidades do son, do corpo e dos medios dixitais, para producir obras propias.	1-5			2-3	1-5	2	1-3	3-4
OBX5 - Participar do deseño, elaboración e difusión de producións culturais e artísticas musicais e dancísticas, tanto individuais coma colaborativas, poñendo en valor o proceso e asumindo diferentes roles na consecución dun resultado final, para desenvolver a creatividade, a noción de autoría e o sentido de pertenza.	1-5	3	3			2	1-3	3-4

### Descrición:

#### 3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	Benvida musical.	Comunicamos, expresamos, xogamos e representamos. Ritmo corporal, movemento e linguaxe.	11	4	X		
2	O outono chegou: o Samaín.	Instrumentos, o son, graffías musicais. Cantamos e xogamos co ritmo.	14	5	X		
3	O Nadal en Galicia.	Folclore galego. Escoitamos, cantamos e bailamos panxoliñas.	14	5	X		

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
4	O inverno	Calidades do son, elementos musicais. Comentamos audicións. Música para a paz.	11	4		X	
5	O triángulo máxico do entroido.	Profesións musicais, os instrumentos. Folclore galego.	10	3		X	
6	Rexurdimento musical.	Notas e grafías musicais. Creamos música. Discriminación auditiva.	12	4		X	
7	Os maios e as letras galegas.	O son, notas e grafías. Bailes musicais.	14	5			X
8	O verán e despedida.	Cantamos, bailamos e xogamos segundo a música.	14	5			X

### 3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	Benvida musical.	4

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Recoñecer propostas artísticas musicais de diferentes xéneros, estilos, épocas e culturas, a través da recepción activa e mostrando curiosidade por estas.	Recoñecer propostas artísticas musicais de diferentes xéneros e estilos, a través da recepción activa e mostrando curiosidade por estas.	TI	100
CA1.6 - Manifestar respecto na recepción de propostas artísticas musicais, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva.	Manifestar respecto na recepción de propostas artísticas musicais, interiorizando algunhas normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva.		
CA2.2 - Expresar con creatividade ideas, sentimentos e emocións a través de manifestacións artísticas musicais básicas, experimentando coas diferentes linguaxes e instrumentos ao seu alcance.	Expresar con creatividade ideas, sentimentos e emocións a través de manifestacións artísticas musicais básicas ao seu alcance.		
CA2.4 - Participar de maneira guiada no deseño de producións culturais e artísticas musicais, traballando de forma cooperativa na consecución dun resultado final planificado e asumindo diferentes roles, desde a igualdade e o respecto á diversidade.	Participar de maneira guiada no deseño de producións culturais e artísticas musicais, traballando de forma cooperativa na consecución dun resultado final planificado, desde a igualdade e o respecto á diversidade.		
CA2.6 - Compartir as experiencias creativas musicais, empregando estratexias comunicativas básicas e explicando o proceso e o resultado final obtido.	Compartir as experiencias creativas musicais, empregando estratexias comunicativas básicas e explicando o resultado final obtido.		
CA2.7 - Manifestar respecto na realización de actividades, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando actitude positiva e empática cara á expresión de ideas, sentimentos e emocións dos demais.	Manifestar respecto na realización de actividades, interiorizando algunhas das normas elementais de comportamento e mostrando actitude positiva cara á expresión de ideas, sentimentos e emocións dos demais.		

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
\*Material non específico: Estarán presentes nas aulas elementos do medio natural e sociocultural que favorezan o vínculo coa identidade do alumnado e creen un ambiente significativo, ademais de espertar o interese por explorar e experimentar cos elementos que as nenas e os nenos teñen ao seu dispor. Podemos clasificalo en natural (o que recolleemos no patio, nunha saída... como pedriñas, follas, piñas para decorar nas datas de Nadal...). E, material reciclado. Isto é material que daremos unha segunda vida reutilizándoo na aula para diferentes actividades lúdicas dentro da nosa clase de relixión (ademais traballamos o tema transversal de educ. para o consumo e a educación ambiental) Ex: vasos de iogur, tapas de botella, botellas de plástico pequenas, rolos de papel hixiénico... para que o alumnado, coa nosa revisión, sexa quen de elaborar sus propios xogos ou adornos.

\*Materiais diversos: que se utilizarán nas ocasións que así o requira o tema a traballar, para fomentar a motivación. Por exemplo: xornais, Kamishibai, láminas, fotografías,...

\*Recursos persoais ou humanos: Alumnado con ganas e ilusión por aprender, mestres colaboradores e familias ou visitas, axudarán no mellor aproveitamento de todas as posibilidades da nosa contorna.

\*Material funxible variado: lapis, goma de borrar, folios brancos, folios de cores, papel charol, papel de seda, papel pinocho, cartolinas, plásticos transparentes, ceras, rotuladores, plastilina, cola, pegamento, tesoiras,...



## 5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Ao comezo de curso preciso partir dos coñecementos previos que ten o meu alumnado e válome da avaliación inicial para determinar o nivel de coñecementos previos e o grao de desenvolvemento das competencias básicas en cada neno/a.

A avaliación inicial ao principio de cada curso, fareina con actividades lúdicas moi sinxeliñas, en concreto, con xogos de mesa e con actividades on line na PDI.tamén utilizando kahoot

Terá carácter informativo e será o referente para o desenvolvemento do currículo, así como para adoptar as medidas de apoio, reforzo en alumnado con necesidades de atención mais específicas, e de recuperación, que considere mais oportunas para cada alumno/a

E, ao comezo de cada Unidade Didáctica, aproveitarei para facer unha proba inicial para valorar os coñecementos previos dos que partimos, mediante diálogo e a través de preguntas abertas, aproveitando algunha actividade de presentación divertida e motivadora.

## 5.2. Criterios de cualificación e recuperación

### Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	Total
<b>Peso UD/ Tipo Ins.</b>	<b>14</b>	<b>14</b>	<b>18</b>	<b>14</b>	<b>14</b>	<b>14</b>	<b>12</b>	<b>100</b>
<b>Proba escrita</b>	31	0	0	25	0	33	27	<b>16</b>
<b>Táboa de indicadores</b>	69	100	100	75	100	67	73	<b>84</b>

### Criterios de cualificación:

A avaliación do proceso de aprendizaxe do alumnado será continua, formativa e integradora.

A Avaliación continua: levase a cabo día a día, tanto de maneira global, da marcha da clase, como individualizada, mediante os instrumentos: observación das actitudes dos alumnos/as, habilidades e destrezas adquiridas, traballo de clase, seguimento do caderno, e algunha proba obxectiva. Servirá para ver se acadan obxectivos e competencias previstos e ademais para comprobar se se segue co tema ou hai que retomar aspectos que non quedan claros

Os criterios de cualificación son os instrumentos que se utilizan para obter o resultado da cualificación do alumnado nunha determinada avaliación.

Estes instrumentos (que establecerei con escalas de observación, rexistros, rúbricas... segundo a consecución do logro de maior a menor grao) permitiranme recoller información relevante sobre os resultados de aprendizaxe e en base aos seguintes criterios de cualificación:

**INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN CRITERIOS DE CALIFICACIÓN:**

1. Grao de cumprimento dos criterios de avaliación das unidades....40%
2. Grao de participación das actividades realizadas----20%
3. O feito do que o alumnado remate as actividades previsatas.....20%
- 4- Interesase por facer as tarefas propostas.....10%
5. Revisión do traballo-----10%

O método de avaliación será o de avaliación continua,, como xa comentei con anterioridade, onde o alumno/a será avaliado constantemente. Desta avaliación xurdirán as diferentes cualificacións por trimestre e a final.

### Criterios de recuperación:

O alumnado que precise recuperar, recibirá os apoios necesarios para recuperar as aprendizaxes que non alcanzase con pautas que faciliten a recuperación e o progreso na aprendizaxe, con xogos mais manipulativos, actividades lúdicas na PDI, tablet, app da Biblia, miña aula virtual e blogue... con propostas sinxelas de reforzo... Tras aplicar as medidas ordinarias suficientes, adecuadas e personalizadas para atender o desfase curricular ou as dificultades de aprendizaxe do alumno ou alumna, antes de que finalice cada Ud., xa solicitarei axuda ao equipo de orientación do centro e ao titor/a do alumno/a para organizar un plan específico de reforzo para que, durante o resto de curso, poida alcanzar o grao de adquisición das competencias correspondentes.

## 6. Medidas de atención á diversidade

De forma xenérica, podemos dicir que no artigo 75 da LOMLOE se indica a necesidade de actuar baixo o prisma da inclusión e atención á diversidade en todos os ámbitos educativos.

Nesta etapa porase especial énfase na atención individualizada aos alumnos, na realización de diagnósticos precoces e no establecemento de mecanismos de apoio e reforzo para evitar a repetición escolar, particularmente en contornas socialmente desfavorecidas. Nas devanditas contornas as Administracións procederán a un axuste das cocientes(ratios) alumno/unidade como elemento favorecedor destas estratexias pedagóxicas.

O principio de heteroxeneidade comporta a existencia de distintos ritmos e niveis de aprendizaxe nunha mesma clase polo que o respecto e a atención á diversidade son fundamentais.

A finalidade de atender á diversidade é garantir un adecuado desenvolvemento do alumnado en función das súas necesidades educativas.

Ao comezo do curso realizaremos unha proba de avaliación inicial que nos permitirá detectar se temos alumnado con necesidades específicas de apoio educativo.

Dependendo do tipo de necesidades poderemos establecer distintas medidas de atención á diversidade como son o reforzo, o apoio ou a adaptación curricular que será deseñada especificamente para cada alumno en coordinación co titor/a, o departamento de orientación e o resto dos profesores que lle imparten clase.

Ao longo das unidades didácticas atenderase á diversidade de todo o alumnado propoñendo actividades non discriminatorias, métodos de carácter compensador, actividades variadas para os diferentes ritmos, instrumentos de avaliación flexibles, ou valores que inclúan a pluralidade do alumnado.

Plantéxanse actividades moi sinxelas, mais manipulativas e visuais para aquel alumnado que teña un ritmo de aprendizaxe máis lento ou que amose dificultades concretas nalgún contido. Tamén se propoñen actividades máis complexas para aquel alumnado que teña un maior ritmo de aprendizaxe ou que posúa aptitudes para ampliar certos contidos.

Para os alumnos con altas capacidades intelectuais ou unhas condicións extraordinarias para a materia facilitarase unhas actividades de ampliación, así como traballos voluntarios.

### 7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7
ET.1 - Tolerancia, respecto e compañerismo	X	X	X	X	X	X	X
ET.2 - Educación para a superación de desigualdades por razón de xénero...	X	X	X	X	X	X	X
ET.3 - Igualdade entre mulleres e homes	X	X	X	X	X	X	X
ET.4 - Comunicación audiovisual e TAC	X	X	X	X	X	X	X
ET.5 - Competencia dixital	X	X	X	X	X	X	X
ET.6 - Fomento da creatividade	X	X	X	X	X	X	X

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7
ET.7 - Educación para o respecto ao medio ambiente. Educación ambiental	X	X	X	X	X	X	X
ET.8 - Educación para a PAZ.	X	X	X	X	X	X	X
ET.9 - Comprensión da lectura	X	X	X	X	X	X	X
ET.10 - Expresión oral e escrita, positivas	X	X	X	X	X	X	X
ET.11 - Fomento do emprendemento	X	X	X	X	X	X	X
ET.12 - Fomento do espírito científico	X	X	X	X	X	X	X
ET.13 - Educación para o consumo responsable e o desenvolvemento sostible	X	X	X	X	X	X	X
ET.14 - Educación para a saúde, incluída a afectivo-sexual	X	X	X	X	X	X	X
ET.15 - Educación emocional e en valores	X	X	X	X	X	X	X
ET.16 - Educación para o emprego responsable do tempo libre e lecer		X	X	X	X	X	X

**Observacións:**

Para traballar interdisciplinarmente en todas e cada unha das unidades didácticas en beneficio dunha educación integral e sostible, no currículo LOMLOE destaco os seguintes ELEMENTOS TRANSVERSAIS que serán eixes vertebradores de todo o proceso de e-A:

- \* Educación para a superación de desigualdades por razón de xénero: Igualdade de dereitos e oportunidades entre ambos sexos.
- \* Igualdade entre mulleres e homes.
- \* Comunicación audiovisual e TIC e TAC: Formación para o aprendizaxe e a utilización das novas tecnoloxías da información e a comunicación.
- \* Competencia dixital
- \* O fomento da creatividade no alumnado
- \* Educación para o respecto ao medio ambiente. Educación ambiental
- \* Educación moral e para a PAZ. Durante o curso traballaremos o control da respiración e os momentos de silencio
- \* Comprensión da lectura. A comprensión lectora que faremos de xeito cooperativo, porque o esforzo en equipo, facilita máis éxitos individuais e favorece a igualdade de oportunidades.
- \* Expresión oral e escrita, positivas
- \* Se fomentará o espírito científico, e o emprendemento
- \* Educación para o consumo responsable e o desenvolvemento sostible
- \* Educación para a saúde, incluída a afectivo-sexual
- \* Educación emocional e en valores
- \* Educación para a utilización responsable do tempo libre e de lecer. Bo emprego do ocio e do tempo libre. Culturalidade

A área de Relixión Católica é en si unha educación en valores, polo tanto tamén inclúo neste apartado, porque considero importantes traballar en todas as unidades, valores fundamentais coma:

O respecto e compañeirismo, amizade, o amor, a alegría, o perdón, as familias, compartir, axudar, a caridade, a tolerancia, a interculturalidade....

## 7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Panxoliña con ás	Unha panxoliña para chegar aos maiores do xeriátrico da Guardia. As ás desta panxoliña chegaránnos co alumnado de 1º E.P ao xeriátrico da zona para aledar os corazóns dos maiores que alí residen	X		
Belén móbil	Material non decidido polo momento: Será material reciclado o que empreguemos como base para a elaboración deste Belén que irá por todas as aulas do colexio e á visita ao xeriátrico	X		
Lecturas felices no patio	Saídas ao patio que faremos con obxectivo de admirar a beleza do mundo que nos rodea e ler distintos textos		X	
Busca do tesouro da Semana Santa e Pascua	Prepararei unha busca do tesouro de momentos importantes da Semana Santa e Pascua que logo debemos ordenar, con premio para todos ao finalizar a sesión			X

**Observacións:**

A LOMLOE no artigo 5bis, di:

¿A educación non formal no marco dunha cultura da aprendizaxe ao longo da vida, comprenderá todas aquelas actividades, medios e ámbitos de educación que se desenvolven fóra da educación formal e que se dirixen a persoas de calquera idade con especial interese na infancia e a mocidade, que teñen valor educativo en si mesmos e foron organizados expresamente para satisfacer obxectivos educativos en diversos ámbitos da vida social tales como a capacitación persoal, promoción de valores comunitarios, animación sociocultural, participación social, mellora das condicións de vida, artística, tecnolóxica, lúdica ou deportiva, entre outros. Promoverase a articulación e complementariedade da educación formal e non formal co propósito de que esta contribúa á adquisición de competencias para un pleno desenvolvemento da personalidade?

As actividades complementarias que propoño serán experiencias de aprendizaxe emocionalmente positivas e divertidas, e, aplicaranse nun ambiente de afecto e confianza, para potenciar a súa autoestima e integración social e o establecemento dun apego seguro.

### 8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Metodoloxía empregada
Consigo que o alumnado traballe en equipo
Medidas de atención á diversidade
Utilizo medidas de atención á diversidade
Clima de traballo na aula
Tento facer clases amenas e motivadoras
Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais
Traballo en equipo con outros mestres/as
Implico as familias
Outros
Emprego de ferramentas TIC
Priorizo os valores cristiáns e procedementos, sobre os conceptos
Avalío constantemente miña propia práctica docente

#### Descrición:

##### PROCEDEMENTOS PARA AVALIAR

- \*Economía de fichas que traballen sobre os estándares definidos da unidade.
- \*Probos escritas que recollan os estándares de aprendizaxe.
- \*Produtos finais derivados de tarefas aplicadas en contexto real.
- \*Debuxos que representen aquilo que aprenderon.
- \*Diferentes ferramentas de auto e coavaliación do traballo realizado na aula.

## INDICADORES DE LOGRO

Os indicadores de logro marcan o grado de cumprimento do alumnado dun estándar de aprendizaxe e, en consecuencia dunha competencia específica

A normativa recolle que "o profesorado avaliará tanto as aprendizaxes do alumnado coma os procesos de ensino e a súa propia práctica docente, para o cal establecerá indicacións de logro nas programacións docentes" polo tanto ademais da avaliación do alumnado, neste apartado inclúo a avaliación do proceso de ensino-aprendizaxe e miña propia actuación como mestra de Relixión.

\* Avaliación da programación:

.Que porcentaxe do alumnado alcanzou os obxectivos e de aprendizaxe da unidade?

.Que é o que mellor funcionou nesta unidade?

.Que cambiaría no desenvolvemento da unidade o próximo curso? Por que?

\* Avaliación e análise da miña propia actuación, tendo en conta aspectos como a PROGRAMACIÓN en si, a adecuación de obxectivos e contidos, ou axuste ás características e intereses do alumnado, as medidas de atención á diversidade, os recursos e o uso que fixen das TIC, se os elementos transversais incluídos foron suficientes, como foi a organización e clima da aula, a interacción co resto da comunidade educativa e coas familias durante todo o curso. Será global, formativa e continua e, farase de xeito continuo a través da reflexión diaria sobre o traballo que se leve a cabo co alumnado e cos resultados obtidos; levarase a cabo en tres momentos: inicial para comprobar coñecementos previos e ou momento evolutivo do alumno/a. Continua ou formativa que se realiza durante o proceso e, obsérvanse e valóranse os progresos, dificultades e necesidades do alumno/a para axustar a intervención pedagóxica.

E, final ou sumativa ao concluír o proceso de E-A que me permitirá comprobar e valorar o grao de consecución dos obxectivos por parte do alumnado, a eficacia do traballo da propia práctica como docente e de todo o proceso en si.

Os procedementos e instrumentos de avaliación do aprendizaxe dos alumnos que usaremos son os seguintes:

\*Observación directa e sistemática : como xa comentei, con escalas de observación, rexistro anecdótico persoal, rúbricas, rexistro dos alumnos

en canto a esforzo, actitude, interese e participación.

\*Expresión oral de experiencias e contidos: diálogos, asembleas, postas en común, preguntas individuais e en grupo

\*Traballo na aula: análise da produción dos alumnos (plásticas, escritas, orais..) en,

\*Fichas de actividades e xogos de cada U.D.

\*Fichas- resumo ou de atención das unidades didácticas do trimestre

\*Pequenos traballos en gran ou en pequeno grupo

\*Traballo cooperativo

\*Manualidades, pasatempos

\*Xogos de mesa, de creatividade,

\*Actividades coas novas tecnoloxías: co ordenador, coa PDI, coas gafas virtual, co escornabot, na aula virtual...

Como xa comentei, para a avaliar empregarei diferentes técnicas, como pode ser observación directa ou sistemática e utilizarei instrumentos de recollida de datos coma fichas escritas de control, anecdotarios, escalas de estimación, entrevistas coas familias (se fose preciso). Tamén avaliarei a actitude do alumno/a perante a sesión. Non haberá exames como tales. As notas actualizaréinas no programa XADE cada trimestre.

En caso de ter un caso de NEE na aula, avaliarei segundo a súa ACI, sen impedir promocionar ao alumnado

En caso de NEAE, adaptaremos a avaliación a esas necesidades.

Con casos de alumnado con necesidades existe a posibilidade de facer axustes de rateos.

## 8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

### PROCEDEMENTOS DE SEGUIMENTO

Coa LOMLOE se establece que a avaliación será continua e global e que se deben establecer medidas de reforzo tan pronto como se detecten dificultades no proceso de E-A de cada alumno/a.

Ao ser unha avaliación continua: levase a cabo día a día, tanto de maneira global, da marcha da clase, como individualizada, mediante:

\* o seguimento a través da aplicación Proens, revisando os datos de cada UD: data de inicio e final, sesións previstas e sesións realizadas, grado de cumprimento, propostas xerais de mellora e outras observacións ; coa frecuencia que se acorde coa coordinadora de 2º ciclo de E.P.

\*e os instrumentos xa sinalados para cada Ud.: observación das actitudes dos alumnos/as, habilidades e destrezas adquiridas, traballo de clase, seguimento da economía de fichas ou do caderno, e probas obxectivas. Servirá para ver se van acadando os obxectivos e competencias previstos e ademais para que o mestre/a sepa se pode seguir avanzando ou ten que retomar aspectos que non quedaron demasiado claros.

A AVALIACIÓN do alumnado, se levará a cabo por parte do equipo docente de forma colexiada e nunha única sesión ao finalizar o curso. O resto, son parte do proceso de seguimento do progreso dos alumnos/as, isto é, avaliación continua que se fai cada trimestre do curso.

PROPOSTAS DE MELLORA de cara ao presente curso e de cara ao seguinte ano académico:

ADECUACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA

SI CASE SEMPRE CASE NUNCA NON PROPOSTAS DE MELLORA

\* Preparación da clase e dos materiais didácticos

- Hai coherencia entre a programación e o desenvolvemento das clases.

- Existe unha distribución temporal equilibrada.

- O desenvolvemento da clase adecúase ás características do grupo.

\* Utilización dunha metodoloxía adecuada e de distintos recursos, incluíndo diversos medios audiovisuais (TIC e TACs)

- A metodoloxía axústase ás necesidades e intereses do alumnado.

- A metodoloxía fomenta a motivación e o desenvolvemento das capacidades do alumno/a

- Faise uso de distintos recursos, incluíndo diversos medios audiovisuais e Tecnoloxías da aprendizaxe e Comunicación (TACs)

\* Regulación da práctica docente

-Grao de seguimento dos alumnos medio- alto .

- Validez dos recursos utilizados na clase para as aprendizaxes.

- Os criterios de promoción están acordados entre os profesores.

\* Avaliación das aprendizaxes e información que deles se lles dá ao alumnado e ás familias

- Os criterios para unha avaliación positiva atópanse vinculados aos obxectivos e aos contidos.

- Consecución dos alumnos dos estándares de aprendizaxe programados

- Os instrumentos de avaliación permiten rexistrar numerosas variables da aprendizaxe.

- Os criterios de cualificación están axustados á tipoloxía de actividades planificadas.

- Os aprendizaxes mínimos e os criterios de cualificación déronse a coñecer:

\* Aos alumnos.

\* Ás familias.

\* Utilización de medidas para a atención á diversidade

- Ofreceuse resposta ás diferentes capacidades e ritmos de aprendizaxe.

- As medidas e os recursos ofrecidos foron suficientes.

- Aplica medidas extraordinarias recomendadas polo equipo docente atendendo aos informes psicopedagóxicos.

## 9. Outros apartados



# PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

## Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
15023508	CEIP Plurilingüe Virxe do Mar	Narón	2024/2025

## Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación primaria	Relixión Evanxélica	3º Pri.	1	35

## Réxime

Réxime xeral-ordinario

<b>Contido</b>	<b>Páxina</b>
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	4
3.1. Relación de unidades didácticas	4
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	5
4.1. Concrecións metodolóxicas	9
4.2. Materiais e recursos didácticos	10
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	10
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	10
6. Medidas de atención á diversidade	11
7.1. Concreción dos elementos transversais	11
7.2. Actividades complementarias	12
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a práctica docente cos seus indicadores de logro	12
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	13
9. Outros apartados	13

## 1. Introducción

Na área de Educación Primaria Educación Relixiosa Evanxélica ten como obxectivo capacitar o alumnado a coñecer a fe evanxélica dende unha perspectiva bíblica, relacionar as súas vidas en situacións de coexistencia relixiosa e cultural e participación activa e responsable na sociedade da que forma parte. Con esta visión, a ensinanza relixiosa evanxélica adquire unha nova dimensión, onde non todo é restrinxido ao tanxible e temporal, senón que abre un camiño para a transcendencia e a eternidade. As respostas do alumnado nesta fase, comezan a ser sobre cuestións transcendentais que influirán fortemente o desenvolvemento global da persoa. A área de Relixión Evanxélica contribúe á formación integral do alumnado e ao desenvolvemento da súa personalidade. O perfil de saída é único e o mesmo para todos, a súa adquisición por parte do alumnado considerase indispensable para o seu desenvolvemento persoal, resolver situacións e problemas dos ámbitos da vida, crear novas oportunidades, desenvolver a participación no coidado do medio ambiente.

A programación estruturarase en seis bloques temáticos fundamentais:

1. A Biblia, a Palabra de Deus.
2. Xesús Cristo, o único mediador e exemplo a seguir.
3. A Igrexa, Pobo de Deus.
4. O mundo que Deus creou.
5. A familia.
6. O amor de Deus.

As unidades deben ser tratadas englobadas nestes seis bloques.

Para a valoración da consecución dos obxectivos previstos fórmulanse os correspondentes criterios de avaliación, que foron enunciados de maneira descritiva, e en cuxa formulación se tivo especial coidado para garantir que fan referencia en cada caso a algún dos obxectivos propostos. Non pode ser doutro xeito se recordamos que ambos adquiren relevancia en momentos distintos do proceso de aprendizaxe; os obxectivos ao formular a aprendizaxe que a alumnado debe adquirir e os criterios de avaliación na comprobación dese os alcanzou. Introdúcense os estándares de aprendizaxe avaliábeis concibidos como especificacións dos criterios de avaliación, e que concretan o que o alumnado debe saber, comprender e saber facer, propostos como unidades mínimas que deben guiar ao desenvolvemento da aprendizaxe do alumnado, ditos estándares serán modificados o máximo posible a LOMLOE.

En todos os elementos tivéronse en conta as competencias clave establecidas no ordenamento vixente co fin de que no ensino de relixión evanxélica, como no resto de disciplinas que aborda o alumnado de educación primaria, garántese un formulario no ensino e aprendizaxe que lle conduce a aplicar de forma integrada os contidos, co fin de realizar de maneira adecuada as actividades e resolver eficazmente problemas complexos. Non obstante, o formulario do ensino de relixión evanxélica supera o formulario curricular básico

no sentido de que inclúe, a orientación ao alumnado para que a partir do coñecemento e análise das ensinanzas bíblicas, e vana na procura de respostas válidas ás inquietudes que se lle formulan nas diversas áreas da súa existencia. Iso implica que obxectivos, competencias, criterios de avaliación e estándares de aprendizaxe avaliábeis se axustan da forma máis adecuada, aínda que os aspectos técnicos de desenvolvemento do currículo con outros aspectos antropolóxicos e teolóxicos que son propios desta materia.

Os principais obxectivos do ensino de Relixión Evanxélica son:

1. Tomar conciencia da existencia de Deus, o Ser Supremo, que está interesado en cada ser humano dunha forma persoal.
2. Identificar as orixes da liberdade e dignidade de todas as persoas nas relacións cos seus semellantes, como seres creados igualmente por Deus.
3. Apreciar a Biblia como o libro por medio do cal Deus revelou ao ser humano a súa vontade e propósitos para a humanidade.
4. Coñecer á persoa de Xesús, a súa vida, a súa obra e a súa mensaxe de salvación.
5. Valorar a vivencia das primeiras comunidades cristiás como modelo de expresión do amor fraterno e convivencia da familia da fe.
6. Analiza-las actitudes e valores dos personaxes bíblicos utilizando a información transmitida pola Biblia para iniciar a formación do seu propio sistema de valores.
7. Coñecer e valorar o seu corpo, creado por Deus, adoptando unha actitude responsable cara a si mesmo, sabendo usalo como instrumento de comunicación e relación adecuado cos demais seres humanos.
8. Respetar e valora-lo contorno natural como creación e manifestación do poder e amor de Deus.
9. Valorar a familia como mostra do amor de Deus, lugar onde desenvolver as súas responsabilidades e de adquisición das primeiras crenzas, examinando diversas familias da Biblia.
10. Expressar a súa relación con Deus e o seu coñecemento bíblico en situacións habituais da súa contorna.

## 2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Recoñecer e identificar a Biblia, como o libro, polo cal Deus se comunica co ser humano, mostrando respecto á Palabra de Deus para descubriremos distintos personaxes: exemplos, ensinos, condutas etc.	2-5	1		1	4-5	3	1	3
OBX2 - Coñecer e apreciar a persoa de Xesucristo e o seu amor por toda a humanidade; identificando nos Evanxeos aspectos esenciais das súas accións e ensinos para poñelos en práctica no seu día a día como expresión da fe e valores cristiáns.	2	3		2	2	1-3	3	1
OBX3 - Coñecer o amor de Deus, o Creador, que quere relacionarse coas persoas, identificando na Biblia a creación de todas as cousas e en particular do ser humano para participar no coidado da contorna natural e do propio corpo.	4		2-5	3	3	2-4	1	2-3
OBX4 - Recoñecer os valores cristiáns dentro da familia e a súa comunidade, diversas familias e contornas sociais da Biblia como o núcleo de convivencia da fe, para expresar e compartir o seu coñecemento bíblico en situacións da vida cotiá nas que participa.	1-3		1	3	1	1	3	4
OBX5 - Coñecer a etapa do Antigo Testamento, percibindo o plan de Deus, a través das virtudes e defectos dos personaxes bíblicos, para considerar o seu exemplo e entender o desenvolvemento do plan de salvación en favor das persoas.	5		3	1-5	3	1-3	1	2-4
OBX6 - Identificar as principais características da igrexa e do cristianismo; estudando no Novo Testamento os modelos de vivencia das primeiras comunidades cristiás; para expresar a súa relación con Deus e pór en práctica devanditos modelos.	3	2	4	1-4	1	2	3	3

### Descrición:

### 3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	Deus fálame nos seu libro	Nesta unidade veremos a importancia da Biblia para os cristiáns. Iniciarémonos na	15	4	X		

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	Deus fálame nos seu libro	búsqueda versículos bíblicos relevantes. Aprenderemos que a Biblia está dividida en dúas partes, que ten 66 libros e que cada libro ten capítulos e versículos.	15	4	X		
2	O príncipe de Exipto	Aprenderemos sobre a vida de Moisés e a súa familia. O propósito que Deus tivo para a súa vida como o dirixente da liberación da do pobo de Israel en Exipto. Tamén aprenderemos sobre a vida de Xosué e como axudou ao seu pobo.	10	4	X		
3	Celebramos o Nadal	Esta unidade céntrase en axudar aos alumnos e alumnas a comprender e valorar a persoa de Xesús a través do Nadal e dos acontecementos relacionados co seu nacemento, dende a anunciación ata a visita dos pastores e os sabios de Oriente.	10	4	X		
4	Xesús é o meu Heroe	Coñeceremos diferentes historias bíblicas de milagres que fixo Xesús: A pesca milagrosa, A alimentación dos 5000, Os dez leprosos, O paralítico sanado... Tamén as súas ensinanzas como a Regra de Ouro.	20	6		X	
5	Xesús resucitou	Recordaremos os feitos máis importantes dos últimos días de Xesús na Terra e faremos fincapé na súa resurrección.	15	6		X	
6	Dito e feito	Nesta unidade o alumnado comprenderá e valorará o amor de Deus, quen desexa ter unha estreita relación coas persoas. A través do estudo dos relato da Creación, descubrirán como Deus formou todas as cousas con propósito e dedicación dando un lugar especial ao ser humano.	15	5			X
7	A primeira familia	Coñecer a historia bíblica de Adán e Eva e os seus fillos, en especial o amor e corazón de Abel, quen ofrendou de corazón o mellor que tiña. Traballaremos tamén o papel da familia na actualidade.	15	6			X

### 3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	Deus fálame nos seu libro	4

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
-------------------------	------------------------	----	---

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA1.1 - Analizar diversos textos bíblicos que presentan as Escrituras, considerando a través de textos escritos como Deus se revelou ao ser humano, a súa vontade e propósitos para a humanidade.	Saber algún versículo de memoria.	TI	100
CA6.1. - Recoñecer a adoración como mostra de amor a Deus, diferenciando entre culto externo e a adoración de corazón.	Saber que cando oramos estamos adorando a Deus.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Relatos bíblicos onde se presenta a Xesús como Fillo de Deus.</li> <li>- O contido da Palabra de Deus é verdadeiro.</li> <li>- As Escrituras como medio polo cal Deus se revelou ao ser humano e deu a coñecer os seus propósitos para a humanidade.</li> <li>- Deus é misericordioso con todas as persoas.</li> </ul>

<b>UD</b>	<b>Título da UD</b>	<b>Duración</b>
2	O príncipe de Exipto	4

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA5.1. - Identificar quen e como é Deus, estudando os sinais e prodixios que atopamos na Biblia, realizados ao longo da historia do Pobo de Israel.	Saber que Deus é o noso Pai.	TI	100

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Deus quixo revelarse aos seres humanos e para iso fundou un Pobo.</li> <li>- Moisés, servo de Deus.</li> <li>- Xosué, a conquista da Terra Prometida.</li> </ul>

<b>UD</b>	<b>Título da UD</b>	<b>Duración</b>
3	Celebramos o Nadal	4

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
--------------------------------	-------------------------------	-----------	----------

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA1.1 - Analizar diversos textos bíblicos que presentan as Escrituras, considerando a través de textos escritos como Deus se revelou ao ser humano, a súa vontade e propósitos para a humanidade.	Saber algún versículo de memoria.	TI	100
CA2.1. - Comprender que Deus ten un propósito eterno de salvación para cada persoa descubrindo nas fontes bíblicas a persoa e obra de Xesús de Nazaret.	Valorar a vida e feitos de Xesús.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Relatos bíblicos onde se presenta a Xesús como Fillo de Deus.</li> <li>- Xesús, o Mesías anunciado.</li> <li>- Nacemento de Xesús, o verdadeiro motivo do Nadal.</li> <li>- A mensaxe do Evanxeo: devanditos de Xesús.</li> </ul>

<b>UD</b>	<b>Título da UD</b>	<b>Duración</b>
4	Xesús é o meu Heroe	6

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA2.1. - Comprender que Deus ten un propósito eterno de salvación para cada persoa descubrindo nas fontes bíblicas a persoa e obra de Xesús de Nazaret.	Valorar a vida e obra de Xesús.	TI	100
CA5.1. - Identificar quen e como é Deus, estudando os sinais e prodixios que atopamos na Biblia, realizados ao longo da historia do Pobo de Israel.	Saber que Deus é o noso pai.		
CA6.1. - Recoñecer a adoración como mostra de amor a Deus, diferenciando entre culto externo e a adoración de corazón.	Saber que cando oramos, estamos adorando a Deus.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- A mensaxe do Evanxeo: devanditos de Xesús.</li> <li>- Xesucristo o Señor. A súa vida e feitos milagrosos.</li> <li>- Actitudes que Xesucristo mostrou cara ás persoas marxinalizadas.</li> <li>- Xesús forma e encabeza a familia da fe.</li> </ul>

**Contidos**

- O amor ao próximo. A regra de ouro.

UD	Título da UD	Duración
5	Xesús resucitou	6

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.1. - Comprender que Deus ten un propósito eterno de salvación para cada persoa descubrindo nas fontes bíblicas a persoa e obra de Xesús de Nazaret.	Valorar o que Xesús fixo por nós na cruz.	TI	100

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

**Contidos**

- A última semana de Xesús antes de ir á cruz, feitos que rodearon a morte e resurrección de Xesús.
- A Pascua, e os sacrificios no Antigo Testamento. Xesús, o cordeiro de Deus.
- Xesús está vivo e pode vivir en nós.

UD	Título da UD	Duración
6	Dito e feito	5

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.1. - Mostrar accións que denotan coidado e respecto cara ás plantas e animais da súa contorna inmediata, preocupándose pola conservación do medio natural, así como polo propio corpo mediante unha alimentación saudable.	Amosar coidado pola natureza.	TI	100
CA4.1. - Expresar en situacións e contextos cotiás o seu coñecemento bíblico e elementos da súa relación con Deus e con outros cristiáns utilizando distintos códigos expresivos.	Dar grazas a Deus pola creación.		
CA6.1. - Recoñecer a adoración como mostra de amor a Deus, diferenciando entre culto externo e a adoración de corazón.	Saber que cando oramos, estamos adorando a Deus.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

**Contidos**



Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- A creación de Deus como mostra do seu amor ás persoas.</li> <li>- Deus creou ao ser humano ao seu xeito; responsabilidades do coidado do propio corpo.</li> <li>- Implicacións prácticas de recoñecer aos demais como creación de Deus, como a liberdade e dignidade das persoas.</li> <li>- Un día especial na semana para ir á igrexa e honrar a Deus desta maneira.</li> <li>- Deus é amor. Ámanos tal como somos.</li> </ul>

UD	Título da UD	Duración
7	A primeira familia	6

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA4.1. - Expresar en situacións e contextos cotiás o seu coñecemento bíblico e elementos da súa relación con Deus e con outros cristiáns utilizando distintos códigos expresivos.	Valorar á familia.	TI	100
CA6.1. - Recoñecer a adoración como mostra de amor a Deus, diferenciando entre culto externo e a adoración de corazón.	Dar grazas a Deus pola familia.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- A familia planeada por Deus. Modelo bíblico de familia.</li> <li>- A familia é amada por Xesús.</li> <li>- Personaxes das Escrituras que caracterizan actitudes e valores nas súas relacións coas demais persoas.</li> <li>- O exemplo de Abel como persoa que adorou e agradou a Deus.</li> <li>- O interese especial que ten Xesús polos nenos.</li> </ul>

#### 4.1. Concrecións metodolóxicas

A metodoloxía fundaméntase na atención personalizada do alumnado, nunha diversidade de actividades, estratexias, experiencias de aprendizaxe, desenvolvemento afectivo e cognitivo do alumnado, aprendizaxe individualizado e cooperativo, relación de aprendizaxe coa contorna, enfoque competencial orientado á acción, ao emprendemento e á aplicación dos saberes. Na aplicación práctica terase en conta que os alumnos aprenden cando participan en experiencias, sexan reais, simuladas ou ficticias. Neste sentido, ademais de propoñer os contidos e actitudes que se pretenden impartir, deseñaranse situacións que poñan en contacto os seus alumnos con personaxes bíblicos e con ricas situacións nas que poñer en práctica os principios do cristianismo evanxélico. Estas experiencias estarán orientadas cara ao desenvolvemento sostible do medio ambiente, o consumo responsable, os estilos de vida saudables, a inclusión, a igualdade de homes e mulleres, a educación para a paz...

A través das situacións de aprendizaxe intentarase o desenvolvemento de todas as capacidades: físicas, sociais,

afectivas, intelectuais. Levarase a cabo unha ensinanza individualizada segundo as características do alumnado. Fomentarase o traballo en pequeno grupo na medida do posible. Farase un uso prioritario da Biblia como recurso básico e esencial, incluíndo outros tipos de materiais impresos e dixitais O xogo será unha fundamental da metodoloxía a través de gamificacións, recunchos, cancións.

## 4.2. Materiais e recursos didácticos

### Denominación

\*Material específico: mesas, cadeiras, pizarra...

\*Material impreso: Biblias diversas, fichas, biografías, mapas...

\*Material tecnolóxico: ordenadores, pantallas...

\*Material prescindible: lapis, gomas, sacapuntas, pinturas, variedade de papeis, punzonadoras, plastilina, pegamento, tesoiras...

\*Material lúdico: xogos, xoguetes, pezas de construción...

## 5.1. Procedemento para a avaliación inicial

A avaliación inicial realizarase de maneira moi sinxela, utilizan recursos visuais e interactivos que permitan obter unha visión xeral dos coñecementos previos do alumnado. Esta avaliación levarase a cabo nos primeiros días do curso, cun enfoque dinámico que favoreza a expresión natural dos neno e nenas .

Ao comezo de cada unidade farase unha avaliación inicial de xeito lúdico, mediante diálogos, xogos... Esta avaliación realizarase mediante a observación do progreso da clase, a actitude do alumnado e a atención e interese mostrada.

## 5.2. Criterios de cualificación e recuperación

### Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	15	10	10	20	15	15	15	100
Táboa de indicadores	100	100	100	100	100	100	100	100

### Criterios de cualificación:

A avaliación será global, continua e formativa, levada a cabo de forma sistemática co obxectivo de ensinar ao alumnado e axudalo no seu desenvolvemento integral. O obxectivo principal será observar e avaliar o progreso de aprendizaxe e o grao de consecución dos obxectivos mediante os seguintes criterios de cualificación:

NOTA 1ª AVALIACIÓN: (NOTA UD 1+NOTA UD 2+NOTA UD 3) / 3

NOTA 2ª AVALIACIÓN: (NOTA UD 1+NOTA UD 2) / 2

NOTA 3ª AVALIACIÓN: (NOTA UD 1+NOTA UD 2) / 2

Para o cálculo da nota de cada unidade, utilizaranse as seguintes porcentaxes:

\*Realización do traballo diario: 40%

\*Esfuerzo, atención, interese, colaboración, compañerismo: 30%

\*Resultados das actividades orais e escritas: 30%

### Criterios de recuperación:

O alumnado que precise recuperar, recibirá os apoios necesarios para recuperar as aprendizaxes que non alcanzase con pautas que faciliten a recuperación e o progreso na aprendizaxe, con xogos mais manipulativos, actividades lúdicas e con propostas sinxelas de reforzo.

## 6. Medidas de atención á diversidade

Levarase a cabo unha atención individualizada do alumnado. Dependendo do tipo de necesidades estableceranse distintas medias como poden ser: reforzo, apoio e ampliación. Plantexaranse actividades mais sinxelas, manipulativas e visuais para os que teñen un ritmo mais lento e actividades mais complexas para o alumnado que ten maior ritmo.

\*Identificarase o tipo de dificultades que ten un alumno ou alumna.

\*Porase especial coidado en formar grupos heteroxéneos no traballo colaborativo que favoreza a inclusión.

\*Favorecer a aprendizaxe con materiais manipulativos que poidan facilitar o desenvolvemento do alumnado.

\* Fomentar a mellora do autoconcepto e a autoestima, aprendendo a reflexionar sobre si mesmos.

\*Adaptación dos tempos e instrumentos ou procedementos de avaliación.

\*Reforzar os logros, para motivar ao alumnado nas aprendizaxes.

### 7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7
ET.1 - ET.1- Educación para a paz	X	X	X	X	X	X	X
ET.2 - ET. 2- Educación para a igualdade de xénero	X	X	X	X	X	X	X
ET.3 - ET. 3- Educación para a saúde	X	X	X	X	X	X	X
ET.4 - ET. 4- Educación para o consumo responsable	X	X	X	X	X	X	X
ET.5 - ET. 5- Tolerancia, respecto e compañerismo	X	X	X	X	X	X	X
ET.6 - ET. 6- Educación emocional	X	X	X	X	X	X	X
ET.7 - ET. 7- Fomento da creatividade	X	X	X	X	X	X	X
ET.8 - ET. 8- Educación dixital	X	X	X	X	X	X	X
ET.9 - ET. 9- Educación para a solidariedade	X	X	X	X	X	X	X
ET.10 - ET. 10- Comprensión lectora	X	X	X	X	X	X	X
ET.11 - ET. 11- Expresión oral	X	X	X	X	X	X	X
ET.12 - ET. 12- Educación ambiental	X	X	X	X	X	X	X
ET.13 - ET. 13- Educación para a diversidade	X	X	X	X	X	X	X

## 7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
A nosa exposición sobre a Biblia	Elaboraremos unha exposición co motivo de que setembro é o mes da Biblia. Tamén elaboraremos diferentes contos para que podan ser leídos ou contados aos máis pequenos.	X		
Día da Reforma	Participación que teña que ver coa Reforma Protestante Martín Lutero	X		
Postais de Nadal	Elaboración de postais de Nadal e envío ás familias ou amigos.	X		
Conmemoracións	O alumnado participará nas actividades propostas dende a biblioteca escolar ou a equipa de normalización para festexar datas como: o día da muller, da paz, día das letras galegas, do medio ambiente...	X	X	X

### Observacións:

Ao longo do curso faremos varias actividades complementarias, sen prexuízo de que, poidan aparecer outras interesantes que se poidan levar a cabo. As actividades complementarias que propoño serán experiencias de aprendizaxe emocionalmente positivas e divertidas, e, aplicaranse nun ambiente de afecto e confianza, para potenciar a súa autoestima e integración social e o establecemento dun apego seguro.

## 8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
Elaboraremos unha exposición co motivo de que setembro é o mes da Biblia. Tamén elaboraremos diferentes contos para que podan ser leídos ou contados aos máis pequenos.
Metodoloxía empregada
Implantación de diversas estratexias metodolóxicas.
Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos
Distribución da aula e os materiais segundo as necesidades do alumnado.
Clima de traballo na aula
A nosa aula será un lugar onde os nenos e nenas veñan a pasalo ben, ademais de a aprender novos contidos, e tentaremos que sexa un lugar agradable e tranquilo.

### Descrición:

Os instrumentos utilizados para medir os indicadores serán a rúbrica de avaliación do proceso de ensinanza-aprendizaxe e da práctica docente que se aplicará despois de cada unidade didáctica. Ademais empregaremos outros instrumentos que nos permitan recoller información de forma global, continua e formativa coma o diario de aula e un portfolio.

## **8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora**

O seguemento da programación levarase a cabo a través da aplicación informática PROENS, de xeito que cada vez rematada unha unidade didáctica realizárase dito seguemento.

O seguemento das unidades didácticas, permitirá tomar decisións para a programación do vindeiro curso.

## **9. Outros apartados**